

Número 15 - Ano 2023

ACTA

da sesión ordinaria, en primeira convocatoria, celebrada polo Pleno do Excmo. Concello de Lugo o día

28 de decembro de 2023

No Salón de Sesións do Excmo. Concello de Lugo, ás dez horas e dez minutos do día vinte e oito de decembro de dous mil vinte e tres; baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ, reúnen os concelleiros e concelleiras DONA ELENA CANDIA LÓPEZ; DONA CRISTINA SANZ ARIAS; DON ENRIQUE ROZAS LÓPEZ; DON ANTONIO AMEIJIDE OSORIO; DON JAVIER VÁZQUEZ PRADO; DONA FLORA RUBINOS ROIS; DONA SILVIA COLMENERO GUZMÁN; DON RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ; DON AGUSTÍN GALLEGO VIGO; DONA AURORA AIDA GOÁS CASTRO; DON GUSTAVO ENRIQUE DÍAZ REY; DONA MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO; DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Ilmo. Tenente de Alcalde Delegado da Área de Transición Ecolóxica e Impulso Rural; DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Ilma. Sra. Tenenta de Alcalde da Área de Sostibilidade Urbana e Recursos Internos; DON MAURICIO VITORIO REPETTO MORBÁN, Ilmo. Tenente de Alcalde Delegado da Área Dinamización Económica; DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Ilma. Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cohesión Social; DON JORGE BUSTOS ATANASIO, Concelleiro Delegado de Xuventude e Deportes; DONA MARÍA OLGA LÓPEZ RACAMONDE, Concelleira Delegada de Benestar Social e Maiores; DON ÁNGEL PABLO PERMUY VILLANUEVA, Concelleiro Delegado de Economía e Recursos Humanos; DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, Ilmo. Tenente de Alcalde Delegado da Área Mobilidade e Infraestruturas Urbanas; DONA TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, Ilma. Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua; DON ALEXANDRE PENAS ROIBÁS, Concelleiro Delegado de Infraestruturas Urbanas; DONA MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ, Ilma. Tenenta de Alcalde da Área de Participación e Servizos para a Veciñanza; e DON FELIPE RIVAS JORGE, Concelleiro Delegado de Educación e Difusión do Coñecemento, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Excmo. Concello Pleno, en primeira convocatoria, conforme á correspondente orde do día.

Para os efectos de votación, faise constar que a Corporación municipal está formada por vinte e cinco concelleiros de feito e de dereito, incluída a presidenta.

Dá fe do acto o Secretario Xeral do Pleno en funcións, don Justo Díaz Rodríguez, e está presente o Interventor Xeral Municipal don Manuel Vázquez Fernández.

ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refº: ispac3914544122590250579.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 28-12-2023

A presente sesión foi convocada por resolución da alcaldía de data 22 de decembro de 2023 e notificada por secretaría aos membros da Corporación conforme ao seguinte ORDE DO DÍA:

A) PARTE RESOLUTIVA

CULTURA

1/154 RATIFICACIÓN DO DECRETO NÚMERO 6561/2023, DE DATA 24 DE XULLO DE 2023, RELATIVO Á PROPOSTA Á XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE PARA O SINLAMENTO DOS FESTIVOS LOCAIS DO ANO 2024.

FACENDA LOCAL

2/155 SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DE ESPECIAL INTERESE OU UTILIDADE MUNICIPAL DA CONSTRUCIÓN DE CUBERTA DE FOXA DE XURRO EXISTENTE EN EXPLOTACIÓN GANDEIRA DE BOVINO DE LEITE EN VENTOSIÑOS DE ARRIBA, PARROQUIA DE COESES.

INTERVENCIÓN

3/156 RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚMERO 24/2023.

4/157 ORZAMENTO XERAL MUNICIPAL 2024.

PROPOSICIÓNS

5/158 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, NÚMERO 325/2023 DE REXISTRO DE PLENO, DE CONDENA DO XENOCIDIO COMETIDO POR ISRAEL CONTRA A POBOACIÓN PALESTINA (Exp. 2023/G004/001078).

6/159 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 326/2023 DE REXISTRO DE PLENO, PARA O ABASTECIMENTO DE AUGA NAS PARROQUIAS DE ADAI, O VERAL E SANTA MARÍA ALTA (Exp. 2023/G004/001080).

7/160 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 327/2023 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A MODIFICACIÓN DA NORMATIVA E PLANEAMENTO URBANÍSTICO DO EIDO LOCAL EN RELACIÓN

COAS NORMAS DE HABITABILIDADE DE VIVENDAS DE GALICIA (Exp. 2023/G004/001081).

8/161 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 328/2023 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A GRATUIDADE DO TRANSPORTE URBANO PARA MENORES DE 21 ANOS, MAIORES DE 65 ANOS, PENSIONISTAS E PERSOAS CON ESCASOS RECURSOS (Exp. 2023/G004/001082).

9/162 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 329/2023 DE REXISTRO DE PLENO, PARA SOLICITAR UN PLAN DE SUPRESIÓN DE TAPÓNS URBANÍSTICOS (Exp. 2023/G004/001083).

B) PARTE DE INFORMACIÓN, IMPULSO E CONTROL

FACENDA LOCAL

10/163 DACION CONTA ELEVACION AUTOMÁTICA A DEFINITIVOS DOS ACORDOS NOS QUE SE APROBARON INICIALMENTE AS MODIFICACIÓNS DA ORDENANZA FISCAL XERAL, E ORDENANZAS FISCAIS NÚM. 103 ,107 ,200 ,201 , 203 , E ORDENANZA 405 REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA.

ACTAS E GOBERNO

11/164 DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS QUE OBRAN NO SERVIZO DE ACTAS E GOBERNO DENDE O DÍA 18 DE NOVEMBRO DE 2023, RECOLLIDOS NO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓNS (Exp. 2023/G004/001077).

INTERVENCIÓN

12/165 DACIÓN DE CONTA AO EXCMO. CONCELLO PLENO DO INFORME DEFINITIVO DE CONTROL FINANCEIRO DOS EXPEDIENTES DE GRATIFICACIÓNS OU HORAS EXTRAORDINARIAS DO EXERCICIO 2022.

13/166 DACIÓN DE CONTA AO EXCMO. CONCELLO PLENO DO INFORME DEFINITIVO DE CONTROL FINANCEIRO DOS PROCESOS DE ESTABILIZACIÓN DO EMPREGO TEMPORAL REGULADOS NA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO, DE MEDIDAS URXENTES PARA A REDUCCIÓN DA TEMPORALIDADE NO EMPREGO PÚBLICO DO EXERCICIO 2022.

ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refº: ispac3914544122590250579.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 28-12-2023

14/167 DACIÓN DE CONTA AO EXCMO. CONCELLO PLENO DO INFORME DEFINITIVO DE CONTROL FINANCEIRO DOS CONTRATOS MENORES VINCULADOS AO ARDE LUCUS E ÁS FESTAS DO SAN FROILÁN TRAMITADOS DURANTE O ANO 2022.

15/168 DACIÓN DE CONTA AO EXCMO. CONCELLO PLENO DO INFORME DEFINITIVO DE CONTROL FINANCEIRO DOS CONTRATOS MENORES VINCULADOS A PARQUES E XARDÍNS TRAMITADOS DURANTE O ANO 2022.

16/169 DACIÓN DE CONTA AO EXCMO. CONCELLO PLENO DO INFORME DEFINITIVO DE CONTROL FINANCEIRO DAS SANCIÓNS URBANÍSTICAS IMPOSTAS NO EXERCICIO 2022.

17/170 DACIÓN DE CONTA AO EXCMO. CONCELLO PLENO DO INFORME DEFINITIVO DE CONTROL FINANCEIRO DOS EXPEDIENTES RELATIVOS Á LIQUIDACIÓN DE TAXAS POR APROVEITAMENTOS ESPECIAIS DA VÍA PÚBLICA CON MESAS E CADEIRAS DO EXERCICIO 2022.

18/171 DACIÓN DE CONTA AO EXCMO. CONCELLO PLENO DO INFORME DEFINITIVO DE CONTROL FINANCEIRO DOS EXPEDIENTES DE COMPROBACIÓN DE AUTOLIQUIDACIÓNS PRESENTADAS NO EXERCICIO 2022.

19/172 DACIÓN DE CONTA AO EXCMO. CONCELLO PLENO DO INFORME DEFINITIVO DE AUDITORÍA DE CONTAS E DE CUMPRIMENTO SOBRE A ENTIDADE MERCANTIL EVISLUSA RELATIVA Á ACTIVIDADE ECONÓMICO-FINANCEIRA DO EXERCICIO 2022, ASÍ COMO DA VERIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS CONDICIÓNS DE EXECUCIÓN DO CONTRATO DE CONCESIÓN ADMINISTRATIVA DE TRES APARCADOIROS SUBTERRÁNEOS SITOS NA PRAZA DE SANTO DOMINGO, PRAZA DA CONSTITUCIÓN E PRAZA DO FERROL.

TESOURERÍA

20/173 DACIÓN DE CONTA AO PLENO DAS RESOLUCIÓNS DE TESOURERÍA DO MES DE NOVEMBRO 2023

C) ROGOS E PREGUNTAS

ROGOS:

A) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 331/2023 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A CREACIÓN DUN CONSELLO MUNICIPAL DO MAIOR E UNHA OFICINA DO MAIOR.

B) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 332/2023 DE REXISTRO DE PLENO, PARA REPARA A PISTA QUE CONECTA O LUGAR DE SEGADE NA PARROQUIA DE TEIXEIRO.

C) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 333/2023 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A GRATUIDADE E AXILIZACIÓN DOS TRÁMITES COMA O CERTIFICADO ACREDITATIVO DA PERCEPCIÓN DE PRESTACIÓNS SOCIAIS.

D) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 334/2023 DE REXISTRO DE PLENO, PARA MELLORAR A PUBLICIDADE E DIFUSIÓN DOS ACTOS CULTURAIAS NAS ÁREAS DE CULTURA E TURISMO.

PREGUNTAS:

A) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 335/2023 DE REXISTRO DE PLENO, SOBRE A FINALIZACIÓN DAS OBRAS DO AUDITORIO DE MAGOI.

B) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 336/2023 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN CO CARRIL BICI E O SEU TRAZADO E REGULACIÓN DE FUNCIONAMENTO.

C) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 337/2023 DE REXISTRO DE PLENO, RELATIVAS Á PARCELA PARA UN NOVO CENTRO DE SAÚDE NO BARRIO DO SAGRADO CORAZÓN.

D) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 338/2023 DE REXISTRO DE PLENO, SOBRE O INFORME DO COMITÉ CIENTÍFICO DA UNESCO SOBRE AS PISCINAS FLOTANTES NO RÍO MIÑO.

ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refº: ispac3914544122590250579.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 28-12-2023

Aberto o acto pola Presidencia e da súa orde, éntrase seguidamente no exame da orde do día, e adóptanse, en relación con ela, os seguintes ACORDOS:

A) PARTE RESOLUTIVA

CULTURA

1/154 RATIFICACIÓN DO DECRETO NÚMERO 6561/2023, DE DATA 24 DE XULLO DE 2023, RELATIVO Á PROPOSTA Á XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE PARA O SINLAMENTO DOS FESTIVOS LOCAIS DO ANO 2024.

Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1.- PROPOSTA do xefe do servizo de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, do 22 de novembro de 2023, conformado pola súa tenenta de alcaldesa delegada da área, do teor literal seguinte:

“Examinado o expediente tramitado para estes efectos e visto:

1.- Comunicación da Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade, de data 13.07.2023, en relación coa elaboración do calendario laboral para o ano 2024,

2.-Informe do Servizo de Cultura de data 24.07.2023.

3.- Decreto de Alcaldía núm. 6561/2023 de data 24.07.2023

Á vista do anteriormente exposto, propónse ao Excmo. Concello Pleno a ratificación do Decreto da Alcaldía núm. 6561/2023 de data 24/07/2023, que seguidamente se transcribe:

DECRETO

Ilma. Sra. Dona Lara Méndez López Alcaldesa Presidenta do Exmo. Concello de Lugo.

Instruído o expediente relativo ao sinalamento das festas locais para o ano 2024.

Vista a proposta do Servizo de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, obrante no expediente, do teor literal seguinte:

“Examinado o expediente de referencia e vista a comunicación da Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade, de data 13.07.2023, en relación coa elaboración do calendario laboral para o ano 2024, e tendo en conta que para a elaboración de dito calendario para esta provincia é preciso que este Concello sinala as festas de carácter local, compre informar o seguinte:

Tradicionalmente as festas locais deste Concello son o martes de Entroido e o día de San Froilán.

Á vista do prazo que sinala a Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade, enténdese que, como anos anteriores, procede a Resolución da Alcaldía sinalando como festas locais deste municipio o 13 de febreiro, martes de Entroido, e o 5 de outubro, San Froilán.

Procede someter a devandita Resolución á ratificación do Excmo. Concello Pleno. Por dito motivo, en virtude das atribucións que lle confiren á Alcaldía e á Xunta de Goberno Local os artigos 124 e 127 respectivamente da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e concordantes do Regulamento orgánico municipal do goberno, administración do Concello (ROMGA), PROPÓNSE para a súa aprobación pola tenente de alcaldesa titular da Área, mediante a correspondente resolución:

PRIMEIRO.- Propoñer á Xefatura Territorial de da Consellería de Emprego e Igualdade o sinalamento das seguintes datas como festas locais para o ano 2024:

- 13 de febreiro (martes de Entroido).

- 5 de outubro (San Froilán).

SEGUNDO.- Dar conta da presente resolución ao Excmo. Concello Pleno para a súa ratificación.

TERCEIRO.- Dar traslado deste acordo, o cal pon fin á vía administrativa, unha vez ratificado, ás partes interesadas así como ás dependencias municipais afectadas, coa indicación de que contra el caberá a interposición dos recursos correspondentes.

É canto procede informar.”

En virtude das atribucións que lle confiren á Alcaldía e á Xunta de Goberno Local os artigos 124 e 127 respectivamente da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e concordantes do Regulamento Orgánico Municipal do Goberno, administración do Concello (ROMGA),

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Propoñer á Xefatura Territorial de da Consellería de Emprego e Igualdade o sinalamento das seguintes datas como festas locais para o ano 2024:

- 13 de febreiro (martes de Entroido).

- 5 de outubro (San Froilán).

SEGUNDO.- Dar conta da presente resolución ao Excmo. Concello Pleno para a súa ratificación.

TERCEIRO.- Notificar a resolución unha vez ratificada, que pon fin á vía administrativa, ao interesado, coa indicación de que contra a mesma caberá interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso contencioso-administrativo, no prazo de DOUS MESES, contados dende o día seguinte ó da notificación do presente acto, ante o Xulgado de dita xurisdición de Lugo (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa), así como as demais accións legais que estime pertinentes.

- Malia o anterior, e con carácter previo, poderase interpoñer o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 123 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ante a Alcaldía / Xunta de

ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refº: ispac3914544122590250579.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 28-12-2023

Goberno (resolvendo a Alcaldía ou a Xunta de Goberno Local, segundo a atribución delegada) e no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ó da notificación do presente acto.

No caso de que se interpuxese o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do devandito recurso de reposición (artigo 123 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas).

Todo isto sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso ou reclamación que estime conveniente ó seu dereito.

Así mesmo, déaselle traslado ás dependencias e ós servizos municipais afectados. Cúmprase.”

2.- DITAME FAVORABLE da Comisión Permanente Ordinaria de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua e de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas emitido na sesión celebrada o día 21 de decembro de 2023.

Ao non suscitarse debate, sométese o asunto directamente a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- | | | |
|--------------------|----|--|
| - Votos a favor: | 25 | dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego. |
| - Votos en contra: | 0 | |
| - Abstencións: | 0 | |

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade, ACORDA:

RATIFICAR o Decreto da Alcaldía núm. 6561/2023 de data 24/07/2023, que seguidamente se transcribe:

“DECRETO

Ilma. Sra. Dona Lara Méndez López Alcaldesa Presidenta do Exmo. Concello de Lugo.

Instruído o expediente relativo ao sinalamento das festas locais para o ano 2024. Vista a proposta do Servizo de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, obrante no expediente, do teor literal seguinte:

“Examinado o expediente de referencia e vista a comunicación da Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade, de data 13.07.2023, en relación coa elaboración do calendario laboral para o ano 2024, e tendo en conta que para a

elaboración de dito calendario para esta provincia é preciso que este Concello sinala as festas de carácter local, compre informar o seguinte:

Tradicionalmente as festas locais deste Concello son o martes de Entroido e o día de San Froilán.

Á vista do prazo que sinala a Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade, enténdese que, como anos anteriores, procede a Resolución da Alcaldía sinalando como festas locais deste municipio o 13 de febreiro, martes de Entroido, e o 5 de outubro, San Froilán.

Procede someter a devandita Resolución á ratificación do Excmo. Concello Pleno. Por dito motivo, en virtude das atribucións que lle confiren á Alcaldía e a Xunta de Goberno Local os artigos 124 e 127 respectivamente da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e concordantes do Regulamento orgánico municipal do goberno, administración do Concello (ROMGA), PROPÓNSE para a súa aprobación pola tenente de alcaldesa titular da Área, mediante a correspondente resolución:

PRIMEIRO.- Propoñer á Xefatura Territorial de da Consellería de Emprego e Igualdade o sinalamento das seguintes datas como festas locais para o ano 2024:

- 13 de febreiro (martes de Entroido).*
- 5 de outubro (San Froilán).*

SEGUNDO.- Dar conta da presente resolución ao Excmo. Concello Pleno para a súa ratificación.

TERCEIRO.- Dar traslado deste acordo, o cal pon fin á vía administrativa, unha vez ratificado, ás partes interesadas así como ás dependencias municipais afectadas, coa indicación de que contra el caberá a interposición dos recursos correspondentes.

É canto procede informar.”

En virtude das atribucións que lle confiren á Alcaldía e a Xunta de Goberno Local os artigos 124 e 127 respectivamente da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e concordantes do Regulamento Orgánico Municipal do Goberno, administración do Concello (ROMGA),

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Propoñer á Xefatura Territorial de da Consellería de Emprego e Igualdade o sinalamento das seguintes datas como festas locais para o ano 2024:

- 13 de febreiro (martes de Entroido).
- 5 de outubro (San Froilán).

ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refº: ispac3914544122590250579.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 28-12-2023

SEGUNDO.- Dar conta da presente resolución ao Excmo. Concello Pleno para a súa ratificación.

TERCEIRO.- Notificar a resolución unha vez ratificada, que pon fin á vía administrativa, ao interesado, coa indicación de que contra a mesma caberá interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso contencioso-administrativo, no prazo de DOUS MESES, contados dende o día seguinte ó da notificación do presente acto, ante o Xulgado de dita xurisdición de Lugo (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa), así como as demais accións legais que estime pertinentes.

- Malia o anterior, e con carácter previo, poderase interpoñer o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 123 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ante a Alcaldía / Xunta de Goberno (resolvendo a Alcaldía ou a Xunta de Goberno Local, segundo a atribución delegada) e no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ó da notificación do presente acto.

No caso de que se interpuxese o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do devandito recurso de reposición (artigo 123 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas).

Todo isto sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso ou reclamación que estime conveniente ó seu dereito.

Así mesmo, déaselle traslado ás dependencias e ós servizos municipais afectados.

Cúmprase.”

FACENDA LOCAL

2/155 SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DE ESPECIAL INTERESE OU UTILIDADE MUNICIPAL DA CONSTRUCCIÓN DE CUBERTA DE FOXA DE XURRO EXISTENTE EN EXPLOTACIÓN GANDEIRA DE BOVINO DE LEITE EN VENTOSIÑOS DE ARRIBA, PARROQUIA DE COESES.

Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1.- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS, do 30 de novembro de 2023, do teor literal seguinte:

“ASUNTO: Solicitude de declaración de especial interese ou utilidade municipal da construción de cuberta de foxa de xurro existente en explotación gandeira de bovino de leite en Ventosiños de Arriba, parroquia de Coeses, presentada por Amadeo Lavandeira Aira

Con data de 27.05.2021, AMADEO LAVANDEIRA AGRA (NIF 33835528K) presenta escrito no que insta que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal as obras para construción de cuberta de foxa de xurro existente en explotación gandeira de bovino de leite en Ventosiños de Arriba, parroquia de Coeses, para a concesión da bonificación recollida na Ordenanza fiscal núm. 202, reguladora do Imposto sobre construcións, instalacións e obras. (exp. 2021/T028/000088).

Na data de 02.06.2021, AMADEO LAVANDEIRA AGRA (NIF 33835528K) solicita licenza de obras para construción de cuberta de foxa de xurro existente en explotación gandeira de bovino de leite en Ventosiños de Arriba, parroquia de Coeses (exp. 2021/Y001/000158).

Con data do 21.10.2021, requíreselle ao solicitante para que no prazo de 10 días subsane a falta na solicitude da documentación esixida pola Ordenanza fiscal núm. 202 (exp. 2021/T028/000088).

Con data do 28.10.2021 o interesado achega certificado actualizado da inscrición da explotación agraria con código REAGA G2702800697 (da que é titular o solicitante da licenza) no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia (REAGA), figurando de alta no mesmo (exp. 2021/T028/000088).

Por acordo da Xunta de Goberno Local núm. 5/373, de data de 29.06.2022, acórdase outorgar a licenza urbanística para construción de cuberta de foxa de xurro existente en explotación gandeira de bovino de leite no núcleo rural de Ventosiños de Arriba, parroquia de Coeses, na parcela con referencia catastral 27900A157001140000SB. A solicitude é formulada por AMADEO LAVANDEIRA AGRA (NIF 33835528K).

O parágrafo a) do artigo 103.2 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, establece que as ordenanzas fiscais poderán regular “a) Unha bonificación de ata o 95 por 100 a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración. Corresponderá a dita declaración ó Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple dos seus membros”.

Ó amparo da referida habilitación legal, o artigo 4ºbis.8 da Ordenanza fiscal núm. 202, reguladora do Imposto sobre construcións, instalacións e obras, establece:

“Establécese unha bonificación do 50% da cota do Imposto para as construcións, instalación e obras vinculadas con explotacións agrícolas, gandeiras e forestais,

ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refº: ispac3914544122590250579.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 28-12-2023

que sexan declaradas de “especial interese ou utilidade municipal” tales como establos, fosas sépticas, silos almacéns ou calquera outra, que serva a tales fins. En ningún caso se aplicará esta bonificación ás construcións, instalacións e obras de vivendas asociadas á explotación, xa se refiran tanto a novas construcións como ao mantemento das existentes.

Esta bonificación non terá carácter acumulativo.

A declaración de “especial interese ou utilidade municipal” corresponderá ó Pleno da Corporación por maioría simple. Para poder gozar desta bonificación, os suxeitos pasivos do Imposto poderán instar a solicitude de declaración de especial interese dentro do período comprendido dende a data da solicitude da licenza de obras ata a data de finalización do prazo de ingreso en período voluntario da liquidación provisional xirada en concepto de imposto sobre construcións, instalacións e obras.

A solicitude irá acompañada dun certificado actualizado da inscrición da explotación agraria no REGA (Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia), que se corresponda co solicitante da licenza de obras.

Presentada a solicitude e a correspondente documentación, e unha vez completado o expediente co informe do Servizo de Facenda Local, elevarase a correspondente proposta de acordo ao Pleno da Corporación. O acordo polo que se conceda ou denegue a declaración de especial interese ou utilidade municipal notificaráselle ao interesado. Unha vez outorgada polo Pleno a declaración de especial interese ou utilidade da construción, instalación ou obra, procederase á concesión da bonificación polo órgano competente. No momento da aprobación da preceptiva licenza de obras, procederase á aprobación da liquidación provisional resultante aplicando a bonificación concedida. Non obstante o anterior, se outorgada a licenza, aínda non se tivese efectuado a declaración de especial interese ou utilidade municipal instada en prazo polo suxeito pasivo, non se teña solicitado aínda esta, ou non se tivese concedido a bonificación, practicarase unha liquidación provisional conforme ao proxecto presentado ou a valoración efectuada polo Servizo de Arquitectura, procedéndose á devolución da parte que corresponda se posteriormente se outorgase polo Pleno a mencionada declaración e/ou se concedese a oportuna bonificación.”

Visto o informe de Facenda Local de data 30.03.2023, segundo o cal AMADEO LAVANDEIRA AGRA (NIF 33835528K) cumpre os requisitos esixidos no artigo 4ºbis.8 da Ordenanza Fiscal núm. 202 reguladora do Imposto sobre construcións, instalacións e obras, e dentro das potestades que a Lei outorga ós concellos para a declaración de interese ou utilidade municipal, propónselle ao Excmo. Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

ESTIMAR a solicitude formulada por AMADEO LAVANDEIRA AGRA (NIF 33835528K), procedendo á declaración da construción de cuberta de foxa de xurro existente en explotación gandeira de bovino de leite en Ventosiños de Arriba, parroquia de Coeses, como de especial interese ou utilidade municipal, en base ás argumentacións recollidas no informe do Servizo de Facenda Local, que se dan por reproducidas a efectos da súa motivación.”

2.- DITAME FAVORABLE da Comisión Especial de Contas e Ordinaria da Alcaldía e Sostibilidade Urbana e Recursos Internos, emitido na sesión celebrada o día 22 de decembro de 2023.

Ao non suscitarse debate, sométese o asunto directamente a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- **Votos a favor:** 25 dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Votos en contra:** 0
- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade, **ACORDA:**

ESTIMAR a solicitude formulada por DON AMADEO LAVANDEIRA AGRA (NIF 33835528K), procedendo á declaración da construción de cuberta de foxa de xurro existente en explotación gandeira de bovino de leite en Ventosiños de Arriba, parroquia de Coeses, como de especial interese ou utilidade municipal, en base ás argumentacións recollidas no informe do Servizo de Facenda Local, que se dan por reproducidas a efectos da súa motivación.

INTERVENCIÓN

3/156 RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚMERO 24/2023.

Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1.- PROPOSTA DA ALCALDESA PRESIDENTA, do 19 de decembro de 2023, do teor literal seguinte:

“IMPORTE TOTAL: 1.617,62€
IMPORTE BASE IMPOÑIBLE FACTURA: 1.569,47€
IVE DE CARÁCTER NON DEDUCIBLE: 48,15€
IVE DE CARÁCTER DEDUCIBLE (non orzamentario): 0,00 €
IMPORTE TOTAL imputado ao orzamento 2023: 1.617,62€

Durante o presente exercicio remitíronse por parte de diversos servizos municipais ao departamento de Contabilidade municipal, facturas devengadas e

ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refº: ispac3914544122590250579.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 28-12-2023

executadas en exercicios anteriores, que non foron imputadas ao respectivo orzamento, por importe total de **1.617,62€**

No presente exercicio procedeuse á verificación da existencia dos informes de conformidade preceptivos e esixibles para a tramitación do correspondente expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito, así como da habilitación do crédito polo órgano responsable da Contabilidade municipal.

Considerando a conformidade prestada polos responsables técnicos municipais, así como polos titulares das concellerías delegadas da Área ás mencionadas facturas corroborando así a efectiva execución dos servizos e subministracións.

Considerando igualmente a imputación orzamentaria das facturas con cargo ao estado de consignacións orzamentarias incluída no orzamento corporativo para o exercicio 2023, xuntándose as dilixencias estendidas pola responsable da Contabilidade municipal indicativas das referencias dos mandamentos contables RC asinados pola tesoureira municipal como responsable da Contabilidade municipal, acreditativos da existencia de crédito dispoñible, por importe total de **1.617,62€, contía imputable ao orzamento**, nas respectivas aplicacións presupostarias de imputación relacionadas, sen que tal circunstancia supoña ningún menoscabo na prestación dos servizos de natureza básica e esencial, asumindo como responsable da xestión orzamentaria que a imputación dos gastos relacionados con cargo aos créditos do orzamento vixente non causará ningún prexuízo nin limitación ningunha para a realización das atencións do exercicio corrente, e polo tanto, resulta posible a súa imputación sin minoración da calidade dos servizos e con coherencia respecto dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e regra de gasto.

Considerando finalmente o enriquecemento inxusto da Administración municipal como consecuencia da execución de gastos en beneficio dos intereses xerais, e atendendo á conformidade outorgada polos servizos técnicos municipais tanto ás cantidades, como ás calidades e prezos.

Logo de ver o informe emitido pola Intervención Xeral Municipal Ref. 2023/2016, do 18.12.2023 relativo ao expediente administrativo de recoñecemento extraxudicial de créditos 24-2023, coas consideracións nel contidas, esta alcaldía no uso das atribucións conferidas propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

PROPOSTA DE ACORDO

De conformidade co establecido no artigo 60.2 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, proponse a habilitación de crédito así como a aprobación da autorización, disposición do gasto, recoñecemento e liquidación das obrigas relacionadas no presente expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito das facturas relacionadas e con cargo ás aplicacións orzamentarias e mandamentos sinalados nas dilixencias respectivas de existencia de crédito e cuxo importe global suma a cantidade de **1.617,62 €**.

COD	PROVEDOR	N FACT	FFACT	CONCEPTO	APLIC	N OPER	IMP_BASE	IVE_NON_DED	TOTAL	AREA
-----	----------	--------	-------	----------	-------	--------	----------	-------------	-------	------

99921	VIAJES ALMAR SL B27176932	D229050-1	30/9/2022	BILLETE LISBOA-SAN VICENTE-LIS BOA DEL 06 AL 11 DE JULIO 2022 PARA LOPEZ RACAMOND/OLGA-NUEV O BILLETE SAN VICENTE-LISBOA P	23150.22699	202300077851	1.340,18	0,00	1.340,18	SOCIAIS
R022348/23	ESCAMILLAS PRADO SANTIAGO 33339403Y	11	14/2/2022	SINIESTRO 22K001744_REPARACIÓN R/FONTANEIRA	23150.21200	202300084502	175,00	36,75	211,75	SOCIAIS
R022349/23	ESCAMILLAS PRADO SANTIAGO 33339403Y	31	20/12/2021	SINIESTRO 21K014351_REPARACIÓN	23165.21200	202300084505	54,29	11,40	65,69	SOCIAIS
							1.569,47	48,15	1.617,62	

2.- DITAME FAVORABLE DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS E ORDINARIA DA ALCALDÍA E SOSTIBILIDADE URBANA E RECURSOS INTERNOS, emitido na sesión celebrada o día 22 de decembro de 2023.

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- **Votos a favor:** 13 dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Votos en contra:** 12 do Grupo Municipal do Partido Popular.
- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por maioría absoluta, **ACORDA:**

De conformidade co establecido no artigo 60.2 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, APROBAR a habilitación de crédito así como a aprobación da autorización, disposición do gasto, recoñecemento e liquidación das obrigas relacionadas no presente expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito das facturas relacionadas e con cargo ás aplicacións orzamentarias e mandamentos sinalados nas dilixencias respectivas de existencia de crédito e cuxo importe global suma a cantidade de **1.617,62 €**.

COD	PROVEDOR	N_FACT	FFACT	CONCEPTO	APLIC	N_OPER	IMP_BASE	IVE_NON_DED	TOTAL	ÁREA
99921	VIAJES ALMAR SL B27176932	D229050-1	30/9/2022	BILLETE LISBOA-SAN VICENTE-LIS BOA DEL 06 AL 11 DE JULIO 2022 PARA LOPEZ RACAMOND/OLGA-NUEV O BILLETE SAN VICENTE-LISBOA P	23150.22699	202300077851	1.340,18	0,00	1.340,18	SOCIAIS
R022348/23	ESCAMILLAS PRADO SANTIAGO 33339403Y	11	14/2/2022	SINIESTRO 22K001744_REPARACIÓN R/FONTANEIRA	23150.21200	202300084502	175,00	36,75	211,75	SOCIAIS
R022349/23	ESCAMILLAS PRADO SANTIAGO 33339403Y	31	20/12/2021	SINIESTRO 21K014351_REPARACIÓN	23165.21200	202300084505	54,29	11,40	65,69	SOCIAIS
							1.569,47	48,15	1.617,62	

DELIBERACIÓN

ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refº: ispac3914544122590250579.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 28-12-2023

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, pois iniciamos o debate plenario co portavoz do Goberno, co concelleiro de Economía. Cinco minutos.

- **ANGEL PABLO PERMUY VILLANUEVA:** Este punto refírese ao recoñecemento extraxudicial de crédito número 24/2023, que son tres facturas por un importe de 1616,62 euros.

Elévanse ao pleno para ser recoñecidas extraxudicialmente estas tres facturas que non foron imputadas ás respectivas aplicacións presupostarias dos orzamentos entón vixentes, 2021 e 2022.

Os gastos destes expedientes están relacionados con actividades propias do concello e as facturas correspóndense con compromisos a asumir por parte do mesmo e que pertencen, como xa dixen, a exercicios orzamentarios anteriores.

En todo caso, a imputación das mesmas no orzamento do ano 2023 non supón menoscabo algún nin limitación á execución dos gastos do presente orzamento, coherente cos criterios de estabilidade orzamentaria e regras de gasto.

Como digo, son tres facturas. A primeira delas, unha factura de "Viajes Almar", correspóndese co abono dun desprazamento da concelleira de Benestar e asistencia, dentro do obxectivo de implementar a axenda 2030 do eido local ao terceiro Foro de Cooperación Municipalista de Lusofonía e que foi organizado polo Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, do que forma parte este concello.

As outras dúas correspóndense con facturas con datas de decembro de 2021 e inicios sse 2022, pertencentes a dúas reparacións por filtracións de auga no Centro social Uxío Novoneyra e nunha vivenda social na rúa Fontaneira. Estas facturas foron inicialmente remitidas á compañía de Seguros Helvetia, en función da policía correspondente ao seguro de danos a bens mobles e inmobles, adxudicado a esa compañía. E, transcurrido certo tempo, a devandita compañía indicou que, segundo as condicións contratadas, correspondíalle o aboamento ao Concello, polo que, tras as oportunas comprobacións, produciuse o seu abono.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Por parte do Partido Popular. Cinco minutos, señora Carballas.

- **MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO:** Buenos días, gracias, alcaldesa. Lo primero quiero darle la bienvenida a los socios, voluntarios, simpatizantes de la protectora de animales y plantas de Lugo y demás vecinos que hoy nos acompañan.

La verdad es que si de mí dependiese os dedicaría toda mi intervención. Pero, bueno, no puedo, porque tengo que hablar de las facturas y me apagarían el micrófono.

Yo simplemente quiero decir una frase. Yo espero que hoy se haga justicia y se dé cumplimiento a la promesa más cruel que ha hecho este bigobierno del BNG y del PSOE en manos de la señora Méndez.

La protectora se merece unas instalacións dignas. Basta ya de mentiras y basta ya de mentir y de engañar.

Y, bueno, vamos a las facturas. Terminamos este último pleno del año 2023 como lo empezamos, con reconocimientos extrajudiciales de crédito. El año 2021 lo cerraban con el reconocimiento extrajudicial de crédito número 15; el año 2022 con el número 20, y en este año 2023, sorpresa, se llevan el premio: llegan al reconocimiento extrajudicial de crédito número 24.

Este reconocimiento, como dijo el señor Permuy, tiene tres facturas. La primera de ellas es una factura de "Viajes Almar" por un importe de 1340,18 euros, con el concepto de "Billete Lisboa-San Vicente Lisboa" del 6 al 11 de julio de 2022 para la compañera concejala del PSOE, la señora López Racamonde.

La verdad es que cuando vi la factura no sabía a qué evento, festival, concierto o congreso que hubiera en Lisboa del 6 al 11 de julio, ni cuántas personas fueron, porque por 1340,18 euros yo creo que algo más que un billete se paga. Que, a lo mejor, fue en el Falcon de su compañero del PSOE, el señor Sánchez, y de ahí la cantidad tan elevada. Que, bueno, que la verdad es que salir de Lugo no es fácil con las conexiones que tenemos. Seguramente la señora Racamonde tuvo que ir a Ourense a coger el AVE. De Ourense a lo mejor fue hasta Madrid o hasta Badajoz y de ahí a Lisboa. O a lo mejor trató de ir en avión y tuvo que hacer conexión con Bruselas y ya aprovechó para hablar con el señor Puigdemont y, claro, ahora entendemos el coste de los 1340,18 euros.

La verdad es que la cantidad es cuanto menos curiosa. Muchos lucenses con esa cantidad viven todo el mes y aun les sobra dinero para ahorrar.

Pero, bueno, yo no le iba a preguntar qué hacía allí. Ya nos lo aclaró el señor Permuy. Pero, bueno, ni lo sabía ni me interesaba. Pero yo insisto. Se hacen un viaje, por favor, páguenlo.

Es que ustedes llegan a tal punto que ni tan siquiera se preocupan de si pagan las facturas de los viajes que hacen. Que la factura es de septiembre del año 2022. De hace un año y tres meses.

Las otras dos facturas son de un trabajador autónomo. Una de ellas de hace dos años. De diciembre del año 2021 y la otra de febrero del año 2022. Es decir, de hace un año y 10 meses.

Son de unas reparaciones que se hicieron. Una en concreto de un piso social propiedad del Concello. Vamos, que ustedes, como veíamos en el pleno anterior, ni pagan las comunidades y ahora es que ni pagan los arreglos que hacen en los pisos. La verdad es que esto... Esto es como un huevo Kinder. En cada pleno ustedes nos traen una sorpresa nueva.

Y, nada, ustedes siguen dándole vueltas. Aquí, las fechas de registro de las facturas, de quién tenía que pagar la factura, la fecha de entrada, la fecha de llegada. Pero vuelvo a insistir, muchas veces hablan de unas fechas que yo no tengo aquí, y yo de lo que no tengo o no sé no puedo hablar. Yo ya les hice la

ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refª: ispac3914544122590250579.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 28-12-2023

petición de que me pongan la fecha en la que se registraron las facturas, pero a día de hoy sigo sin verlo aquí reflejado.

Muchas gracias.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Pois novamente quenda para o portavoz do goberno, o concelleiro de economía, señor Permuy.

- **ANGEL PABLO PERMUY VILLANUEVA:** Cando lle interesa, pide para ver a documentación e sempre se lle dá permiso para vela. Tena á súa disposición.

Segundo, ten un erro bastante grande. A viaxe non foi a Lisboa. Foi a Mindelo, en Cabo Verde, vía Lisboa. Vale? O billete de volta foi cancelado. A compañía "Viajes Almar" reclamou á compañía aérea o abono do billete novo que houbo que emitir e a compañía pasou. De aí que a entrada da factura, que tiña data inicial do 30 de setembro de 2022 chega ao Concello cando "Viajes Almar" considera que xa non pode recibir da compañía ese importe. E, repito, chega ao concello o día 26 de maio do 2023.

A partir dese momento, é certo que hai un pequeno retraso. A factura tramítase o día 14 de novembro e o día 17 xa estaba asinado pola tesoureira.

Respecto ás outras facturas que menciona, tamén se equivoca. Tamén se equivoca. Claro que é un autónomo que traballa para unha compañía de seguros que se chama Helvetia, que foi a que lle encargou os traballos a ese autónomo. Non foi o Concello. Non foi o Concello.

E o retraso de todos eses meses... O retraso de todos eses meses... En todo caso pode ser imputada á compañía de seguros que non nos informou ata o momento en que considerou que o informe do seu perito e o informe dos traballos realizados que esas filtracións non eran produto dun sinistro, senón dun tema de mantemento e que non estaban incluídos na póliza. No momento en que a compañía nos comunica iso. Por se lle interesa, o día 13 de novembro deste ano. 13 de novembro deste ano, é cando se inician os trámites para o aboamento destas facturas.

E repítolle. Non me traslade os problemas. Ten a información á súa discusión. Neste igual que noutros asuntos, só ten que solicitala e tena á súa disposición. Grazas.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, segunda quenda para a portavoz do Partido Popular, señora Carballas.

- **MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO:** Señor Premuy, yo no miento. Yo leo lo que pone aquí. Aquí pone "Billete Lisboa-San Vicente de Lisboa". A dónde fue después yo no lo puedo saber. Aquí es lo que me pone. Yo digo lo que ustedes me

ponen. Entonces... Y también me dice que pida las facturas. Sabe que cuando yo pido algo por registro tardan semanas o meses en dármelo.

Desde que ustedes me dan las facturas hasta que es el pleno transcurre una semana. ¿Cómo hago yo para tener esa información si tardan meses cuando me dan la información que les pido? No mienta usted o no trate de faltar a la verdad o no cambie de opinión.

Yo insisto, un año y tres meses para pagar una factura de un viaje, dos años para pagar una factura de un arreglo. Y, además que ¿sabe qué? Le voy a leer mi intervención de diciembre del año pasado y así verá que en este Concello todo sigue igual. Se la leo:

"En vez de escuchar a los lucenses parece que van en contra de ellos. Parece que no quieren que la gente trabaje. ¿De qué nos sirven que se gasten 44,5 millones de euros en fondos europeos cuando no son capaces de gestionar las facturas pendientes de pago? Tenemos la Fábrica de la Luz más cara de la historia que, paradójicamente, no fabrica nada.

Se gastan millones de euros para ser pioneros en la era tecnológica, pero seguimos con las pantallas de los museos estropeadas. Se van a gastar más de 10.000 euros por huerto en el edificio Impulso Verde, pero no son capaces de conseguir que las ventanas arqueológicas de Doctor Castro dejen de filtrar agua. Y así podría seguir con numerosos ejemplos, porque estamos terminando [en ese momento] el año 2022. Y seguimos con el Auditorio de Magoy cerrado. ¿Se han parado a pensar qué es lo que necesitan los lucenses?

¿Se han parado a escuchar si los lucenses quieren que se gasten más de 2 millones y medio de euros en el Edificio Impulso Verde o en un carril bici?"

Así terminaba mi intervención de diciembre del año pasado. Y, como ve, este año nada ha cambiado.

Yo les pido a todos que escuchen a los lucenses. Hoy, aquí, tiene la oportunidad. Por favor, escuchen a los lucenses. Muchas gracias.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Pois última quenda para o portavoz do Goberno, un minuto.

- **ANGEL PABLO PERMUY VILLANUEVA:** ... Dedicar un tema moi concreto para falar do que lle interesa e que non é un asunto do que estamos a debater.

San Vicente de Lisboa é o aeroporto de Cabo Verde. Non é Lisboa. Poderíase vostede enterar antes de preguntar, pórdeas unha vez máis o afán de debater no pleno determinados recoñecementos extraxudiciais que non son máis que un mero trámite, fai que non recaba información, que non se preocupe de mirar... O único que quere é ver negligencia no funcionamento do goberno municipal cando as circunstancias son totalmente diferentes.

ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refº: ispac3914544122590250579.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 28-12-2023

Como xa repetín, aboamos máis de 6.000 facturas. Xa llo dixen moitas veces. Cun importe de máis de 50 millóns. E uns prazos de pago cunha media que está por debaixo da media da Administración local e dentro dos límites que se marcan.

Siga vostede co mesmo. Somos moi malos traballando, pero despois os datos, que son moi cazarriños, pois fanlle ver, ou fannos ver a todos, que non son as cousas como di. E, por favor...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben. Moitas grazas. Finalizou a súa quenda. Pasamos entón á votación do mesmo.

4/157 ORZAMENTO XERAL MUNICIPAL 2024.

Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1.- PROPOSTA DA ALCALDÍA, do 19 de decembro de 2023, do teor literal seguinte:

“O proxecto do Orzamento Xeral Consolidado da Corporación para o ano 2024 ascende nivelado en ingresos e gastos a 121.855.425,00 euros e atende o cumprimento do principio de estabilidade nos termos previstos na Lei 2/2012, de Estabilidade Orzamentaria e sostenibilidade financeira, modificada pola Lei Orgánica 4/2012, e está integrado polos seguintes orzamentos:

- O da propia Corporación, que nivelado en ingresos e gastos ascende a 121.855.425,00 euros.
 - O da empresa EVISLUSA, que nivelado en ingresos e gastos ascende a 363.666,34 euros .
 - O Orzamento da propia Corporación distingue entre gastos e ingresos correntes, de capital e financeiros, en euros:
 - Gastos correntes:106.055.425,00 €
 - Ingresos correntes:108.115.705,00 €
 - Gastos de Capital:14.100.000,00 €
 - Ingresos de Capital:139.720,00 €
 - Gastos financeiros: 1.700.000,00 €
 - Ingresos financeiros:.....13.600.000,00 €
- O Orzamento da empresa EVISLUSA distingue entre:
- Gastos..... 363.666,34 €
 - Ingresos..... 363.666,34 €

Os estados de gastos e ingresos por Capítulos preséntanse segundo o seguinte resumo:

RESUMO POR CAPÍTULOS

ORZAMENTO DA PROPIA CORPORACIÓN (€)
ESTADO DE GASTOS

A) OPERACIÓNS CORRENTES

Capítulos:

1.- Gastos de persoal	36.053.232,00
2.- Gastos en bens correntes e servizos	63.591.538,62
3.- Gastos financeiros	67.000,00
4.- Transferencias correntes	5.943.654,38
5.- Fondo de Continxencia e outros imprevistos	400.000,00

B) OPERACIÓNS DE CAPITAL

Capítulos:

6.- Investimentos reais	9.768.276,00
7.- Transferencias de capital	4.331.724,00

C) OPERACIÓNS FINANCEIRAS

Capítulos:

8.- Activos financeiros	1.700.000,00
9.- Pasivos financeiros	00,00

TOTAL ORZAMENTO121.855.425,00

ESTADO DE INGRESOS

A) OPERACIÓNS CORRENTES

Capítulos:

1.- Impostos Directos	38.782.000,00
2.- Impostos Indirectos	5.414.030,00
3.- Taxas e outros ingresos	29.453.990,08
4.- Transferencias correntes	33.717.234,92
5.- Ingresos Patrimoniais	748.450,00

B) OPERACIÓNS DE CAPITAL

Capítulos:

6.- Alleamento de investimentos reais	0,00
7.- Transferencias de capital	139.720,00

C) OPERACIÓNS FINANCEIRAS

Capítulos:

8.- Activos financeiros	100.000,00
9.- Pasivos financeiros	13.500.000,00

TOTAL ORZAMENTO121.855.425,00

ORZAMENTO DA EMPRESA EVISLUSA (€)

A) GASTOS

- Aprovisionamentos (actividade)	0,00
- Gastos de Persoal	335.860,38
- Outros gastos de explotación (xerais)	27.805,96
TOTAL.....	363.666,34

B) INGRESOS

- De explotación (Actividades singulares)	0,00
- Outros ingresos explotación (Act. Ord.)	363.666,34
TOTAL.....	363.666,34

ORZAMENTO XERAL CONSOLIDADO
ESTADO DE GASTOS (€)

A) OPERACIÓNS CORRENTES

Capítulos:

1.- Gastos de persoal	36.389.092,38
2.- Gastos en bens correntes e servizos	63.619.344,58
3.- Gastos financeiros	67.000,00
4.- Transferencias correntes	5.579.988,04
5.- Fondo de Continxencia.....	400.000,00

B) OPERACIÓNS DE CAPITAL

Capítulos:

6.- Investimentos reais	9.768.276,00
7.- Transferencias de capital.....	4.331.724,00

C) OPERACIÓNS FINANCEIRAS

Capítulos:

8.- Activos financeiros	1.700.000,00
9.- Pasivos financeiros	00,00

TOTAL ORZAMENTO 121.855.425,00

ESTADO DE INGRESOS

A) OPERACIÓNS CORRENTES

Capítulos:

1.- Impostos Directos	38.782.000,00
2.- Impostos Indirectos	5.414.030,00
3.- Taxas e outros ingresos	29.453.990,08
4.- Transferencias correntes	33.717.234,92
5.- Ingresos Patrimoniais	748.450,00

B) OPERACIÓNS DE CAPITAL

Capítulos:

6.- Alleamento de investimentos reais	0,00
---	------

7.- Transferencias de capital139.720,00

C) OPERACIÓN FINANCEIRAS

Capítulos:

8.- Activos financeiros100.000,00

9.- Pasivos financeiros13.500.000,00

TOTAL ORZAMENTO 121.855.425,00

Así mesmo, inclúense as Bases de Execución que conteñen a adaptación das disposicións xerais en materia orzamentaria e fiscalizadora á organización e circunstancias da propia Entidade.

Ó Orzamento Xeral únense como anexos:

1º. Plan de Investimentos do 2024.

2º. Proposta da xerencia da sociedade mercantil do Programa anual de actuación, investimento e financiamento da empresa EVISLUSA.

3º. O estado de consolidación de tódolos orzamentos que integran o Xeral.

4º. Estado de previsión da débeda.

Ó Orzamento da propia Corporación únese como documentación complementaria:

- Memoria.
- Liquidación do Orzamento de 2022, resumida por capítulos.
- Avance da liquidación de 2023, resumida por capítulos en ingresos e gastos, referenciada a 30.09.2023.
- Anexo de persoal.
- Anexo de investimentos que se prevén realizar no exercicio, debidamente codificado.
- Informe económico-financeiro.
- Informe da Intervención Xeral.

Por todo o exposto, propónse a aprobación do Orzamento Xeral para o exercicio 2024, ao Excmo. Concello Pleno para a adopción dos seguintes acordos:

1º. Aprobar o Orzamento Xeral Consolidado para o exercicio 2024 que ascende nivelado en ingresos e gastos a **121.855.425,00** euros, e atende o cumprimento do principio de estabilidade nos termos previstos na Lei **2/2012**, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira; o Orzamento está integrado polo Orzamento da Propia Corporación que ascende a **121.855.425,00** euros nivelado en gastos e ingresos e o Orzamento da empresa EVISLUSA, que ascende nivelado en ingresos e gastos a **363.666,34** euros, cos estados de gastos e ingresos, segundo resumo anterior, e coa documentación anexa e complementaria á cal se fai referencia e que se une ó expediente.

2º Aprobar o cadro de persoal do Concello de Lugo, tanto de funcionarios como de laborais, segundo figura no expediente confeccionado para o efecto polo servizo de Persoal.

ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refº: ispac3914544122590250579.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 28-12-2023

3º. Aprobar as Bases de Execución do Orzamento Xeral 2024, segundo consta en documento anexo ao expediente.”

2.- INFORME DE INTERVENCIÓN, do 17 de decembro de 2023, que figura no expediente.

3.- ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, adoptado na sesión celebrada o día 19 de decembro de 2023, polo que se aproba o proxecto de orzamento xeral para o ano 2024.

4.- DITAME FAVORABLE da Comisión Especial de Contas e Ordinaria da Alcaldía e Sostibilidade Urbana e Recursos Internos, emitido na sesión celebrada o día 22 de decembro.

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- **Votos a favor:** 13 dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Votos en contra:** 12 do Grupo Municipal do Partido Popular.
- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por maioría absoluta, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar o Orzamento Xeral Consolidado para o exercicio 2024 que ascende nivelado en ingresos e gastos a **121.855.425,00** euros, e atende o cumprimento do principio de estabilidade nos termos previstos na Lei **2/2012**, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira; o Orzamento está integrado polo Orzamento da Propia Corporación que ascende a **121.855.425,00** euros nivelado en gastos e ingresos e o Orzamento da empresa EVISLUSA, que ascende nivelado en ingresos e gastos a **363.666,34** euros, cos estados de gastos e ingresos, segundo resumo anterior, e coa documentación anexa e complementaria á cal se fai referencia e que se une ó expediente.

SEGUNDO.- Aprobar o cadro de persoal do Concello de Lugo, tanto de funcionarios como de laborais, segundo figura no expediente confeccionado para o efecto polo servizo de Persoal.

TERCEIRO.- Aprobar as Bases de Execución do Orzamento Xeral 2024, segundo consta en documento anexo ao expediente.

DELIBERACIÓN

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** ... Moi ben, tal e como agardamos na Xunta de Portavoces, incrementamos un minuto ao primeiro tempo de intervención. Así que, tendo seis minutos ten a quenda de palabra o concelleiro de Economía, o señor Permuy.

- **ANGEL PABLO PERMUY VILLANUEVA:** Moitas grazas, alcaldesa. Este proxecto de orzamento xeral consolidado para o ano 2024 atende ao cumprimento do principio de estabilidade nos termos previstos na lei 2/2012 de Estabilidade orzamentaria á sostenibilidade financeira, modificada pola Lei Orgánica 4/2012. Nel está integrado o orzamento da propia corporación, que nivelado en ingresos e gastos ascende a 121.855.425 euros e o da empresa EVISLUSA, que ascende a 363.666,34 euros.

O orzamento distingue entre gastos e ingresos correntes de capital e financeiros. Os gastos correntes de máis de 106 millóns de euros e uns ingresos correntes por riba dos 108 millóns de euros.

Os gastos de capital sobrepasan os 14 millóns e os ingresos de capital están nuns 130.000 euros. Os gastos financeiros son un 1.700.000 e os ingresos financeiros ascenden a máis 13,5 millóns de euros.

Os estados de gastos ingresos por capítulos preséntanse no seguinte resumo: En gastos as operacións correntes alcanzan un total de 106.055.425 euros; as operacións de capital, 14.100.000, e as operacións financeiras, 1.700.000.

No caso dos ingresos, as operacións correntes suman un total de 108.255.425 euros. As operacións de capital por un total de 139.720, e as operacións financeiras por un total de 13.600.000.

Este importe total do orzamento supón un 3,27% de incremento respecto ao do ano pasado.

Segundo isto, pódense destacar uns cantos datos. Respecto dos ingresos, os impostos directos acadan un incremento de case un 2% respecto a 2023, mentres que nos indirectos o incremento é de máis do 10%. Aquí cómpre sinalar que os correspondentes á Xunta non crecen nesa mesma porcentaxe: servizo de Axuda no Fogar, canon da auga, etc.

Polo que atinxe ás taxas, prezos públicos e outros ingresos, os incrementos respecto do exercicio anterior acadan un 7,79%. No capítulo 4 de ingresos sofre un pequeno incremento 1,17 derivado de aportacións externas para diferentes proxectos e convenios.

E finalizada a aportación da estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible e integrado, o proxecto EDUSI dos fondos FEDER, no capítulo 7, quedan os cofinanciamento dos fondos Next Generation.

Respecto dos gastos, cómpre dicir que os do capítulo de persoal, de máis de 36 millóns son case o 30% do total, baseado na aplicación dos incrementos salariais

ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refº: ispac3914544122590250579.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 28-12-2023

para o 2024, así como os créditos destinados a contratacións temporais, proxectos vixentes e outros previstos.

O gasto en bens correntes e servizos por riba dos 63 millóns e medio sobrepasa o 52% cun incremento similar ao do total do orzamento en equilibrio coas previsións de ingresos correntes.

Inclúense servizos como a recollida de lixo, limpeza, redacción de proxectos como pode ser o dato da protectora, etc.

En canto ao capítulo terceiro de gastos financeiros ou xuros de expedientes de recadación ou administrativos, quédanse só en 67.000 euros [...] de débeda financeira a 31 de decembro.

No capítulo 4 de transferencias correntes, case 6 millóns, consígnanse os gastos relativos a convenios e subvencións a entidades e a estimación relativa á modificación do contrato do Servizo público de transporte regular de viaxeiros.

No capítulo quinto, o fondo de continxencia ascende a 400.000 euros para a cobertura dos gastos non previstos.

En relación co capítulo 8, incluírase 1.600.000 euros para facer fronte o compromiso de gasto derivado do proxecto Lugo Transforma como promotor do fondo de capital risco participado polo Concello de Lugo.

Por último, o importe dos investimentos reais ascende a 9.768.276 euros. E se lle engadimos as transferencias de capital chegaríamos a unha cifra de máis de 14 millóns, que é case o 12% do orzamento.

Estes investimentos incidirán de forma particular na mellora da mobilidade, na modernización das comunicacións urbanas, na reactivación da economía mediante a innovación, a sostibilidade e as novas tecnoloxías. E sempre dentro dos eixos e obxectivos incluídos no Plan de Acción de Axenda Urbana de Lugo 2030, no que segue, cómpre sinalar algunhas das actuacións.

Resérvanse máis de 2,5 millóns de euros para melloras, peonalizacións e humanizacións en prol dunha mobilidade máis cómoda, acorde co modelo da cidade.

A ponte romana recibe 150.000 euros para a solución definitiva dos danos detectados na estrutura.

Tamén resérvanse 3,5 millóns para a parte de financiamento que corresponde ao Concello no proxecto de execución da estación intermodal.

Millón e medio de euros irán para outros proxectos xa planificados, como pode ser o da obra na contorna do río Rato que executará a Confederación Hidrográfica.

Investiranse 1.202.990 euros para mellorar zonas verdes de espaxamento e 1.411.356 na conclusión dos catro proxectos previstos dentro da estratexia do Corazón Verde.

Contéplase partidas de 230.450 euros para o inicio da intervención no Pazo de Dona Urraca, de 210.900 en expropiacións para a supresión de varios tapóns urbanísticos e 330.630 para finalizar a expropiación que permitirá unir o cinto verde di Miño co Rato.

O ámbito rural contará cunha cuantía de 513.055 euros para a mellora das súas infraestruturas. E incorpóranse asemade outros 350.000 euros para investimentos en deportes.

Para mellorar o abastecemento e o saneamento da zona norte figuran outros 434.000. Tamén figura unha partida de 180.000 euros para a mellora no cemiterio municipal que inclúe o novo cemiterio de mascotas e ademais 145.000 euros para melloras na praza de Abastos.

539.100 euros están destinados para equipamentos tecnolóxicos e materiais para os servizos de emerxencia de Policía Local e Bombeiros.

157.000 euros para melloras en dependencias, entre elas os edificios de servizos sociais e no fogar do Transeúnte, a Biblioteca do Centro Interxeracional Paco Martín.

E por último, 60.000 euros para obras de accesibilidade.

Manteránse os gastos destinados ao Arde Lucus, ás festas de San Froilán e ao Caudal Fest, e cunha de 600.000 euros para acometer unha ampla programación cultural.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben. Moitas grazas. Finalizou a súa primeira quenda. Quenda agora para o portavoz, concelleiro de Infraestruturas, señor Arroxo.

- **RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ:** Vale, moi bo día, grazas. Moi bo día tamén ás persoas que están hoxe asistindo a este pleno municipal.

Antes de comezar quixera lembrarme das traballadoras da limpeza porque hoxe, pois neste momento están a negociar coa patronal. Esperemos que cheguen a un bo acordo, porque levan dous meses e medio en folga, loitando simplemente por ter unhas condicións de salario digno. Entón, esperemos que hoxe por fin poida finalizar esta dura situación.

Ben, temos neste pleno para aprobar un proxecto orzamentario que vai ser o orzamento do 2024, que leva por diante moitos proxectos e moitas ideas que se van executar ao longo do ano que vén.

Que ten dúas liñas. Eu fundamentaría en que ten dúas liñas, unha parte que dá continuidade a proxectos, a traballos, que se estiveron a facer durante estes últimos anos e outra parte que leva por diante retos aos novos tempos que nos toca vivir.

Uns orzamentos que buscan seguir fortalecendo os puntos fortes que temos no noso concello, pero tamén mellorar e corrixir aquelas feblezas que tamén nos afectan.

Sabemos todas e todos que non son momentos sinxelos. A inflación está a afectar a todas as persoas, a tódalas familias e a tódalas empresas, e as administracións, evidentemente, tamén a están a sufrir. Polo tanto, pois tamén inflúen nos recursos que temos para este ano dentro das arcas municipais.

Dicía que estes orzamentos teñen dúas liñas. Unha parte que continúa co traballo... Cun traballo no que poderíamos falar dalgunhas cuestións como son a creación de máis espazo público, de máis espazos peonís, de máis espazo para uso da veciñanza, vendo ademais que moitos deles que finalizaron nestes últimos tempos, pois permitiron un impulso importante para a nosa cidade. Podemos falar cos exemplos, como foi o barrio de Recatelo, que hoxe en día está a impulsar tanto económica como socialmente ou outros puntos da nosa cidade, que unha vez recuperado o espazo público para as persoas, pois tamén se acabe recuperando a nivel social.

Un proxecto que tamén leva seguir continuando no traballo de coidar as rúas, de recuperalas, de facelas moito máis accesibles, ou de devolver a propia natureza ao espazo público.

Vimos exemplos neste ano de 2023 con intervencións que eu creo que poden ser modelo, como a rúa Gallego Tato, coma a rúa Aquilino Iglesia Alvariño. E tamén veremos intervencións deste deste tipo no carril dos Loureiros, onde tamén irá unha intervención que vai permitir non só peonalizar, senón devolver a natureza á propia rúa.

Seguiremos traballando para que as crianzas poidan seguir avanzando, recuperando o poder volver aos seus colexios, aos seus centros escolares a pé. Estívose a facer co calmado do tráfico nos entornos escolares. Vaise seguir mellorando a seguridade e vaise seguir a potenciar ese proxecto de vieiros escolares, para que poidan continuar indo aos seus centros de ensino a pé, reducindo o tráfico, levando adiante hábitos saudables. Lembremos que a propia Organización Mundial da Saúde recomenda dar 10.000 pasos diarios. É algo que se debe educar dende a infancia e, polo tanto, imos seguir con esa serie de proxectos.

Estes orzamentos tamén levan adiante a programación dunha actividade cultural que a día de hoxe está a ser referente por entes culturais de toda Galicia. Hoxe en día Lugo está sendo referente en programación cultural pola súa continuidade, pola súa diversidade e polo alcance aos diversos públicos aos que ten. E, polo tanto, neste 2024 queremos dar un paso máis, pero, sobre todo, seguir nesa liña.

Continuar mellorando cuestións como é o alumeado público, como é o mobiliario urbano... Con respecto ao alumeado público, dicir que se está conseguindo aforrar moita enerxía. Iso ao final ten un aforro medioambiental, pero tamén un aforro económico para as arcas do Concello, e que ademais se está a conseguir coa substitución do alumeado antigo por leed que as rúas estean moito mellor iluminadas, eliminando tamén esas zonas de sombra.

Seguirase tamén apostando pola praza de Abastos ou polo mercado municipal. E tamén ten unha parte que resolve problemas necesarios, como é a renovación do muro da rúa Frei Plácido Rei Lemos, que agora mesmo está apuntalado despois de facerlle seguimento durante moitos anos das grietas que se estaban a ter. Vaise renovar. Ou tamén os danos que provocaron as riadas do inverno pasado na ponte romana. E por iso tamén vai unha partida para recuperar un elemento que é BIC, e que é patrimonio da nosa cidade. E despois van tamén proxectos adaptados a

novos tempos, algún deles como é ese cemiterio de mascotas, que ademáis é algo moi demandado, porque está a ser demandado en moitas cidades. Hoxe en día en Lugo hai máis cans que nenos menores de doce anos e ao final é unha necesidade o que se fai cando falecen.

Novos estudos de mobilidade, novos estudos para o tráfico. En concreto, pois algúns que xa se faloron hai uns meses como a posibilidade de crear unha rotonda na fonte dos Ranchos ou a posibilidade da peonalización da fronte norte da muralla. Que habería que facer para levar adiante este proxecto agora que está peonalizado por todo o que é a fronte sur.

Polo tanto, como dicía antes, evidentemente en seis minutos non dá tempo a resumir tódalas contías que aquí van, pero son uns orzamentos que dan pé a continuar con eses proxectos que xa estaban iniciados, pero que dan pé tamén a levar adiante proxectos novos aos novos retos que imos vivir nos vindeiros anos.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Por parte do Partido Popular, señora Candia, seis minutos.

- **MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ:** Bo día a todos e a todas. Moitas grazas. Eu tamén saúdo a todas as persoas que nos acompañan hoxe. Sen dúbida, nun dos debates plenarios máis importantes para a cidade que é onde se deciden a que se van destinar os recursos públicos.

Como puideeron escoitar, parece que son dous orzamentos totalmente distintos. Por parte do Partido Socialista, nada en abundancia, dicindo do que presumen, agora explicareille do que carecen.

Sorprendida tamén pola intervención do señor Arroxo, que se algo ten que resumir a súa intervención, parece que lle preocupan máis os animais unha vez que falecen. Si recolle un cemiterio. E non cando están vivos. Sinceramente, fai moito pensar. Fai moito pensar. Dito iso, por favor, dito iso, tampouco pensan nas persoas...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Señora Candia, por favor prérgolles que non fagan manifestacións públicas porque non se poden facer, tal e como recolle o propio regulamento do Pleno, e que colaboren para que se poida celebrar con normalidade.

- **MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ:** Dito iso, porque certamente neste contexto, no contexto que está a vivir a protectora, é unha auténtica provocación, tanto as fotos como estas manifestacións. Entendo, por suposto, e súpome á indignación. Pero tampouco pensan nas persoas, moito máis preocupados do formigón e, por suposto, facendo unha alusión á situación económica difícil que viven as familias,

ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refª: ispac3914544122590250579.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 28-12-2023

pois nos orzamentos non se reflicten. Non sei se vostede leu, señor Arroxo, pero se unha partida que medra dunha maneira absolutamente insultante é a recadación en multas. E o problema non é que medre, o problema é que os cidadáns o sofren. E, de feito, estanse facendo vídeos virais polo acoso que están sentindo moitos lucenses, ou revisando actividades económicas cando se presumiu que no momento económico complexo da pandemia ían facer un esforzo. Agora teñen que pasar por caixa.

Dito iso e sen perder a perspectiva do que dixo señor Permu, agora voulle dicir do que carecen. Son uns orzamentos que nin teñen estabilidade presupostaria nin cumpren a regra de gasto e os investimentos que prometen, moitos deles que citou o señor Arroxo, só poderán realizarse se son capaces de materializar un crédito de 13,5 millóns de euros, que veremos a ver en función do aforro neto que reflicte en febreiro.

Pero como non nos gusta faltar á verdade, como os recursos públicos dos que vostedes dispoñen, eses 121 millóns de euros, que son unha cantidade importante, que temos a responsabilidade de obrígalos a que os empreguen ben, saen do peto dos lucenses.

E iso está fiscalizada polos servizos desta cámara, a quen eu non quero tampouco perder a oportunidade de darlle grazas a todo persoal, incluso ás veces por permitirnos rexistrar as emendas en tempo récord, como recolle o propio informe de intervención, tendo en conta o escaso período de tempo transcorrido entre a finalización e a formación, o presente informe límitase a unha verificación formal de que o expediente cumpre integramente a documentación esixida e unhas análises elementais. É dicir, escapan vostedes da fiscalización dos propios servizos municipais.

Comprenderá que me deixe francamente preocupada. Pero os orzamentos teñen carencias moi importantes como estudos de custos dos servizos, como uns incrementos de ingresos en moitos casos inxustificadas. O propio informe apunta como excesivamente optimistas e en *román paladino* parece indicar que vostedes ata inflan ingresos para que lle dean as contas. Porque hai que dicir que para que eses ingresos estean nivelados, vostedes teñen que ir a unha operación de crédito de 13,5 millóns de euros, algo insultante se recordamos o tempo que levan indo á hucha, indo aos aforros, dilapidando remanentes de tesourería.

Iso sí, para determinadas prioridades, e apunto a primeira ou as que reflexamos nas nosas emendas, din que non teñen recursos.

Non hai estudos económicos. Non hai unha verificación por parte da fiscalización. Fanse trampas ao solitario. Teñen que recorrer a un crédito de 13,5 millóns de euros e hai moitas advertencias que eu lle prego a ambos grupos, máis alá de facer dos orzamentos un mitin electoral, a lelo con calma, porque se explica de maneira reiterada que veñen incumprindo todas as advertencias. Incrementan dunha maneira inxustificada os gastos. Insisto, para o que vostedes queren, co reparto das súas parceliñas, para o reparto das súas prioridades, non para o reparto das prioridades dos lucenses.

Esas advertencias reiteradas xustifican que vostedes o están facendo mal a sabendas. E iso na xestión pública pode ter unhas consecuencias.

Ademáis, por suposto, de dilapidar o aforro. Teñen vostedes un aforro neto minguado e insuficiente, minguado e insuficiente.

É dicir, son vostedes uns derrochadoras. E ademais non cumpren. Para dotar as plantillas, que nos parece importantísimo, de persoal suficiente para dar un bo servizo. E tamén llelo informa o propio informe: mínimas previsións orzamentarias para a atención de obrigas relativas a contratacións temporais e nomeamentos de interinos.

Mire que non houbo problemas e estaban advertidos coa cobertura dos conserxes nos centros escolares. Por suposto, coa cobertura do persoal para atender o cemiterio municipal, xa vou a temas de absoluta sensibilidade porque en Lugo sigue habendo un horario, que só se pode enterrar a unha persoa pola mañá.

Son uns orzamentos pensados para as plantas e lles preocupan moito as leitugas, os tomates... nun concello eminentemente rural, que mire que non hai parcelas para poder crear hortos, que me parece moi ben que se fomente, pero non pensando nin nas persoas nin nos seres vivos. E con esa última advertencia: a totalidade dos créditos do capítulo seis e sete veñen absolutamente condicionados á contratación dun préstamo.

Entón, vostede dixo do que presumía. Expansivos. O único que medra é a contratación do crédito e a recadación de multas. E, por suposto, non obedecen ás necesidades dos lucenses, obedecen aos vosos pactos ocultos que moitas veces non se coñecen. E o máis importante, non se cumpre a palabra dos compromisos adquiridos en asuntos absolutamente importantes e trascendentais para esta cidade.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Pois iniciamos a segunda quenda. Tres minutos para o concelleiro de Economía.

- **ANGEL PABLO PERMUY VILLANUEVA:** Como dicía o señor Rubén, en tres minutos vai ser difícil poder dar resposta a todo isto, pero é certo que se foron diminuindo os remanentes. Tamén é certo, aínda que vostedes non o queren ver, que si durante todas estas épocas de crises se axudou aos máis desfavorecidos. O que non sei é onde estaba a Xunta de Galicia ao mesmo tempo que o Concello estaba destinando cousas... Si, si, poña esa cara que pon sempre cada vez que falamos da Xunta de Galicia e os seus incumprimentos con Lugo. Fíxose un enorme esforzo, utilizando o gasto... os remanentes, porque existían no Concello. Os mesmos que din que dilapidan, crearon eses remanentes, axudaron a crear eses remanentes tamén.

E atopámonos en parámetros totalmente normais. O aforro neto, como xa digo, como se apostou por aumentar as axudas aos máis prexudicados, foi diminuindo.

Pero este ano, non me deu tempo antes de dicilo, contamos cun aforro neto de aproximadamente dous millóns de euros.

En canto á estabilidade presupostaria, que en todos estes exercicios estaba en suspenso, como ben debería saber. É dicir, optouse por asumir e consumir os aforros para manter e aumentar os servizos e executar as inversións. Isto fíxose, repito, grazas á situación económica.

Respecto ao endebedamento. Estamos debaixo de calquera límite prudente. Como xa se dixo, contemplamos recorrer a un endebedamento concreto de 13 millóns e medio: unha cantidade que está por debaixo dos límites que consideramos como prudentes, sen prexuízo de que esa modificación á baixa se poida producir unha vez que se coñeza as cales son os recursos propios resultantes do remanente que nos queden dispoñibles, tal e como levamos facendo estes últimos anos. E en canto as plantillas, mire, os presupostos teñen que contemplar a dotación presupostaria de todas as plazas que existen no Concello. A dotación presupostaria global do capítulo 1 é máis que suficiente para dar cobertura a todas as necesidades que se poidan producir ao longo do exercicio e iranse producindo as modificacións e os trasposos de orzamento entre aplicacións cando sexa preciso.

Nos ingresos. Mire, o primeiro é o principio de prudencia, que se di que non temos. Os orzamentos do Concello son os máis elevados da historia, pero sempre amparados no principio de prudencia orzamentaria, porque este aumento se leva a cabo de acordo co marco da dispoñibilidade de recursos que se definiron durante unha previsión prudente e realista dos ingresos, non como di vostede.

Contamos ademáis coa posta en marcha dunha inspección municipal que redundará nunha maior recadación e ao igual que as expectativas con relacións ás transferencias que recibimos da Xunta, que suben lixeiramente, o Goberno Central xa anunciou que os concellos recibirán en 2024 un 22,6% máis de recursos do sistema de financiamento local.

Unha circunstancia que no proxecto de orzamentos se contemplou. Aínda así, cunha cantidade moi por debaixo desa porcentaxe mencionada.

E claro que son uns orzamentos expansivos, porque van ser un ano máis dedicados a concentrar os principais investimentos na realización das intervencións xa iniciadas ou programadas e naquelas que máis demanda a sociedade, tamén preparando proxectos de futuro, como a transformación dos barrios da Milagrosa e o Feijoo, por exemplo. E tamén amosando un compromiso...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben. Moitas grazas. Finalizou a súa quenda. Quenda agora para o concelleiro de Infraestruturas Urbanas, señor Arroxó.

- **RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ:** Grazas. Eu creo que unha das cousas que me parecen máis repugnantes na xente é a hipocresía, o cinismo e o oportunismo. Si, señora Candia, e imos falar con datos, imos explicar algunhas cousas. Mire, o tema da protectora. Eu, de feito, son socio da protectora dende hai moitos anos. Na

miña casa hai tres cans adoptados. Eu sempre defenderei e apoiarei que se poidan facer as melloras necesarias. Pero agora tamén imos falar das cousas claras.

Durante moitos anos... Durante moitos anos... Dende dous anos, a propia Xunta de Galicia, que debería ser quen asumise a protección dos animais, porque é a quen lle compete, foi desviando as competencias aos concellos. Algúns concellos non teñen capacidade económica para podelos asumir.

Que fan os concellos pequenos? Porque tamén teñen que asumir a protección dos cans, cando non ten nin capacidade económica para asumir practicamente as nóminas do propio Concello. Por iso debería ser o ente autonómico quen debería potenciar.

Cantos cartos deu o ente autonómico para un arranxo dunha protectora ou para unha nova protectora. Ou para un novo refuxio? Exactamente cero.

Pero é máis. É que me parece que o oportunismo... é que é terrorífico. Vir agora con estas posturas de defensa animal cando non hai tanto tempo, porque non hai tanto tempo, eu mesmo, como concelleiro, propuxen aquí unha declaración institucional para declarar a cidade de Lugo libre de touradas, sabe o que pasou? Que o Partido Popular se negou, con argumentos como os de que a quen non lle gusten as touradas que non vaia.

Si, esa é a preocupación dos animais que ten o Partido Popular. Esa. Entón eu creo que a hipocresía, o cinismo e o oportunismo deben desaparecer da política e o que debemos estar aquí é para buscar solucións. Non para estar buscando a ver que chorrada podemos sacar. Creo eu. E a min leccións de protección dos animais e defensa, ningunha. E menos de parte do Partido Popular. Que quede claro. E ademais, eu creo que non son, e sabedes polo meu carácter, de poñerme así nun pleno. Pero eu estas cousas non as vou admitir nunca máis. Que quede claro.

E despois, co resto dos orzamentos, o que estaba a dicir. Estamos a seguir adiante con eses proxectos e a min sorprendeume que se cuestione e incluso que se multe. Ou sexa, non se pode vir a un pleno como se viñeron nos anteriores a dicir que non hai policía na cidade e agora se cuestiona que se multe. Home, se a xente incumpre as normas, se aparcan mal ou o que sexa, pois haberá que sancionalos, digo eu. Eu creo que si.

E despois, que se fale de que os proxectos son cementar as rúas. Hoxe, eu non sei se pasou por Lugo, non? Leva poucos meses vivindo aquí, pero simplemente obras como as que se fixeron este ano, como dicía, Gallego Tato, Aquilino Iglesia Alvariño, etc. Eu creo que eses son os proxectos, e non os que defendía vostede, por exemplo, que era que os coches puidesen aparcar nas beirarrúas diante dos colexios para que os nenos puidesen chegar mellor a clase.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben. Moitas grazas. Pois segunda quenda para a portavoz do Partido Popular.

- **MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ:** Moitas grazas. Probablemente hipocresía habería que definila con algún exemplo da súa intervención, pero eu non veño aquí a buscar ningún debate estéril. E efectivamente, como vostede dixo, cóllolle o testigo e propoño solucións.

E a solución é moi clara. Vostedes acaban... Tiñan uns fondos europeos para a construción duns hortos, fomentando... Vostede quere poñer a todo Lugo a dieta, que anden e que coman leitugas. Pero, evidentemente, teñen que ter ingresos, teñen que ter un medio de vida e, indubidablemente, teñen que ter solucións.

Entón, propoñemos que estes fondos, que non foron unha prioridade, porque os perderon, e que agora consignan con fondos propios, vaian orientados á protectora. E mire, señor Arroxó, eu non cuestiono nin fago ningunha valoración ao que vostede fai na súa vida privada. Respéctoo absolutamente. Eu preguntolle e pídlle aquí que vote a favor desta emenda e que a defenda como concelleiro do goberno...

Estou na miña quenda de palabra.

...Vostede puido facelo na comisión, vostede pode facelo, porque vostede goberna. O problema que ten moitas veces o Bloque Nacionalista Galego, e isto non é un debate político, é que lle gusta defender as touradas, pero cando ten que decidir porque gobernar é decidir, en vez de dotar fondos para corrixir un auténtico incumprimento da Lei de Benestar Animal, e préggolle outra cousa, que xa levo uns anos nisto, e dende logo o que ten que saber é as competencias.

E as competencias municipais en benestar animal non as dá a Xunta de Galicia, préggolle que lea a Lei de Benestar Animal, que acaba de aprobar o goberno de España, que deriva aos concellos toda a competencia. E coincido con vostede. Moitos non teñen recurso, pero vostedes si. Vostedes si!

Están presumindo agora de 121 millóns, de expansivos, de verdes, de que atenden a todas as necesidades dos lucenses, pois demóstreno.

Fixemos dez emendas, unha para un plan de saúde mental, que nos parece importantísimo. 50 mil euros que retirabamos de propaganda, deixando unha marxe ampla para seguir facendo propaganda.

Gobernan vostedes para Facebook e Instagram e para os medios de comunicación. Pero gobernar é resolver os problemas. E aquí nestes orzamentos, e non debía ofenderlles, porque o que digo é certo, con propostas de solución.

Non queremos que se fagan eses hortos ecolóxicos e queremos que se destinen eses recursos á protectora, e que arrinque un proxecto serio e comprometido.

É certo, é máis fácil facer oposición que gobernar. Seguro que si, pero vostedes están para gobernar. E gobernar é decidir. E decidir é se van a un lado o a outro. E o resto nin é hipocresía é debate desde o respecto, pero sobre todo desde a convicción, porque aquí é tamén onde se ven as cores e onde realmente se ve que unha cousa é estar na rúa cunha pancarta defendendo as touradas e outra cousa é votar en contra de que a protectora teña fondos.

Iso é gobernar.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben. Moitas grazas. Quenda agora para o portavoz municipal, un minuto.

- **ANGEL PABLO PERMUY VILLANUEVA:** Claro que temos que tomar decisións. Estes orzamentos son parte das decisións. A vostedes corresponde facer proposicións e aportacións. Por exemplo, non pedir ilegalidades. Mire, o gasto que vostedes din que hai que destinar á protectora é un gasto aceptado, que non pode ser discrecional. Iso pode pór en risco os fondos europeos. Pero, bueno, xa estamos acostumados ás cousas que promete.

Mire, estes son orzamentos expansivos, pero totalmente rigorosos e amparados no criterio de prudencia orzamentaria, permitindo ademais avanzar na segunda grande transformación da cidade, sempre da man dos veciños. E por iso lles chamamos orzamentos da veciñanza.

Igual non os que a vostedes lles gustan. Pode ser. Pode ser. A verdade é que en moitas cousas temos visións totalmente diferentes, pero repito, cando fagan propostas, que sexan propostas serias. E non como esa que di de utilizar uns fondos que non se poden destinar ao que vostede está dicindo.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. En primeiro lugar darlle a benvida a todos os veciños e veciñas que quixeron hoxe compartir con nós está sesión plenaria. Sempre é un pracer recibir aquí a aqueles que nos queiran acompañar nestas sesións.

En segundo lugar, dicir que a política ten que ser seria, rigorosa, e non podemos facer demagogia constante e continua sobre a mesma.

E digo isto por distintas cuestións. A primeira, a emenda que non se poden debater no pleno, porque hai un procedemento, e o Partido Popular sábeo. Sabe como funciona ese procedemento, e xa están debatidas e non foron elevadas a pleno, pois é intentar rizar o rizo e vir aquí, como digo, a facer demagogia.

Pero é que é máis, a emenda que fai o Partido Popular con respecto á protectora, e vou iniciar por aquí, dado que hoxe nos quixeron acompañar no Pleno, é un gasto que está comprometido.

E á marxe de que está comprometido porque así está dende o ano 2015, que empezamos co proxecto Life, que viña recollido no proxecto Life a obriga de realizar unhas zonas axardinadas, que é moito máis que un horto urbano, querendo desprestixiar os hortos urbanos, demandados tamén neste Concello, porque todos os que temos están solicitados e hai demanda, pero teñen outros fins. Fins terapéuticos, sociais... Fins educativos, como así o recolle o propio proxecto Life. E, polo tanto, é un gasto comprometido que temos que executar. E non se pode sacar dun lado para meter do outro de maneira discrecional. E isto a señora Candia sábeo. O que pasa é que é moito máis fácil facer demagogia ao respecto neste tema.

Porque ademais hai un artigo da propia directriz da Unión Europea que di que hai que ter unha duración incluso deses proxectos, dos proxectos dos fondos europeos, establecidos por cinco anos con capacidade de modificar, porque senón podería poñer en risco a forma e os pagos feitos ao respecto do resto de actuacións incluídas no Life, como poden ser esas 21 hectáreas de hortos..., perdón, de bosques urbanos, ou ese edificio Impulso Verde, que está sendo un referente nacional e internacional, ou ese catálogo de solucións sostibles, ou unha serie de proxectos que van vinculados a este proxecto Life, onde viña recollida a obriga, xa de financiar con fondos propios, porque é outra demagogia. E quero falar de demagogia, porque se non falamos de demagogia hai que falar de mentiras. E presupóñolle ao Partido Popular que non ven aquí nin a mentirnos a nós nin a mentir a toda a cidade. Entón prefiro falar de demagogia que de mentiras. Porque xa nese proxecto viña a obriga de facer esas zonas axardinadas, no entorno que está establecido por un importe que ía asumir xa o Concello, porque esa parte non estaba subvencionada con fondos europeos.

E ao mellor se non puxésemos esas zonas axardinadas, non percibiríamos eses fondos europeos, porque é moi fácil vir dicir aquí cando se suscita algunha crítica, que é lexítima, e nos escoitamos e intentamos adaptar as necesidades dos veciños aos proxectos, pero é moi fácil cando se suscita algunha crítica vir aquí a facer demagogia sobre o mesmo por intentar sacar un rédito político en vez de traballar en prol da cidade.

Porque si, son 44,5 millóns de euros de fondos europeos que nos levamos executados desde que eu son alcaldesa. E a intención é seguir obtendo máis fondos. Co tema da protectora, a protectora e a súa directiva o sabe, porque tivemos xa distintas conversas e reunións sobre a mesma, o obxectivo é dotar dunha nova instalación. É o obxectivo que segue... (voces de fondo inintelixibles) ... O obxectivo! O obxectivo! Píddolles, por favor, que escoiten. Escoitaron ao resto de persoas que interviron. Píddolles, por favor, que escoiten. O obxectivo que se mantén é seguir buscando financiación, que, por certo, hai unha institución que quere colaborar nesa cofinanciación, como é a Deputación Provincial, non así a Xunta de Galicia, que direi agora outro dato con respecto a isto.

A intención xa era ampliar as instalacións existentes. Non puido ser por informes desfavorables doutras institucións terceiras e estamos buscando a nova ubicación, onde temos xa realizado o anteprojecto. E con ese anteprojecto concorreremos a fondos europeos, porque é un proxecto moitísimo máis ambicioso que pasaba deses 300.00 euros que ía supoñer a ampliación a preto dun millón de euros que queremos facer uso para ese novo proxecto. Concorreremos a fondos europeos, que non tivemos a sorte, nese caso, de ser beneficiarios dos mesmos porque... Falta de crédito.

Volveremos a seguir concorrendo a novas liñas que se sigan abrindo e mentres nós seguiremos dando pasos, porque o que está feito a día de hoxe por parte do Concello é un anteprojecto. E agora toca realizar o proxecto, onde teremos partidas que van nos orzamentos, que son as que van destinadas a traballos realizadas por outras empresas.

Por certo, as partidas que pide o PP que mingüemos... Nas súas emendas pedía que mingüásemos esas partidas, que son onde nós financiamos a redacción do proxecto, como nos pasou o ano en curso, co proxecto Sport Life, que fixemos primeiramente o anteprojecto e despois o proxecto e o proxecto fíxose en base a esas partidas que van recollidas no orzamento, aínda que non sexan... Aínda que non sexan... Señora Carballas, por favor... Aínda que non sexan nominativas. E van recollidas.

Polo tanto, nós seguiremos pedindo pois colaboración a fondos europeos, á Deputación Provincial e tamén llo pediremos á Xunta de Galicia.

Porque neses fondos europeos que tanto critican no Concello de Lugo e que falan de cousas que non se deberían de estar facendo como esas zonas axardinadas con zonas urbanas ou ese carril bici que, por certo, se non contemplásemos ao mellor esas actuacións, reitero, non nós darían os fondos. Ou, se quere modificar iso, poñemos en risco...

As verdades ás veces ofenden e doen, pero é a realidade que, ou eses fondos ou esas modificacións que pretenden facer, poríamos en risco os fondos europeos.

Saben que fixo a Xunta de Galicia con respecto aos fondos europeos? E non o digo eu, que pode reiterar o que di o Consello de Contas... Que segundo o Consello de Contas, a Xunta e de Galicia ten devolto un 60% dos fondos europeos que percibiu, en vez de darllos aos concellos, que podería dar eses cartos aos concellos, pero devolveu a Europa o 60% deses fondos europeos.

E segundo o Consello de Contas supón 600 millóns de euros que a Xunta devolveu en vez de percibir os concellos esas cantidades.

Se nos dese deses 600 millóns de euros... Señor Ameijide! Se nos dese deses 600 millóns de euros, xa non digo máis, pero 25, a protectora estaba feita.

Pero a Xunta... a Xunta... A Xunta! ...

Voces de fondo do público asistente, ante as cales a Excm. Sra. Alcaldesa pide que se manteña a calma e a orde, xa que, en caso contrario, verase obrigada a desaloxar o pleno

... Os prazos... Xa o dixen, neste ano realizaremos... Neste ano, xa o teño comentado. Neste ano sacaremos a licitación ao proxecto e mentres tanto seguiremos buscando fondos. Díxeno naquel momento e seguirei dicíndoo, que a pesar de non ter subvención ou non ter axuda doutras administracións, entre a Deputación e o Concello faremos o proxecto da nova protectora. Esa é a folia de ruta e iso é o que está establecido.

O proxecto para este ano. A resposta está dada. Por favor, pídolles que se queren seguir mantendo e estando aquí na sesión plenaria, que garden as formas. Senón, de verdade que me van obrigar a desaloxar o pleno. Sería a primeira vez en moitos anos e non me gustaría ter que facelo. Por tanto, pídolle que escoiten con respecto e a resposta está dada.

ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refª: ispac3914544122590250579.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 28-12-2023

Con respecto ao... Pois o ano que imos iniciar cos orzamentos que imos iniciar. Farase a redacción do proxecto para poder despois...Non, que se empece a construír, non, porque hai un procedemento e uns prazos. Iso é tamén falla de información ou información sesgada ou mala información que se lle traslada á cidadanía.

Señor Ameijide, por favor. Por favor. Que quere tamén que se lle bote deste pleno? Igual que na Deputación. Estamos buscando crispación? Porque é o que están facendo. Porque o que están facendo con tanta demagogia, trasladando falsas informacións á cidadanía, é crispar e polarizar. Crispar e polarizar.

Señora Candia, non está no uso da palabra. Non está no uso da palabra, señora Candia!

Está o anteprojecto, señora Carballas, non veña aquí a mentir. Por favor! Non están no uso da palabra! Vale? Non está no uso da palabra.

Ben, pois é continuando co tema dos orzamentos, creo que está explicado e dado conta co tema da protectora, onde ademais levamos nos últimos cinco anos e trasladado máis dun millón de euros.

Seguiremos apostando e aportando para que a protectora teña os recursos, cando menos básicos para poder manter o servizo, máis aló doutros convenios e colaboracións que se veñen facendo como é a través do Rof Codina e, polo tanto, segue sendo un proxecto que está no punto de mira deste goberno e seguiremos coa folla de ruta para que sexa unha realidade o máis pronto posible dentro dos procedementos administrativos e dentro da capacidade económica do concello.

Pero visto que o Partido Popular dende a agrupación municipal está moi en prol deste proxecto, seguro que cando lle solicitemos á Xunta de Galicia o financiamento para o mesmo non vai dicir que non para ter ese obxectivo e poder facelo canto antes.

Con respecto ás pinceladas que daba a señora Candia dos orzamentos, falaba por un lado de protectoras e por outro lado de multas, como moi ben dixo o compañeiro de goberno, o señor Arroxó. É dicir, múltase a aquel que incumpre. Non hai moito máis que dicir. Non é nin acoso nin derribo. Múltase a aquel que incumpre.

Falaba tamén vostede da estabilidade presupostaria, do incumprimento da regra de gasto, que teríamos que ir a unha débeda de 13,5 millóns, é o que ven inicialmente nos orzamentos, como veu en orzamentos anteriores, que tiñamos que concorrer á débeda, que non foi o caso, pero xa en anos anteriores o dixen, e neste ano o reitero, se temos que ir á débeda, vaise. Porque a débeda o que nos permite seguir investindo na cidade, investindo en proxectos, como pode ser unha protectora ou como poden ser outros proxectos importantes para o desenvolvemento da nosa cidade.

É certo que tiñamos grandes remanentes. E por que tiñamos grandes remanentes? Porque o Partido Popular cando o gobernou en Madrid non deixou aos concellos gastar os cartos. E, polo tanto, aforrábanse.

Era esta mentalidade ao mellor dos nosos avós, das nosas avoas, de aforrar, aforrar e non gastar, aínda ás veces a costa de pasar fame ou a costa de ter poucas prestacións nas vivendas domiciliarias.

Pero ese non é o obxectivo dunha administración, o obxectivo dunha administración é establecer os servizos básicos nos que temos as competencias: Limpeza, xestión de residuos, como pode ser tamén a mellora das zonas verdes e seguir investindo en infraestruturas necesarias para a nosa cidade.

E a parte, señora Candia, o aforro é positivo, segundo o orzamento e, polo tanto, suficiente. Esta é unha realidade, mal que lle pese, ou mal que queira terxiversar ou malinterpretar esas cifras. E, como en anos anteriores, a débeda neste momento segue sendo cero.

Alí onde gobernan vostedes, en moitos casos, empezando pola Xunta e seguindo por outros concellos, e algúns cercanos ao noso, non poden dicir que teñen unha débeda cero e, polo tanto, contas saneadas e, polo tanto, o que nos permite ir á débeda e así recollelo nos orzamentos, chegado o caso, e xa se verá en que contías ou en que cantidades.

En todo caso, o obxectivo do Concello non é outro que seguir mellorando a nosa cidade, seguir aprobando os orzamentos que despois reivindicán vostedes, ou obras, pero que despois nunca votan a favor dos mesmos, e a idea, como digo, é seguir transformando a nosa cidade, mellorando servizos, mellorando infraestruturas e mellorando a calidade de vida dos veciños e das veciñas, atendendo especialmente a aqueles que máis o necesitan, porque tampouco podemos esquecer máis aló de todo o que se dixo aquí, que segue habendo un 30% do noso orzamento adicado a políticas sociais para pensar sempre nas persoas máis vulnerables e as que máis o necesitan.

Nós desde a seriedade, a rigorosidade, o obxectivo do goberno é seguir traballando por e para Lugo, por e para os veciños e por e para, tamén, as nosas mascotas, como se ten xa comentado dabondo neste pleno.

Polo tanto, imos proceder a votar os orzamentos municipais.

PROPOSICIÓNS

5/158 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, NÚMERO 325/2023 DE REXISTRO DE PLENO, DE CONDENA DO XENOCIDIO COMETIDO POR ISRAEL CONTRA A POBOACIÓN PALESTINA (Exp. 2023/G004/001078).

Vista a referida proposición cuxo texto é do seguinte teor:

“Exposición de motivos:

Dous meses despois de que Israel iniciase o asedio á Franxa de Gaza, ían contabilizadas 17.997 persoas palestinas asasinadas, entre elas máis de 7.000 crianzas e máis de 4.000 mulleres. Decenas de miles máis resultaron feridas, e moitas están desaparecidas. Así mesmo, Israel atacou máis de 339 centros

ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refº: ispac3914544122590250579.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 28-12-2023

educativos, 26 hospitais, 56 centros de atención da saúde, 88 mesquitas e tres igrexas. Máis do 60% das vivendas de Gaza foron destruídas ou danadas e 1,9 millóns de persoas (o 85% da poboación) tiveron que desprazarse á forza cara a zonas cada vez máis reducidas. Ademais, a falta de alimentos, auga e medicinas provoca que o pobo de Gaza corra un grave risco de sufrir fame e enfermidades epidémicas, cando só 14 dos 36 hospitais están a funcionar, e as persoas feridas están a ser tratadas no chan e sen anestesia. A iso hai que sumar a chegada do inverno, que agravará a situación das persoas que viven nas rúas. Para facerse unha idea exacta: as máis de 7.000 crianzas palestinas asasinadas equivalen a todas as crianzas de 0 a 9 anos existentes no municipio de Lugo.

Esta é a situación real de Palestina, e Israel xa non pode esconder que esta agresión vai dirixida á "limpeza étnica" do pobo palestino na Franxa de Gaza. De feito, en dous meses tamén asasinou a máis de 500 persoas en Cisjordania. Desde hai semanas Israel e os seus aliados invocan o "dereito á autodefensa" para cometer os seus crimes contra a poboación civil palestina, pero o dereito internacional non recoñece en ningures ese dereito cando se trata dunha "potencia ocupante".

O conflito entre Palestina e Israel non empezou o pasado 7 de outubro cando se produciu o ataque das milicias de Hamas. Empezou hai setenta e cinco anos, en 1948, cando Israel iniciou a primeira guerra e pasou a ocupar ilegalmente territorio palestino. O Estado de Israel existe só porque unha resolución de Nacións Unidas acordou o seu dereito para existir. Con todo, entre 1947 e 2001, Israel incumpriu 26 resolucións de Nacións Unidas, e fixo da impunidade a súa forma de relacionarse coa comunidade internacional sen que ningunha potencia, alianza de nacións ou organismo internacional lle obrigase a cumprir nin unha soa delas. Por iso converteu Gaza no maior gueto da terra, onde viven 2,4 millóns de persoas, cunha das densidades de poboación máis altas do mundo.

"Non é unha guerra, é un xenocidio" converteuse nun berro presente nas multitudinarias manifestacións a prol de Palestina que percorren o mundo. Tamén nos actos convocados pola Plataforma Lugo por Palestina, conformada na nosa cidade por colectivos, partidos políticos, sindicatos e persoas a título individual. As atrocidades que Israel comete desde hai décadas nos territorios ocupados ilegalmente están perfectamente tipificadas no Estatuto da Corte Penal Internacional (CPI): o xenocidio, os crimes de lesa humanidade e os crimes de guerra. A CPI contempla o **xenocidio** como os "actos perpetrados coa intención de destruír total ou parcialmente a un grupo nacional, étnico, racial ou relixioso"; os **crimes de lesa humanidade** como "actos cometidos como parte dun ataque xeneralizado ou sistemático contra unha poboación civil e con coñecemento do devandito ataque"; e os **crimes de guerra** como "actos contra persoas ou bens protexidos polas disposicións dos Convenios de Xenebra de 1949".

Israel é un Estado que se presenta diante da comunidade internacional como democrático cando realmente non o é. Por contra, adopta o papel de vítima para amparar os seus crimes, tachando de antisemita a toda persoa, colectivo ou institución que critica o sionismo, xerando unha confusión falsa e interesada de

conceptos. O propio goberno sionista, supremacista e ultradereitista de Benjamín Netanyahu, conformouse en decembro de 2022 mediante unha coalición de seis partidos: o ultraconservador Likud do primeiro ministro; tres de extrema dereita que concorreron nunha soa lista (Sionismo Relixioso, Poder Xudeu e Noam); e dous ultraortodoxos (o sefardí Shas e o askenazi Xudaísmo Unido da Tora). O seu ministro de Seguridade Nacional, Itamar Ben Gvir, hai anos que propugna publicamente a desaparición de Palestina.

O pasado 6 de decembro de 2023, o secretario xeral da Organización das Nacións Unidas (ONU), Antonio Guterres, enviou unha carta dirixida ao Consello de Seguridade invocando por primeira vez en moitos anos o artigo 99 da ONU. Este artigo permítelle ao secretario xeral da ONU convocar o Consello de Seguridade "sobre calquera tema que na súa opinión pode ameazar o mantemento da paz e seguridade internacional". Guterres lembrou que, polo menos, 130 persoas da Axencia de Nacións Unidas para os Refuxiados de Palestina en Oriente Próximo (UNRWA) morreron, "moitos deles coas súas familias" e sinalaba textualmente: "A situación está a empeorar rapidamente, e encamiñase cara a unha catástrofe con implicacións potencialmente irreversibles para as persoas palestinas no seu conxunto e para a paz e a seguridade na rexión. Ese resultado debe evitarse custe o que custe". Concluindo: "Ínstolles aos membros do Consello de Seguridade a que exerzan presión para evitar unha catástrofe humanitaria. Reitero o meu chamamento para que se declare un cesamento do fogo humanitario".

O Consello de Seguridade da ONU reuniuse dous días despois do chamamento do seu secretario xeral para discutir unha proposta de resolución de cesamento do fogo humanitario en Gaza, apoiada pola maioría da comunidade internacional. A proposta de resolución recibiu trece votos a favor e a abstención do Reino Unido, pero foi desestimada polo dereito de veto de EE.UU., que votou en contra. Ese mesmo día, o presidente de EE.UU., Joe Biden, saltábase ao Congreso do seu país para enviar a Israel 14.000 proxectís de alto poder explosivo. Unha operación que demostra a actitude cínica de EE.UU. cando realiza supostos chamamentos a respectar o dereito internacional e minimizar as vítimas pero actúa de forma contraria. De feito, o pasado 18 de outubro, EE.UU. xa vetara outra resolución presentada por Brasil ao Consello de Seguridade. O martes 12 de decembro a Asemblea Xeral da ONU aprobou unha resolución que pedía o "cesamento do fogo inmediato" en Gaza por 153 votos a favor, e unicamente 12 en contra, entre eles EE.UU. e Israel.

O goberno sionista de Israel ataca violentamente a calquera país, institución ou gobernante que realice críticas sobre o xenocidio en Palestina. Incluso o ministro de Asuntos Exteriores de Israel, Eli Cohen, acusou a Guterres de constituír "un perigo para a paz mundial" e prestar "apoio á organización terrorista Hamas e un respaldo ao asasinato de anciáns, o secuestro de bebés e a violación de mulleres". Mesmo retirou a súa embaixadora en Madrid, cualificando de "vergoñosas" as declaracións do presidente do Goberno central por amosar simples dúbidas de que a ofensiva sobre Gaza respecte o dereito internacional humanitario.

ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refº: ispac3914544122590250579.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 28-12-2023

A actitude de Israel require de respostas contundentes, ás que este Concello pode contribuír desde o ámbito local. Por iso o Pleno do Concello de Lugo acorda:

- Esixir a fin inmediata deste xenocidio e que se obrigue a Israel a cumprir todas e cada unha das resolucións das Nacións Unidas, utilizando todas as medias de presión para conseguir estes obxectivos.
- Esixir a ruptura das relacións diplomáticas con Israel por parte do Goberno central e da Unión Europea.
- Esixirle ao Goberno central que poña fin ao comercio de armas con Israel.
- Esixirles á Xunta e ao Goberno central que prohiban ao Centro Mixto de Investigación Aerotransportada de Rozas (CIAR) a certificación das aeronaves non tripuladas (UAVs) israelís, que son utilizadas para masacrar a poboación palestina e para o control das zonas ocupadas.
- Esixirle ao Goberno central que inicie o procedemento necesario ante a Corte Penal Internacional (CPI) para que Benjamín Netanyahu e as integrantes do seu goberno sexan xulgados por xenocidio, crimes de lesa humanidade e crimes de guerra.
- Esixirle ao Goberno español e a todos os países da UE o recoñecemento de Palestina como Estado independente con todos os seus dereitos, permitindo o regreso das persoas refuxiadas.
- Declarar *non grata* a presenza de calquera diplomático sionista no Concello.
- Que calquera empresa ou entidade que desexe establecer acordos co Concello deba garantir que non comercia co sionismo israelí.
- Manter a bandeira palestina na Casa Consistorial mentres dure a agresión sionista en curso.
- Trasladarlle este acordo plenario ao Goberno central, á Xunta de Galicia e á embaixada de Israel.”

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- **Votos a favor:** 5 do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego.
- **Votos en contra:** 0
- **Abstencións:** 20 dos Grupos Municipais do Partido Popular e do Partido Socialista de Galicia-PSOE.

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por maioría simple,
ACORDA:

PRIMEIRO.- Esixir a fin inmediata deste xenocidio e que se obrigue a Israel a cumprir todas e cada unha das resolucións das Nacións Unidas, utilizando todas as medias de presión para conseguir estes obxectivos.

SEGUNDO.- Esixir a ruptura das relacións diplomáticas con Israel por parte do Goberno central e da Unión Europea.

TERCEIRO.- Esixirlle ao Goberno central que poña fin ao comercio de armas con Israel.

CUARTO.- Esixirlles á Xunta e ao Goberno central que prohiban ao Centro Mixto de Investigación Aerotransportada de Rozas (CIAR) a certificación das aeronaves non tripuladas (UAVs) israelís, que son utilizadas para masacrar a poboación palestina e para o control das zonas ocupadas.

QUINTO.- Esixirlle ao Goberno central que inicie o procedemento necesario ante a Corte Penal Internacional (CPI) para que Benjamín Netanyahu e as integrantes do seu goberno sexan xulgados por xenocidio, crimes de lesa humanidade e crimes de guerra.

SEXTO.- Esixirlle ao Goberno español e a todos os países da UE o recoñecemento de Palestina como Estado independente con todos os seus dereitos, permitindo o regreso das persoas refuxiadas.

SÉTIMO.- Declarar *non grata* a presenza de calquera diplomático sionista no Concello.

OITAVO.- Que calquera empresa ou entidade que desexe establecer acordos co Concello deba garantir que non comercia co sionismo israelí.

NOVENO.- Manter a bandeira palestina na Casa Consistorial mentres dure a agresión sionista en curso.

DÉCIMO.- Trasladarlle este acordo plenario ao Goberno central, á Xunta de Galicia e á embaixada de Israel.

DELIBERACIÓN

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, pois pasamos entón ao debate da proposta presentada polo Bloque Nacionalista Galego como grupo propoñente. Pois ten a primeira quenda de intervención. Cinco minutos, señor Arroxó.

- **RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ:** Pois moitas grazas. Ben, traemos esta proposición a respecto do que está a acontecer estes días co pobo palestino, en concreto, moi especialmente, na Faixa de Gaza, pero tamén é o que está...

Voces de fondo de persoas do público asistente, antes as cales pide silencio e que se manteña a orde

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** ... Procedemos entón ao debate da proposta. Iniciamos novamente, porque non se escoitou. Cinco minutos, señor Arroxó.

- **RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ:** Moitas grazas. Pois como estaba dicindo, traemos esta proposición a pleno, unha proposición polo que está a acontecer sobre o pobo de Palestina e moi especialmente na Faixa de Gaza, pero tamén noutros territorios como Xerusalén e como Cisjordania.

Palestina... Pois a Faixa de Gaza durante estes últimos dous meses van xa confirmados máis de 20.000 asasinados, máis de 20.000 persoas que foron asasinadas que se poidan confirmar, porque temos que ter en conta que unha porcentaxe importante aínda non se sabe, dado que está posiblemente debaixo dos escombros, dos bombardeos levados adiante polo goberno de Israel.

Temos que ter en conta que dentro deste xenocidio un 40% da poboación asasinada son nenos, o que converte, pois practicamente a Faixa de Gaza no Auschwitz do século XXI, e convertendo a Netanyahu nun auténtico criminal de guerra.

Todo levado adiante por unha ideoloxía nacida alí hai 130 anos que é o sionismo que non busca outra cousa que unha limpeza étnica dentro dun territorio no que humanidade leva vivindo ducias de miles de anos.

E mentres o mundo se move con millóns e millóns de persoas mobilizándose contra esta guerra, no cal Lugo non é alleo, seguimos vendo como occidente non só mira para outro lado, senón que atacaba xustificando a Israel e incluso dando o seu apoio.

Algún día saberase a verdade de cantos líderes occidentais realmente están financiados polo sionismo para poder levar adiante isto.

Dende o BNG estamos presentando proposicións por todo o país condenando os ataques sionistas sobre o pobo palestino. Pero no caso de Lugo, dado que é unha

plataforma constituída e que leva xa bastantes semanas traballando, pois quixéramos levar adiante a proposición que nos propoñen e, ademais, quero continuar a miña intervención coa lectura dun texto que nos traslada a propia plataforma, a Plataforma Lugo por Palestina e que di o seguinte:

A situación do pobo palestino non pode ser xestionada como unha guerra. Non é un conflito que comezou os 7 de outubro de 2023 co ataque das milicias de Hamás, empezou hai 75 anos, en 1948, cando Israel iniciou a Primeira guerra e pasou a ocupar ilegalmente territorio palestino.

O pobo palestino está sufrindo un xenocidio de manual, do que toda a sociedade do mundo enteiro está sendo testemuña.

É imposible manter actualizada a cifra de persoas palestinas asasinadas dende que comezou o asedio á Faixa de Gaza e tamén a Cisjordania.

Poboación civil, asasinada por un suposto dereito á autodefensa que invocan Israel e os seus aliados. Pero a realidade é que Israel xa non pode esconder que esta agresión vai dirixida á limpeza étnica do pobo palestino.

A Plataforma Lugo por Palestina, conformada por colectivos, partidos políticos, sindicatos e veciñanza de Lugo a título individual, que non quere ficar impasible ante esta realidade, únese en accións, asembleas permanentes abertas, apoiando a outros colectivos na mobilización social, cara unir as nosas voces e romper o silencio cómplice deste desastre humanitario.

As atrocidades que Israel comete dende hai décadas no territorio palestino ocupado ilegalmente están tipificadas no Estatuto da Corte Penal Internacional, o xenocidio, os crimes de lesa humanidade e os crimes de guerra.

Continúa sendo a impunidade a súa forma de relacionarse coa comunidade internacional.

O goberno sionista de Israel ataca violentamente a calquera país, institución ou gobernante que realice críticas sobre o xenocidio en Palestina.

Esta actitude require respostas contundentes ás que este concello pode contribuír dende o ámbito local.

Por iso, dende a plataforma Lugo por Palestina, pedimos ao noso concello que se aproben as esixencias plantexadas na moción que hoxe se presenta, para que Lugo sexa un lugar de condena clara e rotunda contra o xenocidio do pobo palestino perpetrado por Israel.

Que o Concello de Lugo non dea o silencio por resposta aos números do horror e sangue palestina inocente. Sangue palestina de crianzas, de poboación civil en xeral, que ten como único horizonte o abandono e a morte.

Gustaríanos sentir o orgullo de que o Concello de Lugo poidamos ser un exemplo a seguir, tomando medidas que falen de dignidade.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Pois queda agora para a portavoz do Partido Socialista, señora Alvarellas.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Bos días a todos e a todas. Moitas grazas, señora alcaldesa.

Pois si, o pasado 7 de outubro do ano 23, o grupo terrorista Hamas lanzou un ataque masivo contra obxectivos civís e militares en Israel.

Este acto atroz desencadeou por parte do estado de Israel unha espiral de violencia que está causando miles de mortos e feridos en Gaza, así como unha crise humanitaria cuxas dimensións son difíciles de cuantificar.

Esta escalada de violencia é un novo e o preocupante episodio dun conflito, como dicía o señor Arroxo, que dura xa máis de 70 anos, 75 concretamente, e que causou xa decenas de miles de mortos, a maioría civís palestinos.

Ante esta situación de tanta gravidade é fundamental apoiar a loita contra o terrorismo, pero sen esquecer que o lexítimo dereito que ten Israel a defenderse non pode estar exento de cumprimento do dereito internacional humanitario, en especial respectar o convenio de Xenebra, relativo á protección debida ás persoas civís en tempo de guerra.

A escalada de violencia que sofre a Franxa de Gaza causou xa máis de 20.000 vítimas, segundo se recontaban onte para organismos internacionais. Moitos deles, nenos e nenas.

Así mesmo, as persoas desprazadas cóntanse por centos de miles e as consecuencias humanitarias derivadas do corte de abastecemento de subministros esenciais, como a luz, a auga, alimentos ou medicamentos, vaise agravando conforme avanza o tempo.

Non debemos esquecer tampouco que é moi importante que para a Unión Europea é unha cuestión de importancia vital para a nosa seguridade. Aféctanos de forma directa, aínda que hai xente que parece que non o ve así.

Neste contexto, son crecentes as institucións internacionais e os gobernos nacionais, entre eles o noso, que reclaman un alto ao fogo humanitario, que poña fin a esta escalada de violencia e garanta a chegada de axuda humanitaria necesaria en Gaza.

Debe evitarse a toda a costa que esta crise humanitaria de Gaza se agrave, defendendo a estrita aplicación do dereito internacional humanitario e reforzando o diálogo como única vía posible para frear a escalada de violencia na rexión, encontrar unha solución permanente a un conflito que leva enquistado máis de sete décadas.

A prioridade é a protección de civís, evitar a escalada do conflito e unha paz xusta e duradeira.

Ante estes acontecementos, desde o Grupo municipal do Partido Socialista, condenamos enerxicamente os gravísimos ataques terroristas contra o estado de Israel por parte do grupo terrorista Hamas.

Pero condenamos tamén enerxicamente e, ademais, hai unha desproporción na lexítima defensa por parte do estado de Israel. Polo tanto, condenamos enerxicamente o ataque por parte do estado de Israel á poboación palestina na Franxa de Gaza e a morte de nenos, nenas e poboación civil que se está causando nestes momentos.

Expresamos tamén a repulsa aos ataques por parte do estado de Israel, ás infraestruturas civís e humanitarias como escolas e hospitais na Franxa de Gaza. E trasladar as condolencias, e solidariedade con todas as vítimas destes ataques.

Expresamos tamén a nosa solidariedade coas organizacións humanitarias que traballan na zona e subliñamos que nunca poden ser obxectivos militares. Polo tanto, trasladamos tamén as condolencias pola morte de decenas de traballadores humanitarios en Gaza.

Sumámonos á resolución da Asamblea Xeral das Nacións Unidas que demanda unha tregua humanitaria inmediata, duradeira e sostida e apoiamos ao noso goberno, ao goberno de España, e a Unión Europea, na súa activación de todos os mecanismos diplomáticos que estean nas súas mans para evitar unha escalada rexional do conflito e a perda de máis vidas inocentes e un firme compromiso pola paz, a seguridade e a estabilidade na rexión.

Dito todo isto, en esencia, señor Arroxó, compoñentes do grupo municipal do BNG, estamos en esencia de acordo na súa proposición, en moitos dos seus puntos propostos, pero non en todos deles.

Polo tanto, explicareille na segunda parte por que nos imos a abster, non porque non esteamos de acordo en esencia, pero si é certo que nós cremos moito máis no diálogo, non en rachar as relacións internacionais, porque si que cremos no diálogo e rexeitamos medidas unilaterais.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas, pois quenda agora por parte do Partido Popular. Si.

- **GUSTAVO DÍAZ REY:** Muchas gracias, señora alcaldesa. Buenos días a todos y a todas. En primer lugar, me gustaría señalar que desde este pleno municipal lamentablemente no tenemos la capacidad de influir en esta cuestión, principalmente porque no entra dentro de nuestro régimen competencial.

Como sabrán ustedes la competencia en este caso es exclusiva del Estado, así lo dice la Constitución Española en su artículo 149 y lo reitera la doctrina del Tribunal Constitucional.

Entiendo que se trata de una reivindicación absolutamente legítima de los ciudadanos y que en efecto estaremos de acuerdo sobre muchas cuestiones, por supuesto.

Estamos de acuerdo con que Israel no puede obviar la declaración de Ginebra ni cualquier otro tratado internacional que establezca la protección da población civil y defina los crímenes de guerra, como es el Estatuto de Roma, de la Corte Penal Internacional.

Pero, reitero, no tenemos poder ni competencia para impulsar tal cosa.

Por eso traer esta cuestión aquí al pleno hoy, además de pretender iniciar un debate, entiendo que tiene poca o ninguna utilidad.

ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refº: ispac3914544122590250579.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 28-12-2023

Por lo tanto considero que non debo utilizar mi intervención para hacer análisis simples de una de las situacións políticas y sociales más complejas que ha dado la historia ni mucho menos pretender hacer política porque es un tema realmente trágico.

Pero aprovecho para deixar claro desde este momento que la postura que adopta este grupo municipal en torno a este conflicto es la condena enérgica a cualquier ataque contra la población civil sean cuales sean las víctimas y que estamos de parte de garantizar la paz y la seguridad y el respeto de los derechos de la ciudadanía y de la estabilidad regional.

Por supuesto no son ustedes los únicos que se escandalizan, que sufren, se sobrecogen y condenan los horrores que estamos viendo allí desde hace muchos anos.

Por lo tanto, si se trata de mostrar nuestra solidaridad y nuestro apoio a los civiles palestinos, por supuesto que lo hacemos. De hecho, también debo deixar claro que somos partidarios de traballar para la resolución de este conflicto por medio de la solución de dos estados y avanzar hacia el reconocimiento del Estado de Palestina. Sin embargo, consideramos importante, y supongo que estaremos de acuerdo en esto, que la comunidad internacional se tiene que mobilizar y, sobre todo, que se dé la oportunidad de dialogar, porque es la única herramienta efectiva en esta clase de conflictos internacionales.

Por eso no podemos estar de acuerdo con ustedes en el momento en que pretenden exigir una ruptura de las relaciones, ya que difícilmente se podría conseguir la movilización y el diálogo cumpliendo con esta exigencia.

Reitero que la posición que adopte el gobierno en relación con este conflicto no depende de nosotros y que tampoco pretendemos hacer política de una situación tan triste.

Por eso, no podemos tomar otra posición que non sea la de la abstención.

Y resaltar que hay otras formas de colaborar desde este pleno. Por exemplo, a través de iniciativas que garanticen la llegada de ayuda humanitaria a la población civil en Gaza.

Debo terminar mi intervención reiterando que condenamos la vulneración de los derechos humanos que ha habido en ambas direcciones y que estamos siempre con la preservación de la población civil y con el derecho a existir de los dos Estados.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Iniciamos a segunda quenda de intervencións. Tres minutos para o señor Arroxó, o grupo propoñente.

- **RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ:** Grazas. Primeiramente, agradecer tanto a intervención de Paula Alvarellos, como a de Gustavo Díaz porque ademais amosando, pois, o seu voto, sendo conscientes das diferencias da visión que pode haber, diferencias ideolóxicas neste aspecto, pois ao respecto a esta situación que

ademais que coa... se poida aprobar esta proposición que presenta, pois, a plataforma da que hoxe hai representantes neste pleno.

Porque o certo é que a situación, como advertía antes, é moi dura. A cuestión está a ter unha resposta internacional moi importante, porque incluso cabería resaltar algo que non se está a falar moito mediaticamente, pero a de miles, ducias de miles de xudeus por todo o mundo que se están a mobilizar en contra do sionismo. En contra deste xenocidio. Persoas que din que berran co lema de "Non no meu nome", porque isto non é unha cuestión do pobo xudeu. É unha cuestión dunha ideoloxía terrible, terrorífica, terrorista, como é o sionismo, que o que pretende é a limpeza étnica dun territorio, e que está agora mesmo gobernando no estado de Israel.

Ben, como se falou aquí, ademais comentou, ten que ser... Nós aí concordamos plenamente, a comunidade internacional quen preme ao goberno de Israel, ten que ser a comunidade internacional quen prema. Que agora mesmo, evidentemente, non o está a facer coa forza que que debese.

Porque eu estou convencido que non se lle consentiría a ningún outro estado do mundo facer as atrocidades que está facendo agora mesmo o goberno de Israel. Sendo todo o mundo consciente de que son atrocidades, pero non se lle está a premer como se lle presentaría a calquera outro estado.

De feito, e como tamén se dixo aquí, hai resolucións da ONU que piden unha tregua humanitaria. Hai resolucións da ONU que piden recoñecer o Estado palestino. Hai resolucións da ONU que piden que se devolvan os territorios ocupados ao pobo palestino, das cales Israel leva décadas facendo caso totalmente omiso.

Polo tanto, é evidente que a comunidade internacional ten que premer e é quen ten capacidade. E falouse tamén, e quería tamén poñer sobre a mesa, que, efectivamente, o pleno non ten competencias para isto. Pero os plenos municipais debaten de cuestións que están a acontecer que non teñen competencia directa, que o propio Partido Popular presenta con total lexitimidade en moitas ocasións proposicións nesa liña.

Pero é importante que os diferentes concellos, neste caso, pois do Estado español, pero tamén do mundo, pois se posicionen e que amosen a súa solidariedade co pobo palestino, porque cando se amosan, sempre se di que traballando en local moitas persoas pequenas facendo pequenas cousas poden cambiar o mundo. E iso é o que temos que facer.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Segunda quenda para a portavoz do Grupo Socialista, señora Alvarellós.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señora alcaldesa. Realmente estaba repasando un pouco porque me alegro moito tamén que

esteamos todos de acordo polo menos na esencia, porque eu creo que toda Europa está de acordo na esencia.

Unha cousa é un ataque, como foi un ataque terrorista, que hai que condenar, e outra esas actuacións con tinguaduras xenocidas que se están desenvolvendo neste momento. É gravísimo cada día que vemos as imaxes e cada vez que escoitamos as cifras. Pero tamén quero recordar aquí que tan pronto foi o noso presidente do goberno, que foi un dos primeiros que actuou, xunto con Antonio Guterres, secretario xeral da ONU, quero recordar tamén como se respondía desde a bancada popular no Parlamento español e nos diferentes medios de comunicación. Hoxe xa como é moi evidente parece que xa estamos recuando, pero benvidos todos, todos temos que estar aí e todos temos que loitar por iso, porque a violencia nunca é o camiño.

En realidade é unha árbore putrefacta que soamente dá froitos envelenados. Palestinos e israelís deberán encontrar un espazo para o diálogo, coa axuda da comunidade internacional. Pero, como lle dixen, señor Arroxo, recoñecemos e apelamos ao diálogo como única ferramenta. Nunca romper pontes. Temos que tratar de falar e apoiar, como fai o noso presidente do goberno, como facemos nós, como fai calquera parlamento, como fai esta casa. Eu creo que é importante que todos e, polo menos, saiban que estamos falando dela.

Porque, desde logo, a reacción que se está producindo neste momento ten tintes xenocidas, pero será a Corte Penal Internacional a que determine iso, non somos nós quen para vulgar. Vulgarán os organismos internacionais e apelemos a eles.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Pois segunda quenda para o señor Díaz, tres minutos.

- **GUSTAVO DÍAZ REY:** Muchas gracias. Simplemente reitero lo dicho. Es una reivindicación legítima absolutamente de los ciudadanos y de su grupo y de los grupos aquí representados.

Considero que una situación tan sensible merece prudencia y merece una reflexión muy profunda y por encima de cualquier divergencia interna que podamos tener.

Tengo que decir que echaba un poquito de menos el diálogo entre los grupos previo a presentar esta proposición, ya que hay muchos puntos en los que seguro que podríamos estar de acuerdo o incluso para poder redactar alguna declaración institucional como hemos hecho en otras ocasiones con otros temas...

Bueno, quizás ese... Compartir estos debates antes del pleno podría haber sido para nosotros interesante.

Sin ir más lejos, sabrán ustedes que el Partido Popular votó en 2014 a favor de la proposición por la que el Congreso apoyó el avance hacia el Reconocimiento del Estado de Palestina o que el Parlamento de Galicia emitió una declaración institucional unánime el mismo año, pidiendo al gobierno que se impulsara el reconocimiento del Estado de Palestina.

Pero, como he dicho, las peticiones que presentan aquí hoy exceden del régimen competencial de este pleno municipal y por eso mismo no podemos hacer desde aquí efectivo nada de lo que se propone.

Aunque sí es importante poder compartir aquellas opiniones de todos. Por lo tanto, como dije antes, vamos a abstenernos en la votación, por lo que hemos expuesto en la primeira intervención.

Y, dicho esto, simplemente reitero nuestra postura, que la protección de la población civil es lo más importante, que condenamos la vulneración de los derechos humanos que ha habido en ambas direcciones y que estamos de la parte del cumplimiento de la legalidad internacional. Muchas gracias.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazaz. Pois última quenda para o grupo proponente. Un minuto.

- **RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ:** Simplemente así por aclarar. Esta proposición, aínda que a presentamos dende o grupo municipal do BNG, é unha proposición trasladada por un colectivo que é a Plataforma Lugo por Palestina, a cal aproveito para agradecer, xa que hai aquí representantes tanto o seu traballo nestas semanas como o no traballo con esta proposición, e que asistídeses hoxe ao pleno, porque, seguramente, pois, para moita xente pois non é fácil conciliar horarios. Así que grazas, seguíde traballando nesa liña porque realmente é necesario e agradecer, pois, tanto ao Partido Socialista como ao Partido Popular a súa intervención porque creo que foi correcta, non? Coas nosas diferencias, pero correcta na liña de buscar a paz nun territorio que leva moitas décadas sufrindo.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Pois en primeiro lugar sumarme a esa benvida e agradecemento, pois, a representantes da plataforma Lugo por Palestina por querer presenciar e estar aquí acompañándonos neste debate, como moi ben dixo o portavoz do BNG, o señor Arroxó. Esta é unha iniciativa da propia plataforma coa que nós tamén estivemos en contacto manifestando as nosas posicións e respectando, evidentemente, o texto íntegro da propia iniciativa, tal e como a presentan e queren presentala que teñen todo o dereito lexítimo para facelo.

Non tendo competencias este concello neste tema, como outros moitos que se trouxeron, si pode ser altofalante. O altofalante do Concello onde se manifestou en esencia, todos estamos de acordo co fondo e co propósito da mesma, e se con este altofalante contribuímos a aportar o noso grao de area para que se poida finalizar esta atroz guerra que se está vivindo, pois benvido sexa.

En todo caso, como se manifestou por parte dos grupos participantes, a abstención, polo tanto a proposta sairá favorable.

Imos proceder a votar a mesma.

ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refº: ispac3914544122590250579.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 28-12-2023

6/159 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 326/2023 DE REXISTRO DE PLENO, PARA O ABASTECIMENTO DE AUGA NAS PARROQUIAS DE ADAI, O VERAL E SANTA MARÍA ALTA (Exp. 2023/G004/001080).

Vista a referida proposición cuxo texto é do seguinte teor:

“A localización actual dos depósitos da auga de Penarrubia facilita que, na liña de seguir dotando a rede de abastecemento polo rural do noso concello, se poida dar un importante paso achegando este servizo ás parroquias que rodean o alto no que se atopan os depósitos, tal como son Adai, Santa María Alta e o Veral, a maiores de rematar a instalación nos lugares que aínda quedan de Orbazai como Penarrubia.

O completo abastecemento de auga na zona rural vai ser imposible a curto prazo, tamén é probable que sexa inviable a total cobertura de auga potable dende a actual ETAP, tanto polas distancias como polas considerables diferenzas de cota de altitude, polo que será preciso estudar alternativas para poder cubrir toda a poboación do rural do concello, como poderían ser traídas comunitarias. Para isto o Concello debe traballar cos seus recursos propios.

Por todo iso, o Grupo Municipal do Partido Popular considera de interese municipal que o Pleno da Corporación Municipal ACORDE:

Que o goberno municipal inicie no ano 2024 os proxectos de abastecemento dos núcleos e parroquias do contorno dos depósitos de Penarrubia: O Veral, Santa María Alta, Adai e o lugar de Penarrubia.”

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- **Votos a favor:** 12 do Grupo Municipal do Partido Popular.
- **Votos en contra:** 13 dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno **ACORDA** REXEITAR a proposición presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular, anteriormente transcrita.

DELIBERACIÓN

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Pois por parte do Partido Popular, quen vai tomar a... Señora Rubinos, si? Cinco minutos.

- **FLORA RUBINOS ROIS:** Bos días. Grazas, señora alcaldesa. Coa data de abril do 2017, o Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, cunha emenda que limitaba ao Partido Socialista Obrero Español, solicitaba, co axeitado emprazamento dos depósitos de auga de Penarrubia, fose empregado para dar servizo de abastecemento ás parroquias de Adai, Santa María Alta e o Veral.

A maiores de completar aquelas vivendas puntualmente desabastecidas na propia contorna da ubicación dos depósitos. A acta que reflicte o acontecido da reunión do pleno municipal de data do 27 de abril recolle que os grupos municipais do Bloque Nacionalista Galego, do Partido Popular, de Ciudadanos e Lugonovo e mixto votaron a favor de que se iniciasen os traballos para que estas parroquias contasen con este necesario servizo. Os votos do grupo municipal socialista foron contrarios a aceptar este obxectivo.

O propio voceiro do Bloque Nacionalista Galego dicía na sesión de que é plenamente necesario, por iso, iniciar un proceso para levar o abastecemento á totalidade do rural do noso concello. E o que si creo é que se deben cubrir canto antes e cremos que desde o Bloque Nacionalista Galego son as zonas que están arredor dos propios depósitos da auga, como son as parroquias de Adai, do Veral, de Santa María Alta... O seu discurso continuaba dicindo que o rural é precisamente a zona que máis sofre e que máis abandonada está e que menos servizos e fracturas ten, pedíndolle ao goberno que reflexionase sobre as prioridades e sobre todo as que tiña na zona rural.

Máis de cinco anos despois con xa máis dunha lexislatura formando parte do goberno municipal, temos que vir a solicitar que cumpran coas súas propias demandas, levando a realidade ás súas propias propostas.

Do seu actual socio de goberno, que en 2017 votou en contra desta proposición, que solicitaba proporcionar abastecemento, só podemos recordar que moitos anos despois de que o señor Orozco prometese levar este servizo a toda a contorna rural, menos dun 30% do total das parroquias contan con abastecemento e saneamento en funcionamento.

Cómpre, polo tanto, solicitar mediante esta proposición que as áreas de mobilidade, infraestruturas, de transición ecolóxica e incluso o rural do actual goberno municipal, adopte compromiso de execución no menor prazo posible, dunha rede de derivacións e acometidas individuais para todas as vivendas existentes nas parroquias de Adai, Santa María Alta e o Veral.

- **RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ:** Grazas. Quenda agora para o voceiro do Goberno, seis minutos.

- **MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ:** Moitas grazas. Bo día a todos e o bo día aos veciños e veciñas de Santa María Alta que vexo por aí. Ben, traen aquí de novo un tema que é recorrente ao que tratei de contestar en diferentes ocasións. É evidente que con pouco éxito. Descoñezo se non fun quen de explicarme suficientemente, que é posible, ou tamén porque simplemente non queira entender o grupo do Partido Popular.

Seguramente, pois teña algo que ver co feito de que pensan que atoparon un filón para catro anos no que poder desprestixiar a este goberno, algo que, efectivamente, utilizaron anos anteriores, pero que eu digo eu digo, lamento, se incrementou de forma notable neste mandato.

O nivel de crispación que vexo ultimamente, señora Candia, nunca escoitei nesta casa.

Pensarán que, seguramente, pedindo de forma ilimitada saneamento e abastecemento para a totalidade do Concello lles vai traer grandes réditos. Dubido que sexa así, porque os veciños son intelixentes, en primeiro lugar, e segundo porque é indiscutible que calquera que teña un mínimo de datos ou un mínimo de información, pois se poida decatarse da magnitude do que nos están a pedir. É dicir, nada menos que saneamento e abastecemento na totalidade do Concello.

332 kilómetros cadrados, 54 parroquias, 345 núcleos de poboación e moitas vivendas diseminadas por todo o territorio e obviando ademais algúns aspectos fundamentais como é a orografía, as distancias, o custo económico ou incluso as dificultades técnicas, como a necesidade de bombear.

Mire, voulles dar un dato que creo que é bastante clarificador. A primeira fase do saneamento das parroquias de Calde, Esperante, Lamas e Monte de Meda, no novo tramo que vai en concreto desde a Louzaneta ata o cruce do hospital, o custo ascende a 1.992.000 euros. É dicir, case dous millóns de euros en 3,8 quilómetros.

Trasladado isto á totalidade do municipio, que é o que nos pide ao Grupo Popular, sobre todo a través dos medios de comunicación, suporía, enténdanme ben, suporía investir a totalidade dos orzamentos municipais, a totalidade, os vindeiros 30 ou 40 anos.

E iso é o que nos están a pedir. Non sei se consciente ou inconscientemente.

En todo caso, si lles pediría un pouco de rigor e un pouco de coherencia nas súas demandas, porque, mire, esta moción que nos presentaron é unha pura contradición en si mesma.

Comenzan dicindo que, e leo, o completo abastecemento da auga na zona rural vai ser imposible. Tamén é probable que sexa inviable a total cobertura de auga potable na ETAP, tanto polas distancias como polas diferenzas de cota.

Mentira. Non son eses as causas. Na segunda intervención tratarei de explicarlles. E, inmediatamente, unha vez admitido iso piden efectivamente a auga no Veral, en Santa María Alta, en Adai e en Penarrubia. En que quedamos? Pódese facer ou non se pode facer? É viable ou deixa de selo? Ou é viable soamente naquelas zonas onde vostedes consideran?

E logo outra cousa, é dicir, na petición inclúen no listado as parroquias de Adai e Penarrubia, que, escóiteme ben, xa dispoñen de abastecemento porque nós o fixemos.

Estannos pedindo abastecemento nun núcleo e unha parroquia completa onde xa o executamos.

Por tanto, pois queda claro, que non lles interesa, desgraciadamente, solucionar os problemas de abastecemento dos veciños, senón que buscan a confrontación, a descualificación política e réditos electorais. E por aí, xa lles digo, non os van atopar.

Din máis, limítannos incluso dicindo que nesas traídas que hai que abordar, e leo literalmente de novo, o Concello debe traballar cos seus propios recursos.

Home, non nos limiten a posibilidade de que acudamos a subvencións doutras administracións, pero fano porque teñen medo que, efectivamente, lle reclamemos á Xunta e ese canon da auga que todos os veciños deben de saber: 12 millóns de euros que levamos e apoquinado os veciños e veciñas de Lugo á Xunta de Galicia, como canon da auga sen que revertise nin un só céntimo.

E con eses cartos, pois efectivamente, poderíamos acometer traballos de saneamento e abastecemento como de o de Santa María Alta ou outras parroquias. Desde logo, non aqueles nos que xa están executadas.

Ben, na segunda intervención ampliarelles en concreto o tema do abastecemento.

- **RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ:** Segunda quenda para o Partido Popular, tres minutos.

- **FLORA RUBINOS ROIS:** Bos días aos veciños de Veral e Santa María Alta por acompañarnos hoxe aquí, que é unha necesidade que... Din que Penarrubia, que Orbazai e Adai si que teñen, pero faltan as derivacións e os entronques en parte dos sitios tamén.

E en Penarrubia tamén. Hai un grupo de presión que manda auga para a casa do Maior. Ese non sei se o sabe. Está funcionando cunha bomba soa hai moitísimo tempo.

Condicionan a aceptación á Xunta de Galicia. Está máis que lexitimada a aceptación da solicitude que contén coa proposición presentada. A dotación das longamente demandadas infraestruturas de saneamento e abastecemento de auga servirán non só para dar cumprimento a esta antiga promesa, senón tamén como argumento real para fomentar a habitación da contorna rural e as actividades do sector primario da provincia lucense.

Non pode o grupo municipal do PSOE desvincularse da xestión dos fondos provenientes do goberno autonómico e as relacións co canon da auga porque a xestión da mesma infraestrutura, no caso da parroquia de Esperante, amosa unha ineficacia na tramitación administrativa destes fondos.

ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refº: ispac3914544122590250579.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 28-12-2023

Se houbo un concello beneficiado polo efecto do canon da auga é o de Lugo, con máis de 100 millóns de euros en actuacións como a ampliación da estación depuradora, os colectores ou o acondicionamento da marxe dereita do Miño, así como importantes melloras no saneamento do barrio da Piringalla.

Non cabe, polo tanto, aceptar a emenda presentada, pero si corresponde a este grupo, e a iso se compromete neste intre, facilitar a colaboración da Administración autonómica para acadar o obxectivo que contén esta proposición.

Si corresponde ao goberno local dar resposta ás demandas da súa veciñanza, polo que de rexeitar da proposición o grupo municipal do Partido Popular acompañará aos veciños destas parroquias da contorna ata que sexa satisfeita esta demanda, que seguiremos a reclamar.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben. Moitas grazas. Pois queda agora para o portavoz municipal, concelleiro de Medio Rural.

- **MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ:** Señora Rubinos, sabe o peor... é non ter nin sequera interese en facelo, porque vostede estanos falando agora dunha emenda que nin sequera existe e nin sequera a presentamos.

E mire, nós non lle facemos demagogia nin enganamos aos veciños: falamos con datos e os datos son que en Adai, núcleo do Vilar, 51.700 euros para abastecemento. Núcleos de Adai, Cancelas, Vilarmaior e Porto Meilán, 136.000 euros; núcleo de Ferreiros, 98.4000 euros, e na parroquia de Orbazai, en concreto o núcleo de Penarrubia, chegamos co abastecemento cun orzamento de 104.000 euros.

En todo caso, dicíalles antes que falamos de saneamento, que lles vou poñer tamén uns exemplos de abastecemento e como vostedes saberán dispoñemos na zona de captación de auga no río para subministrar auga pois tanto á cidade como ás parroquias que teñen, de tres bombas de impulsión.

Ben, en agosto pasado, por mor da seca vímonos obrigados a paralizar unha e en cuestión de días estívoise a ao de ter que parar unha segunda. Co cal, comezaríamos coas seguintes restricións para os fogares e para os negocios.

Desgraciadamente, os expertos aseguran que esta situación non só vai ser máis frecuente, senón que se vai agravar. Por tanto, máis aló deste debate cortoplacista de se ampliamos a traída a unha zona ou deixamos de facelo ou cales priorizamos, estamos, e créanme, diante dun tema de moito calado que nos preocupa que o Concello terá que abordar antes cedo que tarde, e no que xa lles digo que estamos a traballar.

Ese, máis aló destes debates, é o gran reto e o gran desafío que temos por diante, porque nos guste ou non os caudais do río baixan, os mananciais diminúen, a capa freática diminúe, de maneira que dan mostras de esgotamento ou, polo menos, de diminución do caudal.

Eu con isto non quero ser catastrofista. Eu digo e aseguro e manifesto que o abastecemento da auga no municipio está garantido, ben polos abastecementos municipais, por traídas particulares, por traídas comunitarias, por pozos, por mananciais, etc.

De feito, nos últimos anos foron moi contadas as veces que tivemos necesidade de subministrar auga a algún domicilio ou a algunha explotación agrogandeira, pero sempre por algún tema de avarías.

De maneira que o problema está aí e a nosa obriga é adiantarnos e buscar solucións e non ampliar indiscriminadamente e acriticamente o abastecemento se non sería neste momento nin realista nin responsable.

Sería, seguramente, politicamente correcto e o trataríamos de...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben. Moitas grazas, finalizou... Finalizou o seu tempo. Último minuto para o grupo propoñente, señora Rubinos, un minuto.

- **FLORA RUBINOS ROIS:** Coa presentación desta proposición, o grupo municipal do Partido Popular demostra o seu compromiso coa veciñanza da contorna rural e as súas necesidades, que seguiremos a atender e trasladar ás administracións públicas con capacidade de xestión, especialmente ao goberno municipal na asunción das súas competencias e responsabilidades.

Nesta liña, hoxe solicitamos dar servizo de abastecemento ás parroquias de Adai, Santa María Alta e o Veral, a maiores de completar aquelas vivendas puntualmente desabastecidas na propia contorna da ubicación dos depósitos.

O obxectivo que hai algo máis de cinco anos solicitaba o agora responsable das áreas de mobilidade e infraestruturas, e de seguro sigue a crer que é urxente e necesaria.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. En primeiro lugar, darlle a benvinda aos veciños e veciñas das distintas parroquias aquí presentes. É un pracer ver o salón de plenos acompañado pola cidadanía para escoitar de primeira man os debates e o que temos aquí que dicir.

Vou iniciar falando novamente de demagogia e desinformación, porque prefiro falar de demagogia e desinformación que volver falar de mentiras, porque falar de que a Xunta reverteu en Lugo o canon da auga para facer as infraestruturas como a ETAP e a EDAR e non contextualizalo no tempo que isto foi dado, que foi entre o ano 2005 e 2009 e hai que recordar que quen gobernaba naquel momento a Xunta de Galicia era o Partido Socialista e o BNG, coa presidencia de Emilio Pérez Touriño, que foi cando si percibimos fondos para poder realizar estas infraestruturas, pois é facer demagogia sobre o mesmo, porque dende que eu son alcaldesa, e xa van oito anos, nós temos transferido á Xunta de Galicia, en

concepto de canon da auga, máis de 11 millóns de euros. E nestes oito anos a Xunta de Galicia ten revertido ao Concello de Lugo 0 millóns de euros.

E vou poñer outra vez o dato enriba da mesa, do que falaba hai un momentíño, e reitero, e non o digo eu, que o di o Consello de Contas, ten devolto a Xunta de Galicia en fondos europeos, en vez de transferilo aos concellos. Prefire devolver os cartos a Europa en vez de que os teñamos os concellos nos que non governa o Partido Popular. E a cifra ascende a case 600 millóns de euros.

Imaxínense vostedes cantos saneamentos e abastecementos puideramos ter xa feitos con eses 600 millóns de euros que a Xunta prefire devolver a revertelos no territorio.

Esta é a realidade, por crúa e dura que sexa.

Nós, dentro das posibilidades e dos orzamentos, seguiremos apostando, como ben se dixo aquí, polo abastecemento e polo saneamento e aínda estamos a expensas tamén de que a Xunta de Galicia nos dea resposta do último proxecto presentado, para poder cofinanciar nese 70/30, que por certo, ese 70/30 tamén se implantou no goberno presidido por Emilio Pérez Touriño, cando era presidente da Xunta de Galicia.

E a realidade é a é, os datos son os que son e esta é a circunstancia. Polo tanto nós nesa folla de ruta seguiremos traballando para seguir dotando deses servizos básicos aos nosos veciños e veciñas das cincuenta e catro parroquias deste concello.

E como xa se dixo que se estaba a realizar na mesma tónica que facemos sempre con aquilo que se está a realizar ou no que se está a traballar, non van ter ese apoio tácito, porque entendemos que aquí se ten que vir con propostas novas e non aquilo no que se estea a traballar ou se estea a realizar.

Así que imos proceder a votar esta proposta.

7/160 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 327/2023 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A MODIFICACIÓN DA NORMATIVA E PLANEAMENTO URBANÍSTICO DO EIDO LOCAL EN RELACIÓN COAS NORMAS DE HABITABILIDADE DE VIVENDAS DE GALICIA (Exp. 2023/G004/001081).

Vista a referida proposición cuxo texto é do seguinte teor:

“O Grupo Municipal do Partido Popular entende como positiva a revisión da normativa e planeamento urbanístico do eido local na procura de aproveitar as posibilidades introducidas no Decreto 128/2023, do 7 de setembro, polo que se modifica o Decreto 29/2010, do 4 de marzo, polo que se aproban as Normas de habitabilidade de vivendas de Galicia.

O citado decreto analiza a problemática que supón para algunhas cidades o progresivo abandono dos locais destinados a usos comerciais, e que implica

un proceso de degradación da imaxe da cidade e da propia vida urbana con baixos pechados e baleiros.

Entre as actuacións propostas, que contribuirían a solucionar este problema, atópase a modificación da normativa de habitabilidade, co obxecto de flexibilizar as condicións de protección de vistas das vivendas en plantas baixas e de que se poidan realizar cambios de uso destes locais para a vivenda, pero sen menoscabar as mínimas condicións de calidade, intimidade e seguridade establecidas nas vivendas. En calquera caso, semella ser preciso adoptar medidas dende o goberno municipal, na procura de aproveitar as devanditas posibilidades.

Por iso, o Grupo Municipal do Partido Popular considera de interese municipal que o Pleno da Corporación Municipal ACORDE:

Asumir, por parte do Goberno Municipal, un compromiso de actualizar a normativa e planeamento urbanístico do eido local na procura de aproveitar as posibilidades introducidas polo Decreto 128/2023, do 7 de setembro, polo que se modifica o Decreto 29/2010, do 4 de marzo, polo que se aproban as Normas de habitabilidade de vivendas de Galicia.”

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- **Votos a favor:** 12 do Grupo Municipal do Partido Popular.
- **Votos en contra:** 13 dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno **ACORDA** REXEITAR a proposición presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular, anteriormente transcrita.

DELIBERACIÓN

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, por parte do Partido Popular, señor Cabarcos, cinco minutos.

Voces de fondo dunha persoa do público, ante a cal a alcaldesa presidenta lle informa que non se permite a intervención do público, que cando queira pode solicitar unha reunión co concelleiro ou con ela mesma, pero que ten que deixar continuar a sesión plenaria.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** [...] intervención por parte do Partido Popular, o grupo proponente.

- **RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ:** Grazas. Señores e señoras membros da Corporación, a proposición que agora imos debater ten como obxectivo a posible recuperación e emprego de locais baleiros, de diferentes tipos, existentes na trama urbana da cidade para un novo uso acorde coas demandas existentes.

Estes obxectivos son os de posibilitar primeiro e facilitar despois a transformación en liña co que este grupo e o sentido común entende como sostibilidade e eficiencia, que é o aproveitamento dos recursos existentes ou xa existentes, referíndose neste caso aos inmobles xa construídos en vez de xerar un novo con nova pegada de carbono e novos custos de mantemento.

Por iso esta proposición solicita a modificación de toda normativa e o planeamento urbanístico do eido local na procura de aproveitar as posibilidades introducidas polo Decreto 128/2023, que modificou as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia.

A xustificación desta iniciativa baséase en que na cidade existe un número moi significativo de locais baleiros como para terse en conta e froito da evolución histórica do planeamento e das súas disposicións e tamén a difícil case agónica nalgún caso situación da actividade económica minorista, que non está a ser beneficiada pola situación económica en xeral e as accións do goberno local en particular.

E desta evolución e a situación producida derívanse un desperdicio de recursos comúns, locais baleiros sen uso. Uns custos de mantemento estériles e improdutos, unha contorna urbana envellecida, desatendida e deteriorada.

E parte desta solución, a xuízo do grupo municipal do PP, pasa por atopar unha rendibilidade económica a estes inmobles, marxinados por disposicións normativas, camiñar en prol dunha verdadeira e non impostada eficiencia no emprego dos recursos e a sostibilidade.

Satisfacer a demanda do mercado doutros usos, nomeadamente o de vivenda, sen intervir prexudicialmente nin no mercado de aluguer nin no equilibrio de densidades e servizos urbanos, procurando a mellora na mobilidade, rodado e peonil, a ocupación dos inmobles e ornato urbano, conseguindo con isto ademais outras vantaxes engadidas, como poden ser a estabilización dunha poboación implicada co barrio, que inviste nas propiedades e crea vínculo con elas. O incremento da demanda comercial que á súa vez recupera locais baleiros para volver recuperar a actividade económica, a dinamización do ambiente urbano, sen mudar pavimentos, só cunha acertada xestión das dinámicas sociais e sempre tendo presente que unhas responsabilidades da administración local son as de xestionar estas densidades poboacionais.

Non é café para todos. Non é de calquera xeito, co planeamento urbano e a posibilidade de soste a realidade existente, xestionar unha mobilidade acorde con

estas densidades, así como a lícita demanda de aparcadoiro de vehículos, adecuar as necesidades á poboación existente, evitando rúas fantasmas, con algunhas das repavimentadas, e controlar as intervencións dos inmobles, especialmente os que son obxecto de transición da propiedade.

Estes son os motivos desta proposición que aconsella levala a cabo, fronte ao pleno municipal, e queremos aclarar que falando de locais baleiros e sen uso, non pretendemos cambie e mude o uso da vivenda do novo Auditorio nin do Impulso verde, a pesares de non ter uso e ser exemplos disto.

De momento só falamos de inmobles baleiros en planta baixa dentro da trama urbana. E tamén quero lembrar que catro días despois de que esta proposición fose rexistrada a prensa local anunciou que "el plan urbanístico de Lugo ya permite esta adaptación, pero se variará para favorecer el uso residencial", con que agora parece procedente que escoitemos e que pregarlles que nos informan do que se está a facer, da información do que está a traballar, sobre as medidas anunciadas polo goberno municipal coa idea de poder facer na segunda quenda algunha alegación ou aportación, ou non, que quizais non faga falta, e que nos expliquen en que senso en que dirección están traballando nesta iniciativa.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben. Moitas grazas, pois por parte do goberno, a concelleira de Sostibilidade Urbana.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Bo día, señor Cabarcos. Realmente estou sorprendida, pero non sei moi ben cal é a súa proposición.

Esta mañá levanteime cunha noticia que ía falar de aparcamentos en altura... Non sei cal é a proposición, a proposición é esta que presentaron. O outro... Ao principio pensei que como hoxe é o Día dos inocentes se tiña algo que ver co día dos inocentes, a verdade, pero eu vou contestar á proposición que teño aquí coa petición que teño aquí, porque o demais creo que é unha inocentada, ou polo menos eu tomeina así.

Porque a parte das barbaridades que se propoñían, auténticas barbaridades, pois eu vou contestar o que teño escrito.

O primeiro que quero dicirle é que, como sempre, chegan tarde, mal e arrastro. E outra cousa que lle quero dicir é facer un pouco de historia. Facerlles un pouco de historia porque na campaña electoral, con vostede debatín nalgún sitio, concretamente creo que na Cadena Ser, xa plantexabamos nós, antes de que saíse o decreto da Xunta, concretamente na páxina 19 do noso programa está concretamente a modificación simplificada do PXOM e do PEPRI para cambio de uso de vivenda en planta baixa.

Non veñan agora, porque esta proposición só ten un tal... É dicir, o pedimos nós. Vostedes non pediron nada. É un compromiso que tiñamos nós. Si é certo que os 7 de setembro entrou en vigor un decreto da Xunta. De repente... Que di: imos cambiar as normas de habitabilidade. Imos cambiar as normas de habitabilidade. E

ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refº: ispac3914544122590250579.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 28-12-2023

para iso necesitamos, como vostede ben sabe, que vostede é técnico... Só necesitamos un anexo, que ten unha tramitación longa custosa, pero non é o mesmo que a que dicíamos nós de modificar puntualmente o PXOM e o PEPRI.

Polo tanto, quería recalcarlle esta historia, porque sempre veñen tarde, mal e arrastro. O que vin eu é que esta mañá cando lía puxeron esta proposta, tan pronto viron que xa se estaba traballando, desde logo nin se deron conta que xa estaba proposto desde o mes de abril e incluso debatín con vostede na Cadena SER, como digo, de repente, déronse conta de que meteran a pata. Estaban pedindo algo que xa se estaba facendo. Porque como lle digo, non sei que día saiu na prensa, pero a entrevista foi moito antes. O que pasa é que a prensa determina os seus momentos cando a pon. Pero moito antes da súa tamén proposta.

O que está claro é que non len nada, non lles interesa nada. Lugo non é o primeiro. Vostedes están a outras cousas. Lugo non é un fin, senón para vostedes é un medio, sobre todo para algúns é un simple medio. Entón, non escoitan nada nin saben nada, pero tan pronto souberon que estabamos traballando nisto, claro, a cachada, dito vulgarmente, é moi grande. Entón, onte convocan á prensa para dicir: imos cambiar. I mos cambiar, que ven no periódico.

Na proposición non hai nada. Non hai unha emenda de engádega, que xa sería a segunda enmenda que... Fan unha proposición. Teñen que emendarse outra vez, pero é que nin sequera é unha emenda de engádega.

Polo tanto, eu creo que teño que contestar a isto. E vostedes propoñen que se asuma por parte do goberno municipal un compromiso de actualizar a normativa de planeamento de acordo co decreto 128 da Xunta de Galicia do 23. É xa o estamos facendo, pero fai tempo que o estamos facendo.

O que pasa é que vostedes nin saben o que estamos facendo... Teñen como unha diarrea propositiva. Todo o día unha diarrea propositiva tremenda. Para aquí, para alá. Non saben moi ben... Andan como polos sen cabeza. E agora aquí, agora claro, cachada criminal. Dito vulgarmente, perdoando. E entón que imos facer? Hai que dicir algo.

Aparcamientos en altura.

Por certo, recordoume a Chávez. "¡Exprópiese!" Vou ir aos veciños da Milagrosa e vou dicir "¡Exprópiese!" I mos tirar todas estas casas e imos facer... Pero esa é a proposta? Polo menos foi o que lin hoxe na prensa. E fíxome...

Por iso pensei: isto ten que ser unha inocentada. Ten que ser unha inocentada, porque isto non é real. E agora escoito, porque na prensa tamén poñía que ía explicar pormenorizadamente. Nin explicou pormenorizadamente, nin fixo unha emenda de engádega. Polo tanto, eu teño que centrarme ao que ven aquí. E vostedes poñen que traballemos na adaptación ao decreto 128/2023 de habitabilidade.

E nós xa estamos traballando nilo. O que pasa é que vós, o grupo municipal do Partido Popular, como sempre, parece que non se decata.

Antes de todo, na proposta que fan, tamén quería recordarlle que o novo decreto... Antes deste novo decreto de habitabilidade, xa se podía facer vivenda en planta

baixa e tamén transformar un baixo, porque parece que tampouco se decatan, comercial, en uso residencial.

Pero esa proposta que lin hoxe no xornal, o que é, é como un paso atrás. É un paso atrás. Agora si que habería que modificar o PXOM. Se se fai o que están propoñendo no xornal. Porque no Concello... Non non sei para que lle deu tanta importancia, pero nin sequera é unha proposta ao Concello. E un canto ao sol que sacaron hoxe o día dos inocentes.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben. Moitas grazas. Finalizou... Finalizou o seu tempo. Pasamos entón agora á segunda quenda de intervencións. Señor Cabarcos, tres minutos.

- **RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ:** Soliciteille que nos explicase de que xeito estaba traballando. Non mo dixo, co cal teño que limitarme ao que pon na prensa, que é o único que eu sei. Entón voulle dicir o que propoñemos nós.

Semella que toda a trama urbana vana tratar cos mesmos criterios e excluír locais de entreplanta sen motivo aparente para que isto non poida ser así.

Voulle explicar, porque probablemente non o saiba, que unha anexo de habitabilidade non permite máis que literalmente modificar, eliminar as determinacións relativas exclusivamente ás condicións de proteccións de vistas desde as rúas, prazas e espazos libres, identificando parcelas ou delimitando zonas que se modifiquen e tamén podería valer para identificar os espazos que teña en consideración de exteriores. Pero para nada máis.

Semella que van empregar esta ferramenta con posibilidades limitadas dun xeito universal sen considerar particularidades e a nosa proposta é moito máis ampla e traballada.

Non vou ler os artigos e revisar por falta de tempo, pero voullos listar.

Solicitamos para posibilitar a aplicación do decreto 128 minorar a altura mínima exterior da fiestra, reducir a profundidade mínima do patio previo, a través dunha modificación do artigo 39 do PXOM ou a través do anexo de habitabilidade que parece que vostedes están a preparar.

Tamén solicitamos rebaixar a altura mínima interior de uso de vivenda, a través dunha modificación puntual do artigo 108 do PXOM. Tamén queremos posibilitar a transformación de todos os locais que cumpran as esixencias normativas de vivenda ubicados por debaixo das plantas altas do uso vivenda. Si, as entreplantas tamén. A través da modificación do artigo 49.1 do PXOM para concretar esixencias de aparcadoiro en uso residencial e a través da modificación do artigo 32.2.2 do PXOM, que define posibilidades de uso en entreplantas construídas con planeamento previo.

Tamén solicitamos para facilitar a aplicación do decreto 128 adecuar as novas esixencias aos requisitos de vivenda exterior, a través da modificación do artigo 40 do PXOM, que adecúe estas esixencias.

ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refº: ispac3914544122590250579.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 28-12-2023

E a maiores, a través dun anexo de habitabilidade que fixa as condicións dos patios de mazá, e tamén solicitamos para equilibrar os resultados da intervención derivada da aplicación do decreto 128, xestionar densidades poboacionais, porque non todos os barrios nin rúas teñen o mesmo carácter nin necesidades.

E xestionar as novas demandas de servizos comerciais porque xorden novas necesidades de novos veciños. E tamén xestionar a mobilidade ao aparcadoiro necesario co emprego na altura de espazos e edificios en uso, non soterrados sempre.

E controlar as intervencións nos inmobles derivadas desta iniciativa, cumprindo con esixencias mínimas normativas, sexan inmobles en planta alta ou entreplanta, sobre todo os que sexan obxecto de transacción.

Con esta proposta, que é moito máis coidada e ambiciosa que o traballo que parece que están a desenvolver... Imos tentar defender os intereses dos veciños e dos propietarios deste tipo de situacións. Rematei.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Pois segunda quenda para a portavoz do Goberno, señora Alvarellos, tres minutos.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Pois sigo na mesma. Vostede está facendo unha proposta nova, non fixo unha emenda de engádega, non puxo que que quería que tal...

Eu simplemente vou contestar a esta proposición e, polo tanto, volvo repetir. Chegan tarde, mal e arrastro, porque nós si que estamos adaptando a nova normativa ao decreto 128/2023.

Como xa vexo que leu a noticia da prensa, alí ven especificamente establecidas todas as modificacións que se van facer.

Por suposto que eran máis restritivas, vaise a permitir..., vaise flexibilizar determinadas cuestións, como pode ser a vivenda exterior a patio de mazás, que para nós é moi importante, sobre todo no PEPRI.

Pero esa proposta que aparece hoxe na prensa que, volvo repetir, debe ser a inocentada do día... Fala como se fosemos impoñer á xente que ten un baixo, por exemplo en zona histórica ou fóra da zona histórica, facer vivenda.

Non, vaise dar as posibilidades para que a xente que queira, poida facelo, pero non se vai impoñer a ninguén, porque parece que é así.

E para a proposta que fai vostede si que é necesaria unha modificación do PXOM. Non basta con adaptación, pero, polo tanto, eu non vou tomar en consideración o que está falando, porque vostede na proposición que trae a pleno só fala desa adaptación ao decreto 128 e non fixo ningunha emenda de engádega.

Polo tanto, como lle dixen, chega tarde mal e arrastro, tarde mal e arrastro. Porque os dous instrumentos urbanísticos se van adaptar co anexo de habitabilidade e vaise favorecer a toda aquela persoa, a todo aquel propietario que queira ter ese uso residencial, vaillo permitir. E non imos facer distincións, porque esa proclama

de liberdade constante. Que pasa? Imos restrinxir a uns si e a outros non? A uns si e a outros non? Vostede non pode e vostede pode? Non. Nós imos facer... E que sexa o propietario o que determine se quere cambiar o uso terciario a un uso residencial.

Vanse flexibilizar todas esas condicións. Polo tanto, respecto a iso, "exprópiase". Facer aparcamentos en altura... Todas esas propostas que están establecendo non imos atendelas.

Simplemente vaise votar ao que vostedes teñen aquí, e por suposto, vaise votar non, porque xa está feito...

Polo tanto, isto foi o que pasou. Que se deron conta de que estaba o traballo feito e onte convocaron á prensa para cambiar un pouco a estrutura, a ver se damos unha volta ao pleno.

Iso foi o que pasou simplemente. Polo tanto, imos votar que non, porque xa se está a facer todo ese traballo, como xa lle dixen, no noso programa electoral. Se queren ir, na páxina 19 xa...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Finalizou o seu tempo. Pasamos agora á última intervención do grupo propio propoñente, un minuto, señor Cabarcos.

- **RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ:** Realmente non sei en que aproveitar este minuto, porque vostede me contesta a cousas que leu na prensa e non me di nada de todo o que lle dixen eu. Voullo dicir claramente. O instrumento que están a empregar ou que din que lin na prensa que están a empregar é insuficiente e non vale para facer moitas das cousas que nós pensamos.

É un café para todos moi limitado. Limitase a trasladar as posibilidades do 128, mimetizar o que di o 128 en Lugo. E é moito máis o que se pode facer.

Pódese facer non en todos os sitios o mesmo, porque non todas as rúas precisan o mesmo, nin en calquera situación se poden mellorar as circunstancias para que eses inmobles poidan ter uso vivenda porque os limitan outros artigos que aparecen no PXOM, que son os que lles listei agora e que terían que tocar para poder obter un rendemento eficaz de todo iso.

Entón, creo que realmente non chega a saber cales son as posibilidades do que están facendo nin o pode defender.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas se gracias. Por moito que no transcurso do debate se poidan incorporar argumentos, evidentemente lícito e lexítimo, o que se vota é o que vén recollido no punto de acordo e non o que vén recollido nos medios.

ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refª: ispac3914544122590250579.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 28-12-2023

Esa proposta traballada e ambiciosa, da que vostede falou aquí e expuxo aquí, estivo feita nos medios e non no órgano de debate desta corporación, polo tanto non se pode e votar.

Aproveito tamén para darlle a benvida aos representantes dos medios de comunicación que, como son, pois caras habituais non o facemos habitualmente, pero como hoxe foi un pleno onde participou moita cidadanía, aproveitamos tamén para darlle a benvida aos representantes dos medios.

Incluso ata vou facer eu unha proposta tamén. Aproveito para dicirlle que nesas roldas de prensa que dan, pódena finalizar cunha votación, porque se ao final se debate nas roldas de prensa e non no órgano competente, pois poden finalizar as roldas de prensa con votación que, ademais así seguro que aí saen aprobadas as súas propostas.

Incluso ata lles deixo que traten esta aportación como unha inocentada, dado que hoxe estamos no día dos Santos Inocentes, no 28 de decembro.

En todo caso, para que non haxa lugar a dúbidas, o que se vai votar aquí é o que o Partido Popular presentou e o punto de acordo é o seguinte:

"Asumir por parte do goberno municipal un compromiso de actualizar a normativa e planeamento urbanístico do eido local na procura de aproveitar as posibilidades introducidas no decreto 128/2023, do 7 de setembro". Incidir aquí que as eleccións foron en maio e o noso programa electoral é anterior a maio. E, polo tanto, antes deste decreto xa tiñamos esta proposta feita para realizala e o que nos están pedindo aquí non é outra cousa máis que adaptemos a normativa vixente, cousa que, evidentemente, non pode ser doutra forma, pero máis aló de adaptarse á normativa vixente hai un compromiso e hai unha vontade, porque como moi ben dixo a portavoz, ata no noso programa electoral viña recollido na páxina 19 e, polo tanto, é o compromiso e nós... co compromiso que nós presentamos ás eleccións e o que mantemos durante o mandato e podemos dicir que chegamos ao final sempre dos mandatos cunha elevadísima porcentaxe do programa executado.

Neste caso, estamos a traballar nese eido e, na mesma tónica de aquilo no que esteamos traballando porque se dedican a facer política de corredores. Imos ir polos corredores das dependencias municipais a ver en que están traballando os funcionarios para así vir aquí, presentar unha proposta, porque, como ben se lle dixo tamén, nós tamén nos sumabamos a iso e nós tamén queríamos iso, xa propoñíamos nós nunha sesión plenaria, aínda que vostedes votaron que non e, reitero, o voto que non é porque xa estamos traballando.

E o que lle pedimos é que sexan máis creativos e que fagan propostas nas que non se estean traballando, porque aí seguro que conseguirán o noso apoio se son boas para a cidade.

Procedemos entón a votar o punto de acordo que presentou o Partido Popular no seu día, no que despois en rolda de prensa estableceu esas modificacións.

8/161 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 328/2023 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A GRATUIDADE DO

TRANSPORTE URBANO PARA MENORES DE 21 ANOS, MAIORES DE 65 ANOS, PENSIONISTAS E PERSOAS CON ESCASOS RECURSOS (Exp. 2023/G004/001082).

Vista a referida proposición cuxo texto é do seguinte teor:

“A mobilidade é unha das claves para o bo funcionamento dunha cidade, incluso é un dos principais eixos nos que se debe basear o proxecto de futuro de calquera urbe de cara a dar competitividade aos negocios, así como darlles calidade de vida e facilidades no día a día aos veciños e a quen visita a cidade.

Que Lugo ten un grave problema de mobilidade e conectividade co exterior é algo evidente, non hai alta velocidade, non hai autovías que conecten con Ourense e Santiago, a A-6 e as nacionais están nun estado cando menos mellorable... en canto á mobilidade interior, aprécianse problemas de mantemento viario, grave falta de estacionamento, mala planificación interna... e tamén numerosas queixas sobre as novas liñas de transporte urbano froito da reorganización deste goberno municipal.

Os usuarios do transporte urbano non medran todo o agardado, é por iso que non só hai que facer máis campañas de uso do bus urbano, dar novas facilidades de uso como a creación dunha APP móbil, e revisar as liñas que non están funcionando ben.

Outra boa medida sería poñer en marcha iniciativas que están funcionando moi ben a nivel autonómico, postas en marcha polo goberno da Xunta de Galicia, como a gratuidade do transporte metropolitano para todos os galegos menores de 21 anos e para os maiores de 65. Esta iniciativa está facilitando o día a día de centos de miles de galegos, e xa se contan por millóns os desprazamentos gratuítos dos que se favoreceron estes colectivos.

Polo tanto, se a Xunta de Galicia pode darlles transporte gratuíto aos menores de 21 e maiores de 65, por que non o vai facer o Concello de Lugo?

Dende o Grupo Municipal do PP xa se trouxo a este Pleno esta proposta dende o ano 2016, saíndo incluso aprobado por unanimidade, pero non se puxo en marcha, motivo polo cal se ve necesario reiteralo sobre todo á vista do bo resultado que está dando a nivel galego grazas á Xunta de Galicia.

É una das medidas necesarias para fomentar o emprego do transporte público en detrimento do vehículo privado, o mesmo tempo que supón ademais un beneficio social, que permitiría non só facilitar gratuitamente o uso do bus para estes mozos e maiores, senón que ademais serviría para conciencialos da necesidade de contar cunha cidade máis sustentable, limpa, con menos atascos, emisión de ruídos, polo tanto un investimento de futuro no noso municipio.

Por todo iso, o Grupo Municipal do Partido Popular considera de interese municipal que o Pleno da Corporación Municipal ACORDE:

Establecer a gratuidade do transporte urbano de Lugo para os menores de 21 anos, maiores de 65 anos, pensionistas e persoas con escasos recursos.”

ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refª: ispac3914544122590250579.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 28-12-2023

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- **Votos a favor:** 12 do Grupo Municipal do Partido Popular.
- **Votos en contra:** 13 dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno **ACORDA** REXEITAR a proposición presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular.

DELIBERACIÓN

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, por parte do Partido Popular, ten a palabra, señor Ameijide. Cinco minutos.

- **ANTONIO AMEIJIDE OSORIO:** Moitas grazas, alcaldesa. Hoxe percibo que non está quedando moi a gusto coas intervencións dos seus voceiros, porque non para de falar nos intercambios entre proposta e proposta. Debe levar acumulada xa máis de media hora larga de cháchara ou de soliloquio. A verdade é que debe estar especialmente descontenta deste pleno.

Centrémonos nesta proposición. Por desgraza non é unha proposta orixinal, nin moito menos. Ogallá non tivéssemos que traela de novo a este pleno. É a cuarta vez dende o ano 2016 que a traemos. De feito no ano 2016, aprobado por unanimidade, co voto favorable dalgún dos que hoxe están incluso nesa mesa presidencial deste salón de plenos.

Pero anos despois segue sen estar en funcionamento. Cambiaron de opinión, probablemente, que é como lle chaman agora na esquerda a mentir.

A situación do transporte en Lugo é mellorable. Sen paliativos. Temos unha moi boa empresa á fronte do sistema urbano, de transporte urbano. Unha das mellores de España. Por certo, unha empresa de Lugo. Temos unha boa infraestrutura. Temos uns bos vehículos. Temos probablemente os mellores vehículos de Galicia.

E que falla? Falla o modelo. Falla o plantexamento que está facendo dende este equipo de goberno. Non son capaces de sacar partido a este investimento que todos os lucenses facemos en materia de transporte. Non é cuestión de medios económicos, senón de que está fallando o plantexamento dende o punto de vista de decisión política.

Non vou dicir que na reestruturación do transporte o concelleiro responsable de Infraestruturas e Transporte non intentou ter reunións. É certo que nos reunimos en

numerosas ocasións. É certo que algunha proposta aceptou, pero non é menos certo que deixou moitas no caixón e que anos despois están sen corraxir moitas das deficiencias ás que se comprometeron corraxir nestes últimos anos.

A que nos leva isto? A que estamos nunha cidade de 100.000 habitantes na que estamos movéndonos nos dous millóns e medio de viaxeiros anuais, con respecto a unha cidade como Ourense, que máis ou menos, do mesmo perfil que a nosa, que ten 7 millóns de viaxeiros anuais. É dicir, estamos fallando en canto ao transporte urbano.

Entendo que están facendo o mellor que saben ou que se non o fan mellor é porque non saben, pero o que é necesario é, por suposto, mellorar estas cifras. E non me veñan con que temos un transporte público barato, non server con ser barato. Ten que ser atractivo. Ten que ser útil para que os lucenses o collan.

Miren, hai sete anos aprobamos tamén a creación dunha App móbil que segue sen estar funcionando. Dirán: hai unha páxina que non está toda a información. Xa, pero é que iso non é cómodo nin intuitivo, nin é propio do século XXI. De feito, debemos ser das poucas cidades que non temos esta aplicación que dende o Partido Popular levamos demandando, pois xa hai aproximadamente sete anos.

Si fixeron algún cambio, como os transbordos gratuítos, que o pedimos dende o ano 2016 dende este grupo quen lles fala. E conseguímolos. E conseguimos que fixesen os transbordos gratuítos. Por tanto, aí si que lles damos a en hora boa. Agradecemos que tomasen en consideración esta proposta, porque era de sentido común. Era de feito ridículo cobrar estes transbordos. E imos seguir ata o final con esta proposta que hoxe debatemos aquí. Según conseguimos o do transbordo, intentaremos conseguir tamén a gratuidade para os menores de 21 anos e para os xubilados e pensionistas.

Por que? Porque entendemos que hai que fidelizar ao usuario do transporte urbano, porque entendemos que hai que facer esa concienciación, esa labor de concienciación e de captación de novos usuarios para o transporte público, porque está aprobado por unanimidade dende o ano 2016 e porque esa cultura de transporte colectivo é necesario instaurala dende temperás idades ata os máis maiores tamén.

Diranme vostedes. Pero dean exemplo. Dean exemplo... Que fan vostedes onde gobernan? Pois onde gobernamos, onde o noso partido goberna damos exemplo.

Na Xunta de Galicia precisamente o transporte metropolitano, como ben saben, dende o ano 2016 é gratuítos para os menores de 21 anos e dende este ano tamén vai a ser dende o próximo ano, faltan uns días para que entremos nel, será gratuítos para os maiores de 65. Por tanto, efectivamente, damos exemplo.

Hoxe simplemente lles pedimos algo tan simple como coherencia e apostar por un modelo de transporte público e apostar por mellorar o día a día das persoas e apostar polo transporte urbano da nosa cidade. Simplemente lles pedimos iso.

Ven que son breve na exposición. É algo moi concreto o que pedimos. É algo moi sinxelo e de sentido común e agardamos contar co seu apoio.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** A brevidade que lle permite o tempo establecido nos plenos. Moitas grazas e quenda agora para o portavoz do Goberno, o concelleiro de Infraestruturas Urbanas.

- **RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ:** ... O de acusar de mentir mentindo, porque vaimos ver ver o que se propón aquí no que se propuxo no seu momento. Ou sexa, estase dicindo que se propón algo que xa foi aprobado no 2016, pero que cambiamos de opinión.

No día de hoxe houbo varias interpretacións, díxoo a propia alcaldesa, díxoo o concelleiro Miguel Fernández, de que estaba facendo demagogia por non decir mentira. E vou dicir que se está facendo mentira directamente, porque imos ver, imos ver o que se pide hoxe.

Establecer a gratuidade do transporte urbano para os menores de 21 anos, maiores de 65, pensionistas e persoas con escasos recursos. Imos ver o que se acordou nese pleno do 30 de xuño do 2016, aquí teño a acta: Estudar a posibilidade de establecer a gratuidade do transporte público urbano e viaxeiros menores de 18 anos. Estudar a posibilidade de establecer en función do seu nivel de renda, en función do seu nivel de renda, gratuidade para pensionistas, xubilados e colectivos de mobilidade reducida.

Son cousas bastante diferentes, unha cousa é a gratuidade a todos os maiores de 65 e menores de 21 porque si e outra estudar se iso é posible en función da súa renda.

Porque, primeiro. Eu creo que non é xusto. Eu creo que non é xusto que sexa gratuíto para todos os maiores de 65 anos e menores de 21, independentemente da pensión que cobren ou da familia da que sexan eses menores e que igual unha persoa que cobra 1200 euros, que ten tres fillos ao seu cargo teña que pagar. Non é xusto. Eu non o vexo xusto, por exemplo.

E máis cando estamos a falar de que o transporte público de Lugo, segundo un informe de FACUA ten o billete ordinario máis barato de todo o Estado español. O máis barato de todo o Estado español. O billete ordinario. Custa 0,64 céntimos fronte a algúns que superan os 2 euros, pero se imos coa tarxeta. Coa tarxeta o prezo medio de todo o Estado español son 77 céntimos. 77 céntimos. Moitas cidades, moitísimas, moitas galegas pasan do euro. No caso de Lugo coa tarxeta, a tarxeta ordinaria son 45 céntimos, bonificada a 33 céntimos para pensionistas, menores de 18 anos, estudantes, persoas desempregadas e todos os que ten dereito ao bono social. De feito, a segunda, 45 e 33 céntimos. 33 céntimos a bonificada.

A segunda máis barata de todo o Estado é a de Burgos, que son 47.

Ou sexa, que este informe é o informe que fixo FACUA.

Ben, é que ademais me chamou a atención, porque nun momento o Partido Popular sae dando unha rolda de prensa cuestionando o gasto corrente, dicindo que hai que reduci-lo, que hai que reduci-lo, que hai que reduci-lo.... Chega o primeiro pleno e o que pide é incrementar entre 700 e 800 mil euros o gasto corrente, incrementar entre 700 e 800 mil euros o gasto corrente, porque os servizos hai que pagalos. E

eu creo que o transporte público en Lugo é asequible porque, como digo, basicamente é o máis barato de todo o Estado.

Despois outra cuestión, agora mesmo eu creo que moita xente tamén está sendo consciente diso, porque hoxe en día unha persoa que cambia o coche polo transporte público para o seu movemento diario, só no que sería o custo do combustible, aforraría 500 euros ao ano. Só no combustible. Sen falar doutros gastos que, evidentemente, ten un coche. Eu creo que se está a ver, porque por exemplo este mes de novembro foi o mes de novembro dende que temos os datos, con máis usuarios do transporte público.

Entón eu creo que si que está habendo esa aposta. En canto a algunhas cousas que saíron e a respecto da app, fíxose o que se puido en función de cando se sacou a licitación do contrato, do que había contratado.

De feito, cando sacou a licitación eu non era o concelleiro, vostedes si, igual debería ter posto que nos pregos houbera unha aplicación para o móbil. Fíxose, pois, un programa que se pode ver en tempo real onde están e canto falta para chegar ás paradas, pero esa aplicación non se pode facer polo contrato. E, despois, con respecto á organización dos buses, pois como se falaba, que falou vostede de que a empresa que xestiona os buses, pois é unha boa empresa, cómpre lembrar que quen a deseñou foi precisamente a empresa. Despois tivemos unha mesa de transportes onde se recolleron propostas e se fixeron os cambios posibles dentro tamén das posibilidades técnicas, porque o contrato, como vostede ben sabe de sobra, ten un límite de quilómetros que non poden ser superados e, dentro desas marxes, é onde se pode traballar. Polo tanto, pois creo que queda bastante exposto o que se trouxo aquí.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Segunda quenda para o Partido Popular, señor Ameijide.

- **ANTONIO AMEIJIDE OSORIO:** Moitas grazas, alcaldesa. Imos empezar polo final. Era unha proposta previa da empresa, efectivamente, que vostede modificou de forma substancial como está no seu dereito, tamén... E é certo que se adoptaran algunhas correccións á proposta deste grupo, pero non... Practicamente nin o 10 ou 20 por cento das aportacións que fixemos. Pero, efectivamente, estamos a tempo de corrixir.

Eu creo que faltou á verdade aquí nun punto en canto á aplicación. En canto á App. Efectivamente, nos pregos non viña a obriga de facer unha aplicación móbil para os teléfonos para a empresa. Iso non quere dicir que o equipo do Goberno non poida contratar a creación dunha aplicación e poñela en funcionamento.

Por tanto, non manipule. Unha cousa é que non se lle poida obrigar por este contrato a esta empresa a facela e outra cousa é que vostede, como concelleiro infraestruturas, non poida contratar unha aplicación e traernos ao século XXI o sistema de transporte urbano de Lugo. Iso é moi distinto. Non intente terxiversar,

porque a min non me vai enredar coas súas tonterías. Non se preocupe, ou sexa que non manipule os contratos.

Dito isto, estudar a posibilidade. Efectivamente, no ano 2016 podíase estudar a posibilidade. Home, pero é que en seis anos daríalle tempo estudar. Hai xente que en seis anos saca unha carreira e un máster. A vostedes daralles tempo, como mínimo, a estudar isto. Digo eu, digo eu que en seis anos lle daría tempo de sobra.

Por tanto, sería o mínimo que teñan clara a postura. E por suposto que nós xa dicimos claramente, despois de seis anos, que hai que establecer a gratuidade. Por que? Porque os lucenses debemos ter o mesmo dereito que o resto dos galegos, porque se a Xunta de Galicia é capaz de facer isto para toda Galicia no transporte metropolitano, por que non o pode facer o Concello de Lugo?

Pero non imos tan sobrados? Pero non teñen unha situación económica tan saneada? Pero non están dicindo que temos a mellor situación económica deste concello da historia? Non son uns grandes xestores?

Pois según queimaron 50 millóns de euros de remanente nos últimos anos, tamén podían reservar algo para que se puidesen ver beneficiados os viaxeiros do transporte urbano.

Vostede está falando de novo de que teñen o billete de bus máis barato de España. E que? Se a xente non colle o bus. Pero é que como se me está dicindo que lle regala polas rúas os billetes á xente. Se despois a xente non viaxa é que non está funcionando. Hai que modificar o modelo e hai que incentivar o uso. Hai que crear esa necesidade. Dende os máis pequenos hai que facer que dende máis pequenos vexan a necesidade de ir aí. E aos maiores incentivamos tamén a que utilicen o transporte urbano.

Señor Arroxo, non manipule, non manipule. Nós mantemos esa proposta que é a mesma que a do ano 2016, e ademais mantémola porque é o que está facendo a Xunta de Galicia alí onde goberna. Se vostedes non queren apostar por axudar a quen máis o necesita, pois moito mellor. Xa sabemos que a política de transporte urbano, perdón de transporte colectivo, é a do Falcon, que é, por exemplo, o presidente do Goberno, ir de A Coruña a Santiago en avión. Iso é o que defende a esquerda.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Quenda agora para o portavoz do Goberno, señor Arroxo.

- **RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ:** Agora estaba entrando na web que temos, onde podo puxen, por exemplo, parada da rúa Vilalba, número 6. En 14 minutos vai pasar a liña 10. Podo poñer pois outra parada calquera. Pois, por exemplo, imos poñer Ramón Ferreiro, número 26, e aparécenos tamén a liña 1.2. Podemos miralo aí. Temos aí evidentemente unha aplicación tecnolóxica que nos permite saber canto van tardar en chegar os buses nas diferentes paradas. Iso xá existe. Non existe a aplicación polo que xa lle expliquei.

Si, dixoo que a Xunta, que efectivamente que pon isto. Que o Concello tamén o podería facer. Se a Xunta tamén lle baixa os impostos ás rendas máis altas. Son decisións políticas. O Concello tamén o podería facer e non o fai. Tamén o podería facer e non o fai, porque, efectivamente, nós cremos que iso non é xusto.

E poñer gratuidade así a todo o mundo sen criterios económicos, pois xa o dixemos, non é xusto. Dikir que en seis anos se poida estudar, que non son seis, son case oito, e non se estudou non é certo. Si que se estudou, valorouse. Tería un custo de entre 600 mil e 800 mil euros esta proposta que traen para ao final poñerlle o bus gratuío a que... Seguramente a moitas desas persoas tampouco lles importe moito ter que pagar 33 céntimos pola viaxe.

Unha porcentaxe alta desas persoas. Porque os servizos hai que pagalos. Alguén os ten que pagar. Se non os pagan viaxeiros, hai que sacar os cartos doutros sitios, non?

Pois nesa linea tamén comentar outra cousa. Ás veces fálase, e disto téñense feito experimentos por toda Europa, de que pasa cando se pon o transporte público gratuío. En sitios que é moi caro chega a funcionar. En sitios nos que é barato, a diferenza é mínima. No caso de Lugo téñense feito, pois, cando é o día sen coche. Téñense feito incluso en momentos específicos ao longo do ano, unha promoción de que o día seguinte é o día gratuío. Lugo ten en torno entre 8.500 e 8.800 viaxeiros diarios nun día laborable.

Pois o incremento deses 8.500-8.800 viaxeiros que hai nun día laborable, o incremento adoita ser entre 30 e 50 persoas o día que se pon gratuío.

Que seguramente sexan algúns curiosos ou, non sei, pero é o incremento que adoita haber. Non é mais, non? Ao final non é un problema de custo e o que poida promover o bus.

Por certo, falábase tamén de promover que o usen os menores. Seguramente non o saiban, pero en torno a 200 escolares semanalmente usan o bus urbano gratuitamente para campañas que hai precisamente de promoción do bus urbano.

Pois o que o Concello lles deixa utilizar gratuitamente, pois para facer visitas, pois pode ser aos museos, pode ser ao Auditorio, pode ser... Diferentes sitios que poidan visitar da cidade, levando precisamente con esas excusa, para que poidan saber como é o bus. Nenos e nenas que igual nunca se subiron en bus proban ese día. E tamén, pois, entendendo que van ser os usuarios do futuro.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Pois última quenda para o grupo propoñente, para o Partido Popular.

- **ANTONIO AMEIJIDE OSORIO:** Moitas gracias, así que vexoo que de novo cambiou de opinión como nos teñen acostumados neste equipo de goberno. O que defendía hai uns anos agora non lle gusta tanto cando cando pisa a moqueta.

Este é un tema ao final, pois débese ata case ideolóxico. E en lugar de agora apostar polo que predicán fan exactamente o contrario cando gobernan. Pois, mire,

a nivel nacional falabamos dos viaxes en Falcon do seu presidente, pero onte tamén, teletipo de EFE. "El transporte gratuito para jóvenes y parados se queda fuera de las ayudas del gobierno". Esta es la izquierda. Facer exactamente o contrario do que din.

700.000 euros di que o custo que tería este servizo ou poñer en marcha esta medida. Pois moito mellor dedicalos a facer uns hortos ou, por exemplo, deixar moitas outras cousas sen facer, como estaban hoxe os socios da protectora e a directiva da protectora que defenden...

Deberían revisar un pouco as súas prioridades no ámbito social e de goberno. Pero fagan o que queiran. Nós imos seguir defendendo esta iniciativa ata que o consigamos, igual que o fixemos cos transbordos.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Chegamos a uns extremos que somos capaces de desdicir e incluso intentar negar o que está recollido en actas e escrito. Ata ese punto estamos levando a defensa dos argumentos da política local.

Entendemos que o PP está instalado neste momento na bono loucura. É certo que estamos ante unha cita electoral e cando hai citas electorais de por medio, entón cheque gratis para todos.

Xa o vimos tamén aquí nas municipais. Empezou a sacar de chequeira a señora Candia polas parroquias do rural e aínda estamos esperando que faga unha desas obras comprometidas, que, por certo, seguindo os trámites administrativos competentes, porque a lei e para todos, para a señora Candia e para o Partido Popular tamén. Pero estamos nese bono loucura. Cheque gratis para todos e veña. A pedir que se pode facer de todo, e vímolos cos anuncios do señor Rueda. Claro, el cando empezou a facer os anuncios xa sabía que data lle trasladaran de Madrid para celebrar eses comicios, e, polo tanto, pois xa empezou a facer eses anuncios. Pero, sendo serios e rigorosos, hai directrices europeas que dentro de pouco serán obrigatorias ou de obrigado cumprimento, onde din que hai que prestar servizos non deficitarios.

E xa que hoxe no transcurso do pleno saíron moitas veces a coalición os técnicos municipais e o traballo dos técnicos, que nós, a parte de poder facelo aquí na sesión plenaria, cousa que facemos, pois llelo trasladamos a diario, cada vez que sae un proxecto e cada vez que resolvemos algunha complicación ou simplemente a finalización dun trámite xa lles trasladamos esas felicitacións por ese traballo.

Pero, como dicía, xa que saíu a colación... Distintos técnicos, de maneira máis nominativa, pois o interventor municipal. Señor Ameijide, que cre que lle informarían ou que informe lle faría o señor interventor sobre este tema?

Non lle vou pasar a palabra ao señor interventor para non poñelo colorado. Porque... Incrementar gasto corrente... Incumplir directrices europeas... Pois haberá que ir poñendo solucións, pero non incrementando os problemas, senón poñéndolle solución. Que cre que lle diría o señor interventor nese informe?

O que pasa é que claro, como estamos ante este escenario apocalíptico que describiron nestas intervencións, é certo que agora un pouquiño máis calmados,

porque xa lles falta coro para os aplausos, non? Pero neste escenario apocalíptico que describiron, escenario falso por outra lado, porque falamos sempre da rigorosidade do traballo feito. E o traballo feito cos informes técnicos, con estas ideas populistas e sen ter en conta o máis mínimo rigor.

Nós traballamos con esforzo económico, que o facemos, pero con planificación de futuro, que é como debemos de traballar, que é desde a responsabilidade e desde rigorosidade.

E vou, señor Ameijide, se mo permite, tomarlle como unha inocentada o inicio da súa intervención, porque falaba que neste pleno estou intervindo, como querendo dicir que noutros plenos non interviña, cando ademais se me critica... Creo que isto en case todos os plenos... E por iso digo que o vou tomar como unha inocentada porque é habitual. E o fago, adoito facelo de maneira habitual intervir nos plenos.

E sabe por que o fago? Porque podo facelo. É así de simple. Fágoo porque o podo facer. É máis, anúnciolle xa como propósito de ano novo que o vou seguir facendo.

Pois dito isto e desde a rigorosidade coa que traballa este goberno municipal, pois imos proceder á votación desta proposta.

9/162 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 329/2023 DE REXISTRO DE PLENO, PARA SOLICITAR UN PLAN DE SUPRESIÓN DE TAPÓNS URBANÍSTICOS (Exp. 2023/G004/001083).

Vista a referida proposición cuxo texto é do seguinte teor:

“Finalizando o ano 2023 e por cuarta vez en pouco máis dun lustro, o GMPP vese obrigado a presentar ante o Pleno desta corporación unha proposición en relación cos tapóns urbanísticos.

A pesar da existencia de tres acordos plenarios, un en xaneiro de 2017, outro en febreiro de 2020 e outro en decembro de 2022 nos que se lle instaba ao equipo de goberno presidido pola Sra. Méndez a actuar para a identificación e eliminación progresiva dos devanditos tapóns, nada se fixo en relación con acordos plenarios saídos desta corporación municipal.

Estas afectacións urbanísticas son relativamente sinxelas de resolver, só é necesario vontade e capacidade de traballo para elaborar os correspondentes proxectos de obras ordinarias, negociacións cos propietarios, expropiacións e urbanizacións, reservando as partidas económicas necesarias para acometer estas actuacións.

No primeiro punto do último acordo plenario de decembro de 2022, indicábase algo tan sinxelo como a elaboración dun censo de tapóns urbanísticos. No segundo punto acordábase a posta en marcha dun plan de supresión de tapóns urbanísticos dotado das partidas económicas suficientes e no que se estableza unha planificación priorizando os que máis risco xeran afos peóns e máis dificulten a mobilidade diaria na cidade.

ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refº: ispac3914544122590250579.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 28-12-2023

Por todo iso, o Grupo Municipal do Partido Popular considera de interese municipal que o Pleno da corporación municipal ACORDE:

Que o goberno municipal cumpra os puntos de acordo que xa foron aprobados noutros plenos e que traia a este Pleno para a súa aprobación, no prazo de 2 meses, un plan para a eliminación dos tapóns urbanísticos que conteña:

- Unha priorización de actuacións, os instrumentos técnicos, administrativos e urbanísticos precisos para a súa execución
- Estimación do custo total (proxectos, expropiacións, execución e dirección de obra) e prazo de execución para cada un dos tapóns identificados
- Reserva das partidas orzamentarias necesarias en cada un dos próximos catro exercicios desta lexislatura de modo que ao finalizar esta, polo menos, as oito primeiras situacións identificadas queden eliminadas.”

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- **Votos a favor:** 12 do Grupo Municipal do Partido Popular.
- **Votos en contra:** 13 dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno **ACORDA** REXEITAR a proposición presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular.

DELIBERACIÓN

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Pois o Partido Popular toma a palabra. Señora Candia, si? Cinco minutos.

- **MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ:** Pois moi bo día de novo e moitas grazas. Eu voulle contestar, señora alcaldesa, non sei, podo adiviñar o que diría o interventor. O que si sei é que vostede non lle faría caso, como está facendo con todo o que leva dos orzamentos.

Ben, despois de abroncarnos por traer iniciativas a pleno e porque temos que crer unha manifestación nun medio de comunicación, e xa temos que saber o ben que traballan.

Non sei cal pode ser a resposta despois de traer novamente a pleno un asunto que conqueiriu apoios en xaneiro do 17, en febreiro do 20 e en decembro do 22.

E que ademais tivo, hai que poñelo en valor, o que se vía que era un plus máis de compromiso, incluso unha consignación orzamentaria, se non recordo mal, no ano 21.

Ese é o contexto. Un pleno onde o señor Arroxo me dixo: non lle vou consentir! Cando eu, no meu exercicio, evidentemente do uso da palabra con absoluto respecto e educación, interveño, onde nalgúns dos asuntos pois efectivamente non buscabamos aplausos, pero a realidade fíxoos aflorar e non por ese constante reclamo de tirar de argumentario, de política nacional... Poucas veces ademais o cito, senón porque pasa o tempo, asumen compromisos que non cumpren e, efectivamente, pois a poboación de Lugo moléstase e fala, porque estamos nun estado democrático e é bo que falen, aínda que ás veces non nos gusta o que nos digan, como foi o caso, parece ser, no pleno de hoxe.

Este é un asunto onde a veciñanza afectada nas zonas tamén fala e tamén se desespera, porque son moitos os compromisos e moi poucas as actuacións.

Supoño que coinciden en que nese modelo de cidade, de humanización, de peonalización, os tapóns, pois son un obstáculo. Un obstáculo que dificulta a mobilidade, que moitas veces pon en perigo a seguridade, e, desgraciadamente, non teño fotos, pero creo que o tempo tampouco é moito e creo que o teñen aínda na retina, porque se non recordo mal algúns dos inmobles aínda están sen reparar e provocou algún problema de seguridade, pero tamén afea a imaxe estética de moitos entornos.

Eu quero pensar que se no 17 o apoiaron, no 20 o apoiaron, en decembro do 22 o apoiaron. Non vou ir á literalidade, se era estudar, empezar, comprometer, intentar... En todo caso, traer a debate destinar recursos é o máis importante. Executar e cumprir. É dicir, eliminar tapóns urbanísticos é unha xestión burocrática complexa. Non todos están na mesma situación. Creo que ademais a situación urbanística agora axuda. Vai unha partida orzamentaria honestamente creo que insuficiente. A verdade é que se colle o compromiso con interese e con traballo, pero o ano evidentemente valorámolo de xeito positivo que se consignent orzamentos, pero hai un precedente de total e absoluto incumprimento.

Entón, entendan que volver a solicitar o apoio desta corporación, a pesar de ser reiterativo segue estando de actualidade. E dígoo desgraciadamente, porque ogallá puidésemos pasar unha relación do que está feito e poder poñer enriba da mesa o que queda por facer.

Porque aínda que pensen outra cousa, o traballo que nos obriga para con vostede, que nos considera, que non sabemos o que dicimos, que non sabemos ler. Que mergullamos... Primeiro din que mergullamos nos corredores, despois que non nos decatamos do que lemos. Primeiro din que non estamos en nada, despois que andivemos cun cheque regalo... Menos mal que a traizoou o subconsciente e dixo claramente que a súa actuación impediu que moitos dos investimentos e obras importantes aínda hoxe, como as máis de 700 que están nun caixón neste concello, non teñan o título habilitante para facelo, pero seguiremos traballando, porque é a nosa responsabilidade, a nosa obriga e ademais o que nos move, non?

É indubidable que hai un apoio social moi importante ás propostas que nós facemos e, insisto, sen ningún tipo de falta de respecto, co maior rigor posible nos plantexamentos traemos aquí para que a xente fale do que realmente lle importa aos lucenses.

ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refº: ispac3914544122590250579.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 28-12-2023

E neste caso asegúrolles que a eliminación dos tapóns urbanísticos é unha preocupación. E voulle ler no escaso tempo que me queda o punto de acordo.

Unha priorización das actuacións que se aprobe cos instrumentos técnicos administrativos e urbanísticos precisos para a execución. Estimar o custo total para ser [...] evidentemente nese proxecto e reservar as partidas orzamentarias necesarias en cada un dos próximos catro exercicios desta lexislatura, de modo que ao finalizar, polo menos as oito primeiras actuacións identificadas, poidan quedar eliminadas.

Pasos e compromisos concretos.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Pois quenda agora para o goberno municipal, ten a palabra a nosa portavoz, a señora Alvarellós.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Pois moitas grazas, señora alcaldesa. E moitas grazas, señora Candia por recordarme no que xa estou traballando neste momento. Como puido ver hoxe mesmo no presuposto de Evislusa, por exemplo, que tamén había relativo a tapóns, que tamén o puido ver, no orzamento que acabamos de aprobar.

É que eu non sei se logo disto é unha persoa que estivo dous anos de concelleiro e non sacou ningún tapón. Probablemente ese é o problema. O que lle digo é que eu si teño detectados, contabilizados e estudados cada un dos tapóns urbanísticos da cidade.

Probablemente se lle pregunte por algún non sabe nin onde está, porque vostede de Lugo coñece pouco. E, ademais, como dixen antes, Lugo para vostede non é un fin senón un medio para conseguir outras cousas, pero doulle as grazas por recordarme o meu traballo que estou facendo.

Teño detectados, contabilizados e estudados cada un dos tapóns urbanísticos da nosa cidade. Polo tanto, non se preocupe.

Se ben é certo que non lle podo falar do ano 17 porque non estaba e non teño tempo para andar mergullando, porque o traballo desde a oposición, pois poden facer propostas como antes recoñecían. Vostedes non teñen que traballar, simplemente facer propostas. Os que traballamos somos o goberno.

Pero se ben é certo que na proposta do 20 si que estaba un acordo plenario. Foi no mes de febreiro e se non se acorda empezou a Covid quince días despois, trastocouse todo, todo o orzamento, houbo que dedicar a intentar atender a todas as persoas máis desfavorecidas: ás pemes, aos comerciantes, a toda a xente.

Entón trastocouse todo, polo tanto non se puido facer cando estaba e había un acordo plenario dos 25.

E o que ten que dicirlles é que neste momento si está en marcha o plan de supresión de tapóns urbanísticos cunha planificación de prioridades, tal e como se acordou no pleno de decembro do ano 22. Estamos agora, recorden que naquel moito xa estaba aprobados os orzamentos e agora si que estamos xa con iso.

O curioso da súa proposta, que eu tamén vou lela, faime moita graza. Teño que dicirillo, porque me fai graza.

Que traia a este pleno para a súa aprobación no prazo de dous meses un plan para a eliminación de tapóns urbanísticos. Eu ordeno e eu mando. Eu non goberno, pero ordeno. O goberno xa... Eu traballo e teño a planificación, que vostede non sabe porque sempre chega tarde, mal e arrastro.

Ten esa diarrea propositiva que nos anda como un polo sen cabeza. O único que quere é unha foto. Saír no Progreso hoxe ou saír na Voz, dá igual.

Propostas, cousas que se están facendo. É increíble. É unha verdadeira diarrea propositiva. E despois si, tamén intentar que quero que o oian os veciños. Intentar entorpecer os servizos municipais, sempre con preguntas intentar.... Os funcionarios están, de verdade, absolutamente cansos. Porque o que intenta é que non poidamos gobernar. Está intentando unha e outra vez... Porque unha cousa é ter dereito a ter a información, por suposto, pero unha diarrea de propostas. Iso é porque así non se pode traballar. Iso que é o que se está intentando facer. Polo tanto, vou á segunda parte.

Despois de dous meses, que me quere poñer a min deberes. Que graza; Farao desde Mondoñedo, polo teléfono, como está sempre. Poden velo. Todo o día estará mandándome mensaxes para... Porque todo o día con elo. Unha priorización de actuacións.

Non, eu vou ter un programa de tal e non teño priorización de actuacións. Señora Candia, non sei de que está a falar. Unha estimación do custo do total. Se eu o metín nos orzamentos, teño que ter unha estimación do custo do total, tanto no de Evislusa como neste, pero son distintos traballos.

E reservar as partidas orzamentarias. Inventou a pólvora. Inventou a pólvora.

Vou ir coa pa a tumbar, porque... Terei que ir eu. É que é un pouco unha broma. Unha broma, porque, como lle quero dicir aos veciños. Non sei quen son exactamente, pero téñoos aquí e gústame tamén un saúdo.

Isto de propoñer así como un polo desbocado é o que ten. E ademais facelo desde Mondoñedo é o que ten. Pero os que traballamos son os que estamos en Lugo, eh. Os que traballamos, xa o dicía antes, que non era o mesmo estar na oposición que traballando. Polo tanto, dou por cumprido exactamente xa o que propón. Xa o dou por cumprido.

Polo tanto, non lle vou votar que si, porque xa o estou facendo. E ademais neste momento estase traballando en tres tapóns, concretamente. E non todos por expropiación. Hai un concretamente no que estamos traballando na permuta, para que precisamente non nos custe diñeiro.

Ou sexa que lle anticipo que estamos traballando en tres tapóns urbanísticos neste momento e os ideólogos, os ideólogos, gústanme moito, pero cando estaban non traballaban.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Pois segunda quenda para a señora Candia.

- **MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ:** Pois coa mesma educación e respecto, non? Porque é vostede tan atrevida que por atrevemento ata dá carnés de bos e malos lucenses e di vostede que miramos a biografía e é nacida en Ponteceso.

Dito isto, poñendo en valor a xenerosidade e a gran acollida que ten a cidade lucense e o compromiso que temos desde o grupo do Partido Popular en traer a esta sesión plenaria, co total rigor, compromiso e traballo, porque depende... Nalgunhas sesións di que non facemos nada e noutras sesións di que temos esgotados aos funcionarios. Pois terá que aclararse, porque eses cambios de opinión demostran unha enorme incoherencia, e o peor, que enlace, que están vostedes argumentando as contestacións pensando en realidade que se inventan, que nin están na proposición nin nos acordamos de terceiras persoas.

Vostedes levan gobernando este concello 20 anos, máis de vinte anos. Iso, evidentemente, desde este grupo, respectámolo, é a nosa obriga cando fan algo ben, é dicírllelo, e cando está sen facer, é recordarllo.

E agora aquí é o que estamos a facer. Recordarllo. E cos tapóns, como con moitos outros asuntos, non poden presumir.

Xa llo dixen nos orzamentos, canto máis presumen, evidénciase do que carecen, e precisamente é diso, de xestión e de traballo.

Di vostede que se goberna para unha foto. Hai unha técnica en psicoloxía que consiste en atribuírlle ao de en fronte o que realmente fai un. E iso é o que están vostedes acostumbrados a facer. É certo. Gobernan para as redes sociais ou gobernan para a foto.

O problema das redes sociais ou da foto ímolo ver. Rexistramos unha iniciativa ao Consello do Maior. Ese día media hora antes, perfil en redes sociais, "o Goberno creará o Consello de Maior".

O problema é que iso queda retratado, como pasou aquí. Entón vostedes nesas mesmas sesións plenarias, omitiu o 17.

Eu non o personalizo en vostede, non caio nese erro. E creo que é unha incorrección que vostede o faga en min porque, porque eu represento a doce concelleiros e represento a moitos lucenses con total humildade. Vostede representa a un goberno, omite do 17 porque vostede non estaba.

Creo que é un compromiso que se asumiu cos lucenses dende o ano 17. E a realidade é que non se fixo ningún.

Así que se vostede iniciou ese traballo, felicítola. Verán se os resultados a curto, medio, ou non se verá nunca, como lle pasou ao compromiso do 17, do 20 e do 22. Non se enfade, non é nada persoal contra vostede, respéctola, admíroa e teño absoluta educación. É contra o seu traballo. Asumiron compromisos que non cumpren.

E neste pleno facémoslle a obriga de recordarlle o que votaron a favor e non fixeron, sen acritude, sen faltarlle ao respecto e sempre coa mesma serenidade e temperanza, porque me debo obviamente aos lucenses e non a vostede. Moitas grazas.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Pois segunda quenda para a portavoz municipal, señora Albarellos, tres minutos.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, serenidade e temperanza. Inda estou recordando a súa intervención nos orzamentos, serenidade temperanza. Por certo, xa lle dixen outra vez que eu podo falar máis alto, mais baixo ou con máis ímpetu ou menos, pero sempre con respecto. Nunca lle faltei ao respecto a ninguén. Porque de educación vostede non me vai dar a min leccións.

E outra cousa que lle podo dicir, si que nacín en Ponteceso, pero levo máis de trinta anos sentada aquí traballando aquí. Puxen aquí o meu primeiro despacho de avogados, aquí naceu a miña filla, aquí naceu o meu marido.

Levo moitos máis anos aquí que en ningún outro sitio. Cousa que vostede non. Vostede alugou un piso para vir á campaña electoral. A ver, non me vou meter niso. Que me admira? Eu tamén a admiro a vostede en determinadas cousas, porque non o imos facer, pero desde logo de educación non me vai dar vostede ningún tipo de leccións.

O que teño claro é que vostedes non están facendo nada produtivo. Nada produtivo. Simplemente están propoñendo aquilo no que se está traballando, porque despois o único que se busca é esa saída no Progreso de mañá.

Iso saíu porque o propuxo o Partido Popular, cando nós levamos traballando meses no asunto. E despois intentan colgarse, pero xa é unha vez, dúas veces, tres veces, catro veces... Entón un termina cansándose, señora Candia. Un termina cansándose. Como xa lle dixen, está con esa diarrea propositiva, porque é unha auténtica loucura, unha diarrea, pero, como polos sin cabeza, non se sabe nin o que propón. Veñen aquí fan unha proposta para vir a pleno e despois falan doutra cousa.

Saen na prensa, o único que queren saír na prensa, saír na prensa, poñer moitos WhatsApps. Fala de fotos e fala de redes sociais. Hai que rirse. Todo o día, todo o día, todo o día... Que é o único que busca. O único que busca. En Lugo pouco. Estará en Santiago, no Parlamento, estará aquí, estará alá. Aquí non está. Traballamos nós. Toda a semana. E tamén quería falar, por iso quero facer mención aquí que na proposta ata me fai unha gracia tremenda. Di: "Estas afeccións urbanísticas son relativamente sinxelas de resolver. Só é necesario ter vontade e traballar, elaborar os correspondentes proxectos de obras ordinarias, negociacións cos propietarios, expropiacións, urbanizacións...

Claro, visto desde Mondoñedo, é bárbaro. É sinxelo total. Nada, hai que negociar, hai que expropiar, hai que permutar, hai que facer o proxecto, pero visto desde Mondoñedo todo é moi fácil. Os que estamos traballando somos nós, señora Candia, e sempre lle imos votar que non a algo que estamos facendo. Algo no que xa se está traballando.

E como xa lle expliquei no ano 20, veu a Covid aos quince días diso. Trastocou todo. E no ano 22 e por iso o estamos a facer. E neste momento estase traballando en tres tapóns urbanísticos.

Polo tanto, non lle imos votar a favor a algo que xa estamos facendo, porque vostede o que quere colgarse unha medalla.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Grazas, finalizou o seu tempo. Pois última quenda para a portavoz do Partido Popular, señora Candia.

- **MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ:** Na súa intervención, a verdade é que dos minutos consumiu un para os tapóns e o resto para falar de min. Eu vou falar dos tapóns. Gustaríame saber cales son eses tres que ten iniciado e gustaríame saber, que é o máis importante, se efectivamente está de acordo como fixo no 22, como fixo no 17, dado que non está resolto, e iso non o di o Partido Popular. É unha realidade indiscutible que cun mero paseo pode comprobar calquera lucense.

Mire, creo que é unha obriga cumprir os compromisos que unha asume, máxime cando ademais tivo dotación orzamentaria.

Hai trámites que incluso a pandemia permitiu axilizar e, por exemplo, algúns dos que vostede citou, puideron perfectamente adiantarse e non o fixo.

En todo caso, recoñece que está sen facer. En todo caso, recoñece unha enorme incoherencia e unha prioridade, pero vótolle en contra. É o máis importante.

Traemos a debate o que segue sendo unha preocupación dos lucenses. Seguiremos insistindo, e aínda que non lle guste, seguiremos traendo a pleno cada vez que pasen os días e o traballo teña...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** ... Ui, temos convidados externos. Pois imos facer un pouco de hemeroteca logo, xa que tirou vostede dela. No ano 17 non houbo orzamentos municipais e non houbo orzamentos municipais non porque non se trouxesen a pleno, pero... ao pleno non chegaron a vir porque xa non tiñamos o apoio das distintas forzas e políticas, os cinco grupos que conformaban naquel momento a oposición.

Iso que estivemos a piques de pechalo e sabe co voto de quen, señora Candia? Co voto do Partido Popular, porque nesas xuntanzas que tiñamos o señor Castiñeira...

Tiñamos avanzado neste eido tiñamos un acordo para cerrar os orzamentos.

É certo que actuou sempre como un cabaleiro. Chamoume despois díxome que non, que a consigna do seu partido era que non se podían aprobar os orzamentos municipais. A pesar de que había intención dilo.

Meses despois, o señor Castiñeira marchou, deixou a concellería, supoño porque quedou desacreditado tamén ou porque non ten capacidade para decidir, nin autonomía. Naquel momento, fíxese, señor Candia, que non pensei, pero agora, aproveitando, facendo así esta hemeroteca, vostede xa era a presidenta do Partido

Popular. Eu non sei se a directriz veu desde a presidencia provincial ou tiña capacidade a executiva local para mandar ao señor Castiñeira fóra da corporación municipal.

En todo caso, non é algo que me competa a min. É unha cousa orgánica de partido, pero facendo así... Facendo así esa correlación, a presidenta do seu partido era vostede no ano 16.

Ben, aí queda iso. Pero seguimos facendo hemeroteca. Fala vostede de que o levabamos no orzamento do ano 21. Certo, orzamento que se preparou no 20 e, por certo, antes de facer este fincapé, é certo que naquel momento se votara a proposta de eliminacións de tapóns urbanísticos porque naquel momento non se estaba a facer nada ao respecto da eliminación dos tapóns urbanísticos. E levaba eu no pico da alcaldesa e inda non empezáramos. E por iso se votou a favor, por iso lles pedimos que fagan propostas en positivo, porque aquelas propostas en positivo novidasas, que non se estean facendo, contarán sempre co noso voto a favor.

As que xa estamos facendo, non, porque é reiterar o mesmo. E, polo tanto, naquel momento votouse si e hoxe xa, como se lle dixo, votaráselle que non porque se está a facer e vostede o sabe.

Pero falaba de que no orzamento do 21. Certo, orzamento que se preparou no 20 e era a previsión. Sabe quen estaba á fronte desa concellería naquel momento, señora Candia? Pois a súa fichaxe estrela. O que pasa é que ao mellor, seguindo na tónica do 28 de decembro e con algunha inocentada, ao mellor a fichaxe estrela era unha persoa máis que de tapóns era de rosca.

Pero tampouco foi capaz de sacar ese PXOM nin outras propostas que tiña encomendado desde a coordinación da alcaldía, como establecemos nas distintas reunións e nas directrices para executar aqueles proxectos importantes para a cidade.

E foi el mesmo cando marchou que dixo que se ía pola súa incapacidade de levar os proxectos adiante. A súa fichaxe estrela.

Pero nós seguimos dentro da rigorosidade e da seriedade, presupostando aquelas partidas que son executables. Poderíamos poñer 5 millóns de euros. Buf! Teríamos con oílas, porque, claro, "estamos inflando orzamentos e estamos sendo..."

Pero non, somos rigorosos, porque o ano dá para o que dá e o traballo hai que facelo e os expedientes hai que armalos. E polo tanto preferimos ser rigorosos e poñer unha partida no orzamento, como vai, outra partida en Evislusa, como acabamos de corroborar e vostede estaba presente no consello de Evislusa, que van esas partidas para dous proxectos de expropiación, que despois haberá que facer a obra correspondente, que é o que ven presupostado nos orzamentos.

Polo tanto, é unha realidade, e para saber se estamos falando de 5, de 5 mil ou de 50 mil hai que saber o traballo... Hai que facer un estudo previo para saber que números ou que cifras dá o resultado final. Porque poderíamos facer como fai a Xunta de Galicia. 5 millóns para a rolda Leste, sabendo que non se vai executar nin o primeiro. Dos 6 millóns de euros que puxo no orzamento a Xunta, no pasado orzamento para a rolda Leste, cero se executou. E non foi capaz nin de transferilo.

ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refº: ispac3914544122590250579.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 28-12-2023

Para abastecementos, por exemplo, señora Rubinos, para abastecementos ou saneamentos... Non, ou para a protectora: 6 millóns de euros. Anda que non facíamos protectora. Pero non. Non se executan, póñense, ínflanse os orzamentos. Este ano volven cinco millóns para a rolda Leste. Vaise executar algún euro no ano 24. Non. E ademais sabémolo todos. Non.

Desgraza, non.

Pero veñen e queda moi ben para maquillar e para saír nunha rolda de prensa dicindo todo o que inviste a Xunta en Lugo. Falso. Pero aí están.

Nós somos rigorosos e serios, e tal e como lle levamos dicindo desde o minuto cero deste pleno, desde esa primeira intervención do portavoz de Economía a esta última que teremos desde a rigorosidade e a seriedade, porque ao final o compromiso noso é coa cidadanía e cos veciños e veciñas de Lugo. Imos proceder a votar entón esta proposta.

B) PARTE DE INFORMACIÓN, IMPULSO E CONTROL

FACENDA LOCAL

10/163 DACIÓN CONTA ELEVACIÓN AUTOMÁTICA A DEFINITIVOS DOS ACORDOS NOS QUE SE APROBARON INICIALMENTE AS MODIFICACIÓNS DA ORDENANZA FISCAL XERAL, E ORDENANZAS FISCAIS NÚM. 103 ,107 ,200 ,201 , 203 , E ORDENANZA 405 REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA.
--

Vista a proposta da xefa do servizo de Facenda Local, conformada polo concelleiro delegado de economía e recursos humanos, do 20 de decembro de 2023, do teor literal seguinte:

“O Pleno deste Concello, en sesión ordinaria celebrada o 28/09/2023, aprobou inicialmente os acordos de modificación das ordenanzas fiscais referidas no encabezamento, expoñéndose os ditos acordos mediante anuncios publicados no diario “EL PROGRESO” na data do 4/10/2023, no diario “LA VOZ DE GALICIA” con data do 4/10/2023 e no Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 229 na data de 4/10/2023, así como no Taboleiro de Anuncios dende o 6/10/2023 ata o 21/11/2023, ambos inclusive, sen que se presentase contra estes ningunha reclamación durante o prazo de exposición pública, segundo consta na certificación expedida polo Secretario Xeral do Pleno deste Concello con data do 24/11/2023, polo que, de conformidade co establecido no artigo 17.3 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das

facendas locais, no cal se establece que *“finalizado o período de exposición pública, as corporacións locais adoptarán os acordos definitivos que procedan, resolvendo as reclamacións que se presentaron e aprobando a redacción definitiva da ordenanza, a súa derogación ou as modificacións a que se refira o acordo provisional. No caso de que non se presentaran reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario”*, **DÁSE** conta ao Excmo. Concello Pleno da elevación automática a definitiva dos acordos ata entón provisionais, adoptados polo Excmo. Concello Pleno, en sesión ordinaria celebrada o 28/09/2023, de modificacións da ordenanza fiscal xeral e das ordenanzas fiscais números 103, 107, 200, 201, 203 e e da ordenanza núm. 405 reguladora do Prezo público pola prestación dos servizos da escola municipal de música.

En virtude do artigo 17.4 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, no cal se establece que *“en todo caso, os acordos definitivos a que se refire o apartado anterior, incluíndo os provisionais elevados automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro das ordenanzas ou das súas modificacións, haberán de ser publicados no boletín oficial da provincia ou, no seu caso, da comunidade autónoma uniprovincial, sen que entren en vigor ata que se levou a cabo dita publicación”* os textos íntegros das modificacións aprobadas, das devanditas ordenanzas, foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 277 de data 2/12/2023.

De todo o cal, o Excmo. Concello Pleno quedou informado para os oportunos efectos.

ACTAS E GOBERNO

11/164 DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS QUE OBRAN NO SERVIZO DE ACTAS E GOBERNO DENDE O DÍA 18 DE NOVEMBRO DE 2023, RECOLLIDOS NO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓN (Exp. 2023/G004/001077).

En conformidade co informe do vicesecretario accidental, obrante no expediente, e para dar cumprimento ao establecido no artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, así como ao disposto no artigo 22 do Regulamento orgánico municipal do Pleno do Concello de Lugo, ao Excmo. Concello Pleno **DÁSELLE CONTA** das resolucións ditadas pola Alcaldía e polos seus delegados e delegadas, que obran no Servizo de Actas e Goberno dende o día 18 de novembro de 2023, coa numeración 10301/2023 a 11369/2023, na plataforma electrónica TECOL, recollidas no Libro único de resolucións correspondente ao ano 2023.

ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refº: ispac3914544122590250579.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 28-12-2023

De todo o cal, o Excmo. Concello Pleno quedou informado para os oportunos efectos.

INTERVENCIÓN

12/165 DACIÓN DE CONTA AO EXCMO. CONCELLO PLENO DO INFORME DEFINITIVO DE CONTROL FINANCEIRO DOS EXPEDIENTES DE GRATIFICACIÓNS OU HORAS EXTRAORDINARIAS DO EXERCICIO 2022.

Vista a proposta da Alcaldesa Presidenta, do 1 de decembro de 2023, do teor literal seguinte:

“O artigo 36 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local establece que “1. *Los informes definitivos de control financiero serán remitidos por el órgano interventor al gestor directo de la actividad económico-financiera controlada y al Presidente de la Entidad Local, así como, a través de este último, al Pleno para su conocimiento. El análisis del informe constituirá un punto independiente en el orden del día de la correspondiente sesión plenaria*”.

En cumprimento da mencionada normativa, o 9 de novembro de 2023, a Intervención Xeral Municipal emitiu o informe definitivo de control financeiro dos expedientes de gratificacións ou horas extraordinarias do exercicio 2022 (Ref: 2023/1737).

É polo que **SE PROPÓN**:

Dar conta ao Excmo. Concello Pleno do Informe definitivo de control financeiro dos expedientes de gratificacións ou horas extraordinarias do exercicio 2022 (Ref: 2023/1737).”

De todo o cal o Excmo. Concello Pleno quedou informado para os oportunos efectos.

13/166 DACIÓN DE CONTA AO EXCMO. CONCELLO PLENO DO INFORME DEFINITIVO DE CONTROL FINANCEIRO DOS PROCESOS DE ESTABILIZACIÓN DO EMPREGO TEMPORAL REGULADOS NA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO, DE MEDIDAS URXENTES PARA A REDUCCIÓN DA TEMPORALIDADE NO EMPREGO PÚBLICO DO EXERCICIO 2022.

Vista a proposta da alcaldesa presidenta, do 1 de decembro 2023, do teor literal

seguinte:

“O artigo 36 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local establece que “1. *Los informes definitivos de control financiero serán remitidos por el órgano interventor al gestor directo de la actividad económico-financiera controlada y al Presidente de la Entidad Local, así como, a través de este último, al Pleno para su conocimiento. El análisis del informe constituirá un punto independiente en el orden del día de la correspondiente sesión plenaria*”.

En cumprimento da mencionada normativa, o 30 de novembro de 2023, a Intervención Xeral Municipal emitiu o informe definitivo de control financeiro dos procesos de estabilización do emprego temporal regulados na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público do exercicio 2022 (Ref: 2023/1936).

É polo que **SE PROPÓN**:

Dar conta ao Excmo. Concello Pleno do Informe definitivo de control financeiro dos procesos de estabilización do emprego temporal regulados na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público do exercicio 2022 (Ref: 2023/1936).”

De todo o cal o Excmo. Concello Pleno quedou informado para os oportunos efectos.

14/167 DACIÓN DE CONTA AO EXCMO. CONCELLO PLENO DO INFORME DEFINITIVO DE CONTROL FINANCEIRO DOS CONTRATOS MENORES VINCULADOS AO ARDE LUCUS E ÁS FESTAS DO SAN FROILÁN TRAMITADOS DURANTE O ANO 2022.

Vista a proposta da alcaldesa presidenta, do 1 de decembro de 2023, do teor literal seguinte:

“O artigo 36 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local establece que “1. *Los informes definitivos de control financiero serán remitidos por el órgano interventor al gestor directo de la actividad económico-financiera controlada y al Presidente de la Entidad Local, así como, a través de este último, al Pleno para su conocimiento. El análisis del informe constituirá un punto independiente en el orden del día de la correspondiente sesión plenaria*”.

ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refº: ispac3914544122590250579.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 28-12-2023

En cumprimento da mencionada normativa, o 9 de novembro de 2023, a Intervención Xeral Municipal emitiu o informe definitivo de control financeiro dos contratos menores vinculados ao Arde Lucus e ás Festas do San Froilán tramitados durante o ano 2022 (Ref: 2023/1736).

É polo que **SE PROPÓN**:

Dar conta ao Excmo. Concello Pleno do Informe definitivo de control financeiro dos contratos menores vinculados ao Arde Lucus e ás Festas do San Froilán tramitados durante o ano 2022 (Ref: 2023/1736).”

De todo o cal, o Excmo. Concello Pleno quedou informado para os oportunos efectos.

15/168 DACIÓN DE CONTA AO EXCMO. CONCELLO PLENO DO INFORME DEFINITIVO DE CONTROL FINANCEIRO DOS CONTRATOS MENORES VINCULADOS A PARQUES E XARDÍNS TRAMITADOS DURANTE O ANO 2022.

- Vista a proposta da alcaldesa presidenta, do 1 de decembro de 2023, do teor literal seguinte:

“O artigo 36 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local establece que “1. *Los informes definitivos de control financiero serán remitidos por el órgano interventor al gestor directo de la actividad económico-financiera controlada y al Presidente de la Entidad Local, así como, a través de este último, al Pleno para su conocimiento. El análisis del informe constituirá un punto independiente en el orden del día de la correspondiente sesión plenaria*”.

En cumprimento da mencionada normativa, o 9 de novembro de 2023, a Intervención Xeral Municipal emitiu o informe definitivo de control financeiro dos contratos menores vinculados a Parques e Xardíns tramitados durante o ano 2022 (Ref: 2023/1735).

É polo que **SE PROPÓN**:

Dar conta ao Excmo. Concello Pleno do Informe definitivo de control financeiro dos contratos menores vinculados a Parques e Xardíns tramitados durante o ano 2022 (Ref: 2023/1735).”

De todo o cal o Excmo. Concello Pleno quedou informado para os oportunos efectos.

16/169 DACIÓN DE CONTA AO EXCMO. CONCELLO PLENO DO INFORME

DEFINITIVO DE CONTROL FINANCEIRO DAS SANCIONS URBANÍSTICAS IMPOSTAS NO EXERCICIO 2022.

Vista a proposta da alcaldesa presidenta, do 1 de decembro de 2023, do seguinte teor literal:

“O artigo 36 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local establece que “1. Los informes definitivos de control financiero serán remitidos por el órgano interventor al gestor directo de la actividad económico-financiera controlada y al Presidente de la Entidad Local, así como, a través de este último, al Pleno para su conocimiento. El análisis del informe constituirá un punto independiente en el orden del día de la correspondiente sesión plenaria”.

En cumprimento da mencionada normativa, o 9 de novembro de 2023, a Intervención Xeral Municipal emitiu o informe definitivo de control financeiro das sancions urbanísticas impostas no exercicio 2022 (Ref: 2023/1738).

É polo que **SE PROPÓN**:

Dar conta ao Excmo. Concello Pleno do Informe definitivo de control financeiro das sancions urbanísticas impostas no exercicio 2022 (Ref: 2023/1738)”.

De todo o cal o Excmo. Concello Pleno quedou informado para os oportunos efectos.

17/170 DACIÓN DE CONTA AO EXCMO. CONCELLO PLENO DO INFORME DEFINITIVO DE CONTROL FINANCEIRO DOS EXPEDIENTES RELATIVOS Á LIQUIDACIÓN DE TAXAS POR APROVEITAMENTOS ESPECIAIS DA VÍA PÚBLICA CON MESAS E CADEIRAS DO EXERCICIO 2022.

Vista a proposta da alcaldesa presidenta, do 1 de decembro de 2023, do seguinte teor literal:

“O artigo 36 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local establece que “1. Los informes definitivos de control financiero serán remitidos por el órgano interventor al gestor directo de la actividad económico-financiera controlada y al Presidente de la Entidad Local, así como, a través de este último, al Pleno para su

ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refº: ispac3914544122590250579.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 28-12-2023

conocimiento. El análisis del informe constituirá un punto independiente en el orden del día de la correspondiente sesión plenaria”.

En cumprimento da mencionada normativa, o 30 de novembro de 2023, a Intervención Xeral Municipal emitiu o informe definitivo de control financeiro dos expedientes relativos á liquidación de taxas por aproveitamentos especiais da vía pública con mesas e cadeiras do exercicio 2022 (Ref: 2023/1938).

É polo que **SE PROPÓN**:

Dar conta ao Excmo. Concello Pleno do Informe definitivo de control financeiro dos expedientes relativos á liquidación de taxas por aproveitamentos especiais da vía pública con mesas e cadeiras do exercicio 2022 (Ref: 2023/1938).”

De todo o cal o Excmo. Concello Pleno quedou informado para os oportunos efectos.

18/171 DACIÓN DE CONTA AO EXCMO. CONCELLO PLENO DO INFORME DEFINITIVO DE CONTROL FINANCEIRO DOS EXPEDIENTES DE COMPROBACIÓN DE AUTOLIQUIDACIÓNS PRESENTADAS NO EXERCICIO 2022.

Vista a proposta da alcaldesa presidenta, do 1 de decembro de 2023, do teor literal seguinte:

“O artigo 36 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local establece que “1. Los informes definitivos de control financiero serán remitidos por el órgano interventor al gestor directo de la actividad económico-financiera controlada y al Presidente de la Entidad Local, así como, a través de este último, al Pleno para su conocimiento. El análisis del informe constituirá un punto independiente en el orden del día de la correspondiente sesión plenaria”.

En cumprimento da mencionada normativa, o 9 de novembro de 2023, a Intervención Xeral Municipal emitiu o informe definitivo de control financeiro dos expedientes de comprobación de autoliquidacións presentadas no exercicio 2022 (Ref: 2023/1739).

É polo que **SE PROPÓN**:

Dar conta ao Excmo. Concello Pleno do Informe definitivo de control financeiro dos expedientes de comprobación de autoliquidacións presentadas no exercicio 2022 (Ref: 2023/1739).”

De todo o cal o Excmo. Concello Pleno quedou informado para os oportunos efectos.

19/172 DACIÓN DE CONTA AO EXCMO. CONCELLO PLENO DO INFORME DEFINITIVO DE AUDITORÍA DE CONTAS E DE CUMPRIMENTO SOBRE A ENTIDADE MERCANTIL EVISLUSA RELATIVA Á ACTIVIDADE ECONÓMICO FINANCEIRA DO EXERCICIO 2022, ASÍ COMO DA VERIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS CONDICIÓN S DE EXECUCIÓN DO CONTRATO DE CONCESIÓN ADMINISTRATIVA DE TRES APARCADOIROS SUBTERRÁNEOS SITOS NA PRAZA DE SANTO DOMINGO, PRAZA DA CONSTITUCIÓN E PRAZA DO FERROL.

Vista a proposta da alcaldesa presidenta, do 1 de decembro de 2023, do teor literal seguinte:

“O artigo 36 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local establece que “1. *Los informes definitivos de control financiero serán remitidos por el órgano interventor al gestor directo de la actividad económico-financiera controlada y al Presidente de la Entidad Local, así como, a través de este último, al Pleno para su conocimiento. El análisis del informe constituirá un punto independiente en el orden del día de la correspondiente sesión plenaria*”.

En cumprimento da mencionada normativa, o 9 de novembro de 2023, a Intervención Xeral Municipal emitiu o informe definitivo de control financeiro de auditoría de contas e de cumprimento sobre a entidade mercantil EVISLUSA relativa á actividade económico-financeira do exercicio 2022, así como da verificación do cumprimento das condicións de execución do contrato de concesión administrativa de tres aparcadoiros subterráneos sitios na praza de Santo Domingo, praza da Constitución e praza do Ferrol (Ref: 2023/1740).

É polo que **SE PROPÓN**:

Dar conta ao Excmo. Concello Pleno do Informe definitivo de control financeiro de auditoría de contas e de cumprimento sobre a entidade mercantil EVISLUSA relativa á actividade económico-financeira do exercicio 2022, así como da verificación do cumprimento das condicións de execución do contrato de concesión administrativa de tres aparcadoiros subterráneos sitios na praza de Santo Domingo, praza da Constitución e praza do Ferrol (Ref: 2023/1740).”

De todo o cal o Excmo. Concello de Lugo quedou informado para os oportunos efectos.

ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refª: ispac3914544122590250579.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 28-12-2023

20/173 DACIÓN DE CONTA AO PLENO DAS RESOLUCIÓNS DE TESOURERÍA DO MES DE NOVEMBRO 2023.

En cumprimento do establecido no artigo 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, así como ao disposto no artigo 22 do Regulamento Orgánico Municipal do Pleno do Concello de Lugo, ao Excmo. Concello Pleno DÁSELLE CONTA das resolucións ditadas pola Tesoureira Municipal e Titular do Órgano de Xestión Económico-Financeira durante o mes de NOVEMBRO de 2023, coa numeración 125/2023 a 140/2023.

Do 01 ao 30 de NOVEMBRO de 2023 ditáronse pola Tesourería as seguintes resolucións:

Nº de Expediente	Asunto	Número de documento	Fecha Firma
2023/T030/000128	Resolución Tesourería RECURSO REPOSICION PROVIDENCIA APREMIO ANTONIO FERNANDEZ AHEDO TASA SERV. DE PREV. E EXTINC. INCENDIOS	2023/125	06/11/2023
2023/T030/000129	Resolución Tesourería RECURSO REPOSICION PROVIDENCIA APREMIO SUSANA VAZQUEZ ARIAS (MULTA 2021-P-0000121)	2023/126	07/11/2023
2023/T030/000130	Resolución Tesourería PABLO OTERO ALONSO (Deixar sen efecto providencia de constrinximento ano 2022/2023) matricula 7767 LDT	2023/127	08/11/2023
2023/T030/000131	Resolución Tesourería DIAL RETAIL ESPAÑA SA (Deixar sen efecto providencia de constrinximento recibo ICIO 11332675/1)	2023/128	09/11/2023
2023/T030/000132	Resolución Tesourería Devolución ingresos indebidos a JOSE LUIS VALADO VIEITEZ (Recarga constrinximento nº recibo 10971387) e rehabilitar a voluntaria recibo nº 11494290.	2023/129	09/11/2023
2023/T030/000134	Resolución Tesourería Rehabilitación a voluntaria Auga 2T/23 cobrado en Correos.- anulación recarga constrinximento dos recibos 11551629 e 11537950	2023/130	15/11/2023
2023/T030/000136	Resolución Tesourería.- Rehabilitación a voluntaria María Dolores García Muriel (Recibos IBI 11447627 e 11447629)	2023/131	16/11/2023
2023/T030/000135	Resolución Tesourería.- RECURSO REPOSICION DILIXENCIA EMBARGO IWONA KATARZYNA KOPEX Multa 2018-R-00009067	2023/132	16/11/2023
2023/T030/000133	Resolución Tesourería RECURSO REPOSICION PROVIDENCIA APREMIO	2023/133	16/11/2023

	MULAS PRODUCTIONS SL MULTA 2020-B-00000236		
2023/T030/000137	Resolución Tesourería execución sentenza 159/2023 ditada no PA 0000140/2023 embargo Francisco José Solana Ferreiro	2023/134	21/11/2023
2023/T030/000138	Resolución Tesourería.- Recurso reposición providencia apremio MIGUEL ANGEL PAREJA GARCÍA (Multa 2021-R-0005242)	2023/135	21/11/2023
2023/T030/000139	Resolución Tesourería.- Recurso reposición providencia apremio FERNANDO ANTONIO LOBO CARREIRA (Multa 2021-R-00001352)	2023/136	21/11/2023
2023/T030/000140	Resolución Tesourería.- Recurso reposición dilixencia embargo CLAUDIA FERNÁNDEZ CAAMAÑO (Multa 2021-C-0002645)	2023/137	23/11/2023
2023/T030/000141	Resolución Tesourería.- Recurso reposición providencia constrinximento JAVIER FERNANDEZ FERNANDEZ (Multa 2021-P-00001144)	2023/138	23/11/2023
2023/T030/000142	Resolución Tesourería MANUEL TEJEDO LÓPEZ (Deixar sen efecto providencia de constrinximento IVTM anos 2012-2022) matrícula LU-4877-J.	2023/139	27/11/2023
2023/T030/000143	Resolución Tesourería rectificación resolución 2023-134 de execución sentenza 159/2023 ditada no PA 0000140/2023 embargo Francisco José Solana Ferreiro	2023/140	28/11/2023

De todo o cal o Excmo. Concello Pleno quedou informado para os oportunos efectos.

C) ROGOS E PREGUNTAS

ROGOS:

A) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 331/2023 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A CREACIÓN DUN CONSELLO MUNICIPAL DO MAIOR E UNHA OFICINA DO MAIOR.

Visto o citado rogo cuxo teor é o seguinte:

En la ciudad de Lugo las personas mayores de 64 años representan casi un 30% del total de la población, y corresponde a los poderes públicos fomentar su participación en la vida pública y su incorporación activa en todos los ámbitos de la vida social.

Crear un órgano colegiado de participación social con el objetivo de dar voz a un colectivo que supone casi un tercio de la población lucense, sería fundamental por múltiples razones. Además de ser un elemento clave en las propuestas dirigidas

ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refº: ispac3914544122590250579.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 28-12-2023

a favorecer el envejecimiento activo, aprovechar el conocimiento y experiencia de las personas mayores contribuiría al progreso y al futuro de nuestra ciudad, haciendo posible una mayor corresponsabilización de los ciudadanos en los asuntos públicos del municipio.

Tras habernos reunido con la Asociación de Jubilados y Pensionistas de Lugo somos conocedores, al igual que el resto de los grupos políticos que conforman este Pleno, de la propuesta que nos hacen llegar ya por segunda vez solicitando la creación de un Consejo Municipal del Mayor y de una Oficina del Mayor, petición que todavía no ha sido atendida por parte de esta Corporación Municipal.

Por todo lo expuesto, el Grupo Municipal del Partido Popular presenta un **ruego** ante este **Pleno** para que sean atendidas las demandas de este colectivo en lo relativo a la creación de un Consejo Municipal del Mayor y una Oficina del mayor.

DELIBERACIÓN

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Por parte do Partido Popular. Si, señor Díaz.

- **GUSTAVO DÍAZ REY:** Muchas gracias, señora alcaldesa. Todos los que conformamos este pleno somos conocedores de la propuesta de la Asociación de Jubilados y Pensionistas de Lugo para la creación de un Consejo Municipal del Mayor y de una oficina del mayor. Es una propuesta que nos hacen llegar ya por segunda vez y a la que esta corporación municipal no ha dado todavía una respuesta clara, salvo lo que ayer hemos conocido en sus redes sociales.

Aquí voy a hacer referencia a sus palabras hace un ratito, cuando hablaba de que aquí lo que tratamos son propuestas.

Lo que votamos es sobre propuestas, no sobre noticias en los medios de comunicación.

Por lo que entiendo que vamos a intentar que su voto sea favorable a esta proposición. Permítanos también...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Permítame a incidencia. Recórdolle que estamos na parte de rogos, non de propostas.

- **GUSTAVO DÍAZ REY:** Es un ruego, perdón, sí. Permítanos que seamos reticentes ante este inesperado y forzado anuncio, ya que no siempre lo que publicamos en redes sociales se traduce en una realidad.

Más allá de la creación del consejo, como nos anuncian, lo que venimos a rogar es su actividad efectiva, duradera en el tiempo para que no suceda lo mismo que con otros órganos consultivos que permanecen inactivos desde hace más de una década.

Estoy hablando en concreto del Consello Local de Servicios Sociales.

En la ciudad de Lugo, las personas mayores de 64 años representan casi un 30% del total de la población. Entendemos que se trata de un colectivo extenso, un colectivo con una experiencia vital considerable y con una participación social arraigada.

Consideramos imprescindible tener en cuenta sus necesidades sus intereses y sus problemáticas principales y consideramos también necesaria, y la legislación así lo establece, la creación de estructuras democráticas que impulsen la participación y el desarrollo de nuestros mayores.

Por tanto, crear un órgano colegiado de participación social, con el objetivo de dar voz a un colectivo que supone casi un tercio de la población lucense, es fundamental por varios motivos.

Primeiro, aprovechar al conocimiento y la experiencia de las personas mayores contribuye al progreso y al futuro de nuestra ciudad.

Segundo y muy importante. Crear este órgano es sin duda un elemento clave en las propuestas dirigidas a favorecer el envejecimiento activo.

Dicho todo esto, la administración local, dada su proximidad con la ciudadanía, debe garantizar la participación de las personas mayores en la planificación y seguimiento de las medidas de política social que les afecta como individuos y como colectivo.

Así, un Consejo municipal del Mayor, supone, por tanto, una estructura democrática de apoyo a los poderes públicos, que aporta soluciones, iniciativas sociales y participativas en nuestro municipio.

Una Oficina del Mayor es un servicio social destinado a superar las distintas brechas sociales que sufren las personas mayores y, en concreto, la brecha digital, informando, asesorando, acompañando en los diferentes asuntos que le conciernen.

Un lugar físico, una ventanilla única para las personas mayores. Todos sabemos que los mayores son una prioridad en la acción municipal, sobre todo ante el creciente envejecimiento de la población y ello supone afrontar distintos retos y adoptar medidas para cuidar y garantizar su bienestar.

Por todo lo dicho, rogamos que sean atendidas las reivindicaciones de este colectivo de crear un Consejo Municipal del Mayor y una Oficina del Mayor, que se agilicen todas las actuaciones necesarias para su puesta en funcionamiento a la mayor brevedad posible. Gracias.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Por parte do goberno, señora López Racamonde.

- **OLGA LÓPEZ RACAMONDE:** Bo día a todas e todos. Direille que a publicación de que están elaboradas as bases para o Consello do Maior non é unha ocorrencia dun día. Iso é traballo feito. Traballo feito durante meses. De feito que xa se inicio

na lexislatura anterior e que se atendeu ás demandas dos maiores como se veu traballar nas xornadas de maiores, onde todas as asociacións, todas as de maiores. Non só unha, senón todas, tiveron as portas abertas para poder e manifestar as súas inxedanzas.

Unha delas será o Consello do Maior e xa nesas xornadas me comprometéin, e así o fixen, a traballar para elaborar o Consello do Maior. As bases están feitas, non se fan nun día para publicar. O que me chama a atención é que a Concellería traballa nunha oficina de voluntariado e sae un rogo de voluntariado.

A concellería traballa no Consello de Maior e sae un rogo do Consello do Maior. Chámame a atención. Chámame a atención.

Chámame a atención a proposta dun partido onde di que hai que atender ás demandas dos maiores. Efectivamente, hai que atender ás demandas dos maiores e non que Galicia sexa a comunidade autónoma das 17 que temos, contando Ceuta e Melilla, no número 13 en investimento de dependencia, e que veu, como din os propios informes, poden buscar e comprobar, veu de facer caixa coa dependencia.

Facer caixa coa. Sabe que é iso? Co incremento do aporte do Estado, en lugar de trasladalo nun aporte presupostario incrementado, o que fixo foi baixar a aportación que mantén a comunidade autónoma de maneira que se beneficia do diñeiro que o Estado lles traslada á dependencia. Así estamos como estamos. E iso son maiores. Sabe? E iso é a atención. E iso tradúcese no benestar dos nosos maiores. Iso é ao que temos que atender. Non.

Saiu moitas veces neste pleno, pero é que é demagogia, e é demagogia, a verdade con máis vulnerable, que é o máis indigno que podemos facer dende a política.

Así que o Consello do Maior está e estará. Quero aproveitar esta intervención tamén dicirlle á señora Carballas que eu non fun a Cabo Verde de paseo, porque lle podo asegurar que cun diagnóstico de cancro...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Perdón, señor López Rocamonde. Non toca. Estamos na quenda de intervención... Na quenda de intervención do rogo. Non, por favor, finalizou entón a resposta á motivación sobre o rogo.

B) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 332/2023 DE REXISTRO DE PLENO, PARA REPARAR A PISTA QUE CONECTA O LUGAR DE SEGADE NA PARROQUIA DE TEIXEIRO.

Visto o citado rogo cuxo teor é o seguinte:

Os veciños da parroquia de Teixeira transmitíronnos queixas polo estado da pista municipal que conecta o lugar de Segade, polo seu estado de abandono e as numerosas fochancas que contén.

O Grupo Municipal do Partido Popular presenta un ROGO ante este Pleno para que se acorde a reparación da vía referida.

DELIBERACIÓN

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Por parte do Partido Popular. Queren facer uso, si? Señora Rubinos.

- **FLORA RUBINOS ROIS:** O grupo municipal do Partido Popular roga ao goberno local que acondicione a pista de 4,8 quilómetros que comunica o lugar do Segade cos lagos de Teixeira.

Con esta intervención, os veciños deste núcleo recuperarían unha vía de acceso directo á estrada de Meira e que se viña utilizando dende sempre para vir a Lugo, evitando aos veciños de Segade, na parroquia de Teixeira, que teñen que facer un traxecto moito máis longo, accedendo pola estrada de Meira.

Na actualidade a pista está moi deteriorada, con importantes fochancas, que dificultan o tráfico rodado e mesmo peonil.

A aceptación deste rogo do grupo municipal do Partido Popular eliminaría esta dificultade para os veciños da contorna. Cunha intervención de escaso custo, suporía unha notable mellora na comunicación deste lugar, grazas.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. por parte do goberno, o concelleiro de Medio Rural.

- **MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ:** Grazas, alcaldesa. Pois o arranxo desa estrada, non só desa estrada, senón de toda a parroquia, está na planificación da brigada do Rural. É dicir, ímolo facer con medios propios, como xa se fixo unha parte da parroquia. E irán, pois no momento en que terminen outras obras, que están planificadas de antemán.

Por tanto, é algo que lles teño comentado a algúns ou moitos veciños que están en contacto comigo.

Señora Rubinos, eu a verdade é que non teña pensado intervir máis que limitarme a dar esta información, pero diante da súa intervención algo teño que dicir.

Sorpréndeme primeiro que se tanto lle preocupa en concreto esa estrada, que veña aquí soamente cun rogo, que sabe que un rogo compromete máis ben pouco de aceptar ou non aceptar.

Neste mesmo pleno trouxo outros temas en forma de proposición. Iso si que obriga ou compromete, verdade? Despois do debate de hoxe. Polo tanto, dá a impresión de que os veciños de Teixeira para vostede son menos importantes e son veciños de segunda.

Porque trae proposicións de Santa María Alta, do Veral, non sei que... Cun rogo... En todo caso, é algo que estaba previsto e farase.

E mire, aproveito xa para dicirlle que a ver ata cando pensa seguir con esta actitude. Asegúrolle que non é nada persoal. Non o tomo así, verdade? Pero eu creo que a teñen demasiado tensionada, que a teñen, pois, un pouquiño...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Centrémonos, por favor... [...] Do rogo.

- **MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ:** E hoxe trouxo aquí, o mes pasado trouxo xente de Rubiás, hoxe trouxo, pois, aos de Santa Maria Alta... Non se a quen pensa traer o mes que vén nin ata cando seguir con esa dinámica. Mire, nós vímoslle aquí a debater, a propoñer, a chegar a acordos. Verdade? Non, pois como se ven demostrando pleno tras pleno, pois a facer demagogia ou imos dicir que a trasladarlle aos veciños medias verdades. Mire, o mes pasado...

C) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 333/2023 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A GRATUIDADE E AXILIZACIÓN DOS TRÁMITES COMA O CERTIFICADO ACREDITATIVO DA PERCEPCIÓN DE PRESTACIÓNS SOCIAIS.

Visto o citado rogo cuxo teor é o seguinte:

El objetivo perseguido por la administración electrónica es el de satisfacer las necesidades de atención del ciudadano de forma ágil, eficiente e interconectada, personalizada, accesible y menos burocratizada. Y por supuesto incluyendo a aquellos colectivos más vulnerables ante el avance tecnológico para que todos progreseemos de forma conjunta.

Dicho esto, lo que no puede suceder es que el Ayuntamiento de Lugo entorpezca y retrase trámites tan simples y esenciales como la solicitud de un certificado acreditativo de la percepción o no de prestaciones sociales concedidas por esta entidad local, con la añadidura de que la emisión de tales certificados supone además un coste para el solicitante, en este caso para colectivos vulnerables perceptores de rentas o prestaciones sociales.

A mayor abundamiento, queremos señalar que en la mayoría de los casos estos certificados se solicitan por ser parte de la documentación a presentar para dar solución a temas de reestructuración de deudas o para la puesta en práctica de medidas de protección destinadas a aliviar la subida de los tipos de interés en préstamos hipotecarios sobre vivienda habitual, con lo que la falta de agilidad por parte del ayuntamiento de Lugo en la tramitación de estas solicitudes conlleva un grave perjuicio para el solicitante.

Por lo expuesto, el Grupo Municipal del Partido Popular presenta ante este Pleno un **RUEGO** solicitando la gratuidad de dicho trámite, así como su agilización.

DELIBERACIÓN

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Por parte do Partido Popular, si, señor Díaz, tres minutos.

- **GUSTAVO DÍAZ REY:** Hoy traemos a este pleno el caso de Manuel. Manuel es un padre de familia con tres hijos casado y vecino de Lugo. Manuel y su familia están pasando una situación difícil económicamente y se han dirigido a la entidad bancaria donde tienen su hipoteca para solicitar la reestructuración de la deuda que mantienen sobre su vivienda habitual. El código de buenas prácticas de la entidad bancaria que se establece por el Real Decreto Ley 6/2012 de 9 de marzo, de medidas urgentes de Protección de Deudores Hipotecarios sin recursos recoge los requisitos necesarios para acceder a dichas medidas, así como los documentos necesarios para acreditar dichos requisitos.

A los efectos de acreditar que la unidad familiar está en el umbral de exclusión, Manuel deberá presentar en su entidad bancaria, entre otros, los siguientes documentos de cada miembro de la unidad familiar, así como de los avalistas del crédito hipotecario si los tiene, que en este caso los tiene.

Certificado de rentas expedido por la Agencia Estatal de Administración Tributaria o el órgano competente de la comunidad autónoma, certificado de percepción de pensiones emitido por la seguridad social al organismo pagador, certificado expedido por la entidad gestora de las prestaciones de desempleo y también un certificado acreditativo de los salarios sociales, rentas mínimas de inserción, Ingreso Mínimo Vital o ayudas análogas de asistencia social concedidas por el Estado, las comunidades autónomas y las entidades locales.

Manuel solicita a todos estos certificados ante las distintas administraciones el día 25 de octubre del año pasado. Todos fueron expedidos en... en el mismo día y sin coste alguno a excepción de los solicitados a este Concello que tardó más de 20 días en emitirlos, tras previo pago de las tasas correspondientes, que fueron 35 euros. 5 por cada uno de los certificados que tuvo que pedir.

Nos puede parecer una cantidad pequeña, pero para una familia vulnerable supone una tremenda falta de sensibilidad por parte de este Ayuntamiento, una administración que debiera de ser más cercana al ciudadano.

El retraso en la emisión de los documentos exige a Manuel también hacer una nueva solicitud al resto de las administraciones, ya que cuando recibe el certificado del Ayuntamiento el resto ya habían caducado.

Este es el caso de Manuel y es también el caso de otros muchos ciudadanos de Lugo que están pasando por similares circunstancias.

Lo que no puede suceder es que el Ayuntamiento de Lugo entorpezca y retrase trámites tan simples y esenciales y que lejos de ser una entidad colaborativa esté bloqueando y retrasando tramitaciones tan sensibles y tan urgentes.

Es por esto que el grupo municipal del Partido Popular presenta ante este pleno un ruego para que se agilicen los trámites y para que se lleven a cabo las medidas oportunas y las modificaciones necesarias en la normativa municipal para que la emisión de estos certificados sea gratuita para el ciudadano. Muchas gracias.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Por parte do goberno, a concelleira López Racamonde.

- **OLGA LÓPEZ RACAMONDE:** Bo día de novo. Mire, eu vólvelles comentar o mesmo que... No mesmo eido que lles contestei na resposta anterior. Xogar coa vulnerabilidade é a forma máis baixa de facer política. A máis baixa. Neste senso, as administracións, todas as administracións temos unha lexislación que cumprir e unhas obrigas coas que cumprir os propios cidadáns.

Afortunadamente, este cidadán, como moitos outros que se ven prexudicados pola suba das hipotecas, que os bancos ademais non se portan con eles como o Estado se portou cos bancos no seu momento, regalándolles diñeiro, contan cun beneficio hipotecario que lexislou o goberno que temos actualmente.

De feito, vostede fala da lexislación do 2012. A lexislación está modificada con beneficios ás persoas vulnerables no 2019 e mesmo no 2023 e que agora van entrar de novo no 2024.

Iso é realmente axudar ás familias vulnerables. Poñer prol delas os mecanismos para que eses prexuízos que poidan estar tendo dunha forma bastante pouco predecible pola propia guerra e que nos tocou vivir e que nos está tocando vivir. Iso si que é atender ao vulnerable. Vale? O demais é facer demagogia da vulnerabilidade das persoas. Que pasa? Que cando estamos nunha situación de vulnerabilidade somos moi susceptibles e moi débiles de cara a calquera trámite administrativo. E é moi fácil xogar con nós. É moi fácil xogar co vulnerable. O que é máis difícil é darlle solucións efectivas. E niso pódolle asegurar que este goberno e esta Concellería traballará sempre. Non poñendo trabas, que non se poñen trabas. Non é verdade o que vostede está a afirmar.

D) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 334/2023 DE REXISTRO DE PLENO, PARA MELLORAR A PUBLICIDADE E DIFUSIÓN DOS ACTOS CULTURAIS NAS ÁREAS DE CULTURA E TURISMO.

Visto o citado rogo cuxo teor é o seguinte:

Desde el Grupo Municipal del Partido Popular de Lugo Presentamos un decálogo para mejorar la publicidad y difusión de los actos culturales en las áreas de cultura y turismo:

1. Potenciar el uso de las redes sociales, publicando contenido atractivo en plataformas como Facebook Instagram, tic tok, haciendo publicidad de pago
2. Hacer convenios con las agencias de viaje locales, casas de turismo rural, pisos turísticos y así fortaleciendo la colaboración mutua.
3. Crear un blog dónde contenga destinos turísticos y actos culturales haciendo actualizaciones continuas

4. Eventos Interactivos, organizar festivales y actividades que involucren a los lucenses, ejemplo (Colegios, obras de teatro, corales etc.)

5. Programas de Lealtad con los consumidores habituales. Ofrecer incentivos para residentes y visitantes frecuentes., entradas gratuitas para los mayores y para los que tengan capacidades reducidas

6. Publicidad Local: hacer convenios con todos aquellos establecimientos que tengan pantallas digitales (clínicas Privadas, hospitales etc) hacer un estudio para el uso de vallas publicitarias.

7. Incrementar la publicidad con medios locales (Periódicos y emisoras de radio) para aumentar visibilidad. Importante incrementarlo en las redes sociales de los medios

8. Crear recorridos virtuales de lugares turísticos de interés, tour virtual

9. Boletines escritos y en formato digital enviando actualizaciones por correo electrónico a los locales de restauración, hoteles, agencias de viajes, casas de turismo rural y viviendas turistas

10. Involucrar a los lucenses mediante concursos de ideas, para fomentar participación y así generar un hábito para el consumo cultural

El Grupo Municipal del Partido Popular presenta un RUEGO A PLENO para que se tenga en cuenta el decálogo anteriormente expuesto para mejorar la publicidad y difusión de los actos culturales en las áreas de cultura y turismo.

DELIBERACIÓN

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Por parte do Partido Popular, señor Gallego. Tres minutos.

- **AGUSTÍN GALLEGO VIGO:** Si, bos días. Desde el grupo municipal del Partido Popular presentamos un decálogo para mejorar la publicidad y difusión de los actos culturales en las áreas de Turismo y Cultura. Paso a enumerar los puntos:

Punto 1. Potenciar el uso en redes sociales, publicando contenido atractivo en las plataformas, como pueden ser Facebook, Intagram, TikTok y, en estos casos, hacer publicidad de pago

Punto 2. Hacer convenios con agencias de viajes locales, casas de turismo rural, pisos turísticos y así fortaleciendo la colaboración mutua.

Punto 3. Crear un blog donde contenga distintos destinos turísticos y actos culturales, haciendo actualizaciones continuas.

Punto 4. Eventos interactivos, organizando festivales y actividades que involucran a los lucenses, por ejemplo en los colegios, en las compañías de obras de teatro, corrales, etc.

Punto 5. Programas de lealtad con los consumidores habituales. Ofrecer incentivos para residentes y visitantes frecuentes, así como entradas gratuitas para los mayores y para los que tengan capacidades reducidas.

ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refº: ispac3914544122590250579.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 28-12-2023

Puntos 6. Publicidad local. Hacer convenios con todos aquellos establecimientos que tengan pantallas digitales, como pueden ser clínicas privadas, hospitales, etcétera; y hacer un estudio para el uso llegado el momento de vallas publicitarias.

Punto 7. Incrementar la publicidad en los medios locales, bien periódicos o emisoras de radio, para así aumentar visibilidad. Es importante incrementarlo en las redes sociales de los medios.

Punto 8. Crear recorridos virtuales de los lugares turísticos de interés y hacer un tour virtual.

Punto 9. Boletines en papel y en formato digital, enviando actualizaciones por correo electrónico a locales de restauración, hoteles, agencias de viaje, casas de turismo rural y viviendas turísticas.

Y punto 10. Involucrar a los lucenses mediante concurso de ideas para fomentar y participar y así generar un hábito para el consumo cultural.

Muchas gracias.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Pois por parte do Goberno, a concelleira de Cultura.

- **TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN:** Moi bo día. Ao respecto do rogo que presenta o Partido Popular teño que dicirle que moitos dos puntos que se están aquí achegando e pedindo neste rogo, pois xa se están facendo, e, de feito, nunca houbo tantas actividades culturais en Lugo como hai agora e nunca tantas persoas participaron porque, efectivamente, hai un número importante de actividades para todos os gustos e para todas as idades.

Dicir tamén que, en canto ao dos bonos que vostedes solicitan, a ver, o feito de que haxa pensionistas e que haxa persoas con discapacidade non significa que todas esas persoas teñan poder, ou non poder mellor, unha situación económica que non lles permita ir ás actividades culturais, porque supoño que xa sabe que hai descontos para menores, para persoas pensionistas... Outro punto que xa se está cumprindo. Tamén dicir que, efectivamente, o feito de que haxa moitas actividades culturais é algo e que o goberno aposta e que desde logo non ten nada que ver co que vostedes emendaban nestes orzamentos que quitaban xusto a metade do orzamento para actividades culturais. Entón moito podemos publicitar, pero se non hai unha partida importante para facer actividades culturais. De todas formas, afortunadamente, a pesar súa, este orzamento aprobouse e vaise aplicar o ano que vén.

Tamén, sobre todo, moitos dos rogos, dos puntos dos rogos que solicitan, fala de mellorar a publicidade e difusión dos actos culturais da área de cultura e turismo. Efectivamente, iso tamén se está facendo, pero eu neste pleno pois vin que teñen un pouco de diferenzas entre o grupo popular entre unhas declaracións e outras, porque acabamos de escoitar na intervención dos orzamentos que a voceira do seu grupo pois dicía que non debíamos gastar tanto en publicidade e propaganda.

A ver, a publicidade hai que pagala e a propaganda tamén a hai que pagar. Entón se vostedes cren que pagamos moito en publicidade non sei como se pode e atender aos rogos que vostedes piden tamén.

E xa para rematar, eu pediríalles que participasen nas actividades culturais, que se acheguen por alí para velas e que tamén que miren, efectivamente, todas as redes, todas as páxinas que manexamos desde a área onde, puntualmente, hai unha axenda cultural, onde se recollen non só as actividades que se programan desde o Concello, senón actividades que se programan desde outras entidades privadas. E dicirilles tamén que, efectivamente, este ano imos ir outra vez a FITUR, tanto co Arde Lucus como tamén co San Froilán.

PREGUNTAS:

A) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 335/2023 DE REXISTRO DE PLENO, SOBRE A FINALIZACIÓN DAS OBRAS DO AUDITORIO DE MAGOI.

Visto o citado escrito, no que se formulan as seguintes preguntas:

O pasado mes de novembro preguntamos pola finalización das obras do Auditorio de Magoi, xa que estas deberían estar finalizadas.

O Grupo Municipal do Partido Popular presenta, ante este pleno, as seguintes preguntas:

1. Ten xa o Concello de Lugo o certificado de final de obra asinado por técnico titulado competente que acredite a conclusión das obras conforme ao proxecto de execución?
2. Cal será o procedemento para escoller o nome do auditorio?
3. Cal se estima que será a data de apertura? Con qué evento?
4. Cal será o modelo de xestión destas instalacións?

DELIBERACIÓN

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Por parte do Partido Popular, si? Señora ... Colmenero.

- **SILVIA COLMENERO GUZMÁN:** Muchas gracias, señora alcaldesa. Muy buenas a todos. Desde el Grupo Municipal del Partido Popular estamos francamente preocupados, y lo digo con el máximo respeto, por la lentitud y la parsimonia con la que el gobierno está gestionando la apertura y la puesta en funcionamiento del Auditorio de Magoi.

Una infraestructura, es importante recordarlo, que lleva construida desde el año 2016, que costó a la Xunta 25 millones de euros, que ha sido objeto de varios premios arquitectónicos, que está en manos del Concello desde mediados del año 2020.

Desde hace más de tres años. No es fácil entender que este edificio lleve cerrado tanto tiempo. Centrándonos en este año, en el 2023, sabemos, tras preguntar a las comisiones de octubre y de noviembre, que el edificio fue sometido a unas reparaciones, a unas modificaciones internas de mantenimiento, conforme a un proyecto, a un modificado de un proyecto. Que esas obras ya remataron el 3 de noviembre, que quedaba solo la expedición de dos documentos: certificado final de obra y acta de recepción. Que esos documentos, si todo se ejecutó conforme a proyecto, se redactan y se firman en un día y, por tanto es probable que hoy ya nos digan que ya los tienen. Sería genial. Sería perfecto.

Traemos a pleno esta cuestión, esperando que vayamos a tener ya buenas noticias y que nos va a decir una posible fecha de apertura, próximo modelo de gestión que tienen previsto, incluso si tienen en mente algún nombre para esta infraestructura.

Yo, particularmente, no soy muy optimista en vista de que hemos aprobado los presupuestos, que no contemplan ninguna partida específica para el Auditorio de Magoi. Ni para sus gastos de funcionamiento ni para actividad cultural alguna.

En todo caso, solicito a quien corresponda responder esta pregunta, que diga la verdad de lo que sucede a los lucenses sobre el Auditorio. ¿Por qué no se abre? Es nuestra responsabilidad trabajar, pero trabajar con sentido, estableciendo prioridades. Y también con diligencia. Hai que...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Por parte do goberno, señora Alvarellos

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Señora Colmenero, pois voulle dicir a verdade do Auditorio de Magoi.

Acabouse no 16, pero foi entregado no 20. Unha.

Dous, entregouse un auténtico queixo de Gruyere. Iso para empezar. Un auténtico queixo de Gruyere no que estamos aí a traballar. Ten mala información. A Xunta de Galicia non gastou 25 millóns de euros nel, porque os lucenses pagamos toda esa parte de dotacións internas, adiantou o diñeiro, pero nós eximímoslle de IVE para compensar e non ter que darllo, efectivamente.

Polo tanto, están bastante equivocados. Firmei eu as adendas, de IBI.

Polo tanto, é que minten ata niso. 25 millóns de euros. É unha mentira como unha catedral. Primeiro, entregaron esa é a pura verdade. O outro día na reunión co señor Rueda, na que estabamos a alcaldesa e mais eu transmitímoslle todo o que se lle vai reclamar á Xunta de Galicia. Levamos máis de 500 mil euros gastados nesa nesa obra, porque é un auténtico queixo de Gruyere.

Con vicios da construción moi graves, que os determinou un xuíz. Moi graves. Esa é a auténtica verdade.

Respecto á pregunta, porque di. Queremos saber a verdade. Respecto... Voume centrar xa na pregunta, porque esa é a verdade.

Respecto á pregunta, se ten o certificado de final de obra. Non o ten, porque non é necesario. Iso para empezar. Xa que isto non é unha obra privada, señora Colmenero. Esta é unha obra pública, o que se fai é unha acta de recepción da obra, polos técnicos, que a dirección facultativa que certifican que a obra se executou conforme ao proxecto. Intervenñen para o levantamento desa acta: Intervención, o órgano xestor, que neste caso é a xefatura de sección de Patrimonio e tamén o arquitecto municipal como unidade de seguimento, así como a empresa construtora. Si é certo o día 15 de novembro estaba previsto o levantamento da acta, pero a unidade de seguimento, o técnico municipal detectou determinadas deficiencias e pedíuselle á empresa 15 días máis para subsanar esas deficiencias, porque non nos vai volver a pasar, que nos intenten enganar dándonos as cousas en mal estado.

Despois, pois por unha serie de circunstancias, vacacións do xefe de sección, vacacións que coincidiron nese momento, non se pudo, pero estaba prevista para onte. Onte, era o día para o que estaba prevista, pero a intervención municipal foi citada por outras cousas e non puido acudir. Comunicounos que non podía acudir á intervención, por unha cousa que xurdiu no último momento e, polo tanto, antes dunha semanas estará recibido, pero senón xa estaba recibido onte, que era o último prazo que iamos establecer.

Respecto ás demais preguntas. Cal será o procedemento para escoller o nome? Cando se vai abrir? Vou remitirme á última intervención. Iso determinarao a nosa alcaldesa no momento que estea todo perfectamente rematado e a acta xa de recepción. E cando se acaben todas esas determinacións, desde a área de alcaldía se determinarán todas esas cuestión e comunicaremoslla o máis axiña posible.

B) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 336/2023 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN CO CARRIL BICI E O SEU TRAZADO E REGULACIÓN DE FUNCIONAMENTO.

Vistas as anteriores preguntas do seguinte teor:

Existe nesta cidade un mal denominado “Carril Bici”, xa que non existe unha ordenanza que o regule e non foi inaugurado.

O grupo Municipal do Partido Popular de Lugo presenta, ante este plenos, as seguintes preguntas:

1. Que ten previsto facer o Concello de Lugo con devandito Carril Bici?
2. Vai regular o seu funcionamento cunha ordenanza?
3. Ten previsto modificar o seu trazado nalgunhas zonas da cidade onde está a causar problemas?

DELIBERACIÓN

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Por parte do Partido Popular. Si, señor Rozas.

ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refº: ispac3914544122590250579.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 28-12-2023

- **ENRIQUE CEFERINO ROZAS:** Hola, buenos días. Nada, simplemente, desde el partido queremos saber qué tiene previsto hacer el Ayuntamiento de Lugo con el carril bici. Si va a estar regulado o no su funcionamiento por unha ordenanza y si tiene previsto modificar su trazado en alguna de las zonas de la ciudad donde está causando serios problemas.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, pois por parte do goberno, señora Alvarellos.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Pois, señor Rozas. O que imos facer é usalo. Iso é o que se vai facer co carril bici. Usalo. E fomentar o seu uso. Iso é o que imos facer.

Agora, o carril bicil, como sabe vostede, está recibido ao completo e atópase en garantía. Hai unha serie de danos que se teñen que arranxar, pero para executar estas reparacións maioritariamente son repintados e resulta preciso desprazar un equipo específico de pintura durante varios días seguidos e que non chova nada, porque se chove volverase levantar como xa sucedeu.

En canto á sinalización, xa está completa segundo o proxecto. É máis, completouse nalgún punto con sinais de apertura da porta holandesa, as aclaratorias das luces e semáforos de bicis, etcétera.

Con relación á ordenanza, na nova ordenanza de circulación, cuxo borrador está practicamente rematado, xa se inclúe a regulación das vías ciclistas, igual que a implantación da zona de baixas emisións, o uso de vehículos de mobilización persoal, é dicir, os chamados patinetes, e todos os cambios que foron xurdindo na mobilidade local neste tempo.

Paralelamente ao deseño, en entrada en vigor deste novo regulamento, poremos en marcha iniciativas para fomentar, como xa dicía, potenciar, o uso do carril bici, especialmente entre determinados colectivos, á vez que se está traballando en habilitar un servizo de aluguer de bicicletas.

Polo tanto, o que imos facer co carril bici é usalo. Finalmente, en canto ao trazado, vista a súa reiteración respecto a este tema, teño que recaer eu tamén nesa reiteración.

O itinerario da Senda Verde Ciclista elaborouse con criterios técnicos, exclusivamente técnicos, que obedecían á necesidade de transformar a mobilidade dos oito barrios que percorre dende o paseo do Miño, Parque Rosalía, Ronda do Carme, Fonte dos Ranchos, Lamas de Prado, a Vella, a Residencia e Camiño Real. No seu deseño, insisto, absolutamente técnico, primou a comodidade, a cohesión interna entre barrios e tamén con outras redes como a de transporte urbano.

A rectitude, tanto en distancia como en tempo, buscando o traxecto máis curto e o atractivo tamén da ruta, pero especialmente primou a seguridade dos ciclistas e tamén dos peóns, combinando carrís segregados de tráfico nas rúas con maior ancho, con varios de coexistencia, onde a velocidade máxima dos vehículos se reduciu ao 20%.

Insistir, porque creo que é moi importante, nese cambio de trazado, é un erro que cometen unha e outra vez desde que foron as eleccións de maio, unha e outra vez, unha e outra vez. Hai que insistir. Xente da campaña electoral, por máis que se lles repetimos, unha e outra vez, que isto non é posible, porque a parte do que lles acabo de explicar, poría en perigo o financiamento acadado para este proxecto, o que pon de manifesto o absoluto descoñecemento que teñen sobre este tema, sobre a xestión de fondos europeos. Un descoñecemento palmario e o que pode ser peor aínda, a súa incapacidade para asimilar conceptos. Polo tanto, iso é o que se vai facer co carril bici, usalo.

C) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 337/2023 DE REXISTRO DE PLENO, RELATIVAS Á PARCELA PARA UN NOVO CENTRO DE SAÚDE NO BARRIO DO SAGRADO CORAZÓN.

Vistas as devanditas preguntas expresivas do seguinte:

Dende o ano 2021 o Concello ten sen resolver a petición da Xunta de Galicia dunha parcela viable para que os veciños do barrio do Sagrado Corazón teñan un novo centro de saúde cuxa construción correrá a cargo da administración autonómica.

Nos últimos meses o Goberno local anunciou en repetidas ocasións que a parcela estará dispoñible de maneira inminente, pero o 5 de decembro, máis de dous anos despois da solicitude, en sede Parlamentaria o Conselleiro contestou que aínda non a tiñan.

O Grupo Municipal do Partido Popular presenta, ante este pleno, a seguinte pregunta:

1. Está finalizado o acordo de permuta entre o Concello e Abanca?
2. De ser así, en que fecha se asinou e en que consiste o acordo?
3. De no ser así, en que fecha se estima que estará asinado?
4. Está prevista a parte que se vai a ceder á Xunta para o centro de Saúde do Sagrado Corazón? Cando se prevé que será efectiva esa cesión?
5. Se os terreos do antigo Colexio do Sagrado Corazón xa son titularidade do Concello, Que se prevé facer coas pistas deportivas? Ten previsto o Goberno local abrilas en datas próximas para o uso dos veciños? Estudouse a posibilidade de abrir eses terreos para favorecer a accesibilidade dos edificios lindeiros afectados polas barreiras arquitectónicas do propio Concello?

DELIBERACIÓN

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Por parte do Partido... Si, agora si, señora Goás.

- **AURORA AIDA GOÁS CASTRO:** Buenos días a todas etodos. Dende o ano 2021, o Concello ten sen resolver a petición da Xunta de Galicia dunha parcela viable para que os veciños do barrio do Sagrado Corazón teñan un novo centro de

ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refº: ispac3914544122590250579.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 28-12-2023

saúde cuxa construción correrá a cargo da administración autonómica, da tan mencionada hoxe Xunta de Galicia.

Nos últimos meses o Goberno local anunciou en repetidas ocasións que a parcela estará dispoñible de maneira inminente, pero o 5 de decembro, máis de dous anos despois da solicitude en sede parlamentaria, o conselleiro contestou que aínda non tiñan a parcela para poder construír ese ansiado centro de saúde.

O grupo municipal do Partido Popular presenta ante este pleno as seguintes preguntas:

Está finalizado o acordo de permuta entre o Concello e Abanca? De ser así, en que data se asinou e en que consiste o acordo? Tamén nos gustaría saber en que data se estima que estará asinado se non o foi. Está prevista a parte que se vai ceder á Xunta para o Centro de Saúde do Sagrado Corazón, que neste momento está obsoleto, e tantos pacientes, que son os máis importantes, como os compañeiros sanitarios están sufrindo as súas deficiencias?

Cando se prevé que será efectiva esa cesión? Tamén quixeríamos saber se os terreos do antigo colexio do Sagrado Corazón xa son titularidade do Concello. Que se prevé facer coas pistas deportivas? Se teñen previsto abrílas en datas próximas para que as poidan usar os veciños. E tamén gustaríanos saber se se estudou a posibilidade de abrir eses terreos que están próximos aos edificios para favorecer a accesibilidade e poder...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Finalizou o seu tempo de intervención. Por parte do goberno, a señora Alvarellós. Ten a quenda de palabra.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Pois señora Goás. O día 14 deste mes, xa saíu en prensa porque mandamos un comunicado á prensa que xa se... Polo tanto, estas preguntas fanas o día 19. Polo tanto, xa lles comunicamos, nese momento xa está comunicado, que xa acabamos os tratos coa Fundación Abanca.

Como saben, é unha fundación. Había que esperar que se reunise o Padroado, pero iso xa o contei nunha comisión. Vou repetir o mesmo que xa dixen, pero bueno, polo tanto, o 14 comunicamos que xa se acabaron tal, que agora empezaba a segunda parte, que é o convenio a tres bandas, porque si que lle vou dicir unha cousa. Non nos vai pasar o mesmo que nos pasou co cuartel de San Fernando.

Esta vez imos asinar os tres á vez. Non nos vai pasar como a outra vez que o fixemos e cando lle tocaba traballar á Xunta de Galicia non fixo nada e nos quedamos con el.

Esta vez non. Vaise asinar un convenio a tres. Xa estiven en contacto cos servizos xurídicos, temos todo elaborado, xa hai un borrador. O mesmo día 14 desde a área de alcaldía puxéronse en contacto coa Consellería de Sanidade para que nos digan exactamente as necesidades que teñen. Nós temos alí varias parcelas e queremos saber os metros, en total, temos case 6.000 metros cadrados. Queremos saber exactamente que é o que quere.

Si que é certo que agora hai unha variable máis. Como saben, iso xa a respecto á última pregunta, temos coñecemento de que os vecinos, concretamente, tamén se publicou, a Asociación Porta de Lugo do Sagrado Corazón, piden que a Consellería de Política Social solicite ao Concello os espazos necesarios para un Centro Sociocultural, un Centro de día e unha residencia de maiores e dependentes.

Hai unha petición que se fai á Xunta de Galicia e nos comunica a nós. Entón nós estamos á espera. Porque non estaría mal, nós non o vemos mal. Queremos ver que determina a Xunta de Galicia, o mesmo que se fixo no barrio da Residencia e que se intente facer no barrio do Sagrado Corazón, naquelo que ten as súas competencias. Que se falla faga un centro social, que se fagan determinadas cousas de servizos sociais que creo... Para maiores, para dependencia, que estarían moi ben. Entón estamos un pouco á espera que nos digan, exactamente se é o que queren son 1537 metros cuadrados, que era do que se falara nun momento ou 6000 metros. Nese momento determinaremos.

Supoño que os próximos días nos dirán, o borrador está feito, polo tanto, é facer o convenio se queren tal e como se falara, faise, ou se van ampliar todo isto.

Esperemos que si, que a Xunta de Galicia sexa sensible a esa petición dos veciños e se fagan todas esas dotacións. É un barrio tan necesitado, como é o barrio do Sagrado Corazón. Se non fose así e a Xunta como non fose sensible a esa petición dos veciños, determinaremos que se farán con esas parcelas que teñen uso deportivo, e miraremos despois.

Imos esperar a ver que pasa, pero desde logo, vaise asinar a tres bandas. Nós xa cerramos o trato coa Fundación Abanca, que iso é o que quero dicirille. Xa cerramos o bo trato cos seus servizos xurídicos. Está todo perfectamente cadrado, pero queremos a sinatura a tres, para que non nos volva pasar o que nos pasou no cuartel de San Fernando.

Unha vez que tiñamos asinado co Ministerio, despois a Xunta de Galicia non cumpriu a súa parte.

Polo tanto queremos á xente sentada alí asinando todos á vez, porque nos pode pasar quedarnos con esas parcelas. Darlle unha parcela nosa e quedarnos nós con... E despois que a Xunta de Galicia faga o que fixo o cuartel de San Fernando. Polo tanto, imos asinar a tres. Estamos á espera de que a Xunta de Galicia nos dea esas necesidades.

D) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 338/2023 DE REXISTRO DE PLENO, SOBRE O INFORME DO COMITÉ CIENTÍFICO DA UNESCO SOBRE AS PISCINAS FLOTANTES NO RÍO MIÑO.

Vistas as referidas preguntas cuxo teor é o seguinte:

Recentemente coñeceuse o informe do Comité Científico da UNESCO que non avala a colocación de piscinas flotantes no río Miño.

O Grupo Municipal do Partido Popular presenta, ante este pleno, a seguinte pregunta:

1. Que ten previsto facer o Goberno?

DELIBERACIÓN

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** ... Por parte do Partido Popular. Si? Señora Candia.

- **MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ:** Visto que o Consello Científico do Comité Espanol da UNESCO dicía na súa valoración final do informe que leo en castelán, porque así está o informe:

"La transformación de un corredor fluvial que mantiene una importante naturalidad y diversidad en una zona de baño, playa fluvial, destinada a dar servizo a una poboación urbana, dificilmente puede ser considerada como una actividad positiva o compatible con los objetivos de conservación de una zona de núcleo. Por el contrario, constitúe una acción destrutiva sobre el corredor fluvial, cuyos efectos se prolongan más allá del área donde se ubica la zona de baño. A los efectos derivados de las instalacións de los pantalanos o piscinas flotantes, redución y alteración del hábitat fluvial, afección directa e indirecta sobre especies protegidas se unen las vinculadas con su explotación, incremento de ruido, pisoteo, residuos, facilitación de dispersión de especies exóticas invasoras, etcétera. Lo que obliga a considerar que los requerimientos para asegurar un estado de conservación favorable de los hábitats y las especies de flora e fauna que viven en el corredor ecológico fluvial no son compatibles con las que se plantea en una zona de baño".

Na última parte, advirte incluso, apuntando que o Concello como todos coñecemos "atesora tres espacios que han obtenido merecidamente una distinción especial de la UNESCO. Reserva de Biosfera Terras de Miño, Camino de Santiago, Catedral de Lugo. Conservar y proteger estos lugares para las generaciones actuales y futuros, sostenibilidad, acorde con los objetivos marcados en su declaración dificilmente se pueden lograr fomentando proyectos contrarios a los mismos, salvo que con ellos se pretenda poner en riesgo la continuidad de estas designaciones y apostar por un uso irracional e insostenible de los recursos naturales".

Ante isto, que ten pensado facer o goberno?

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, pois por parte do goberno, o concelleiro de Medioambiente.

- **MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ:** Un veciño ou visitante que pretenda darse un baño no Miño ao seu paso por Lugo disporá unicamente de dúas alternativas:

Un. Tratar de aproveitar un dos escasos espazos sen acondicionar, susceptibles de acceder ao río, pero sen dispoñer de ningún servizo e en moitos casos poñendo incluso en risco a súa integridade, ou, directamente, marchar de Lugo.

Nos concellos limítrofes, que se dispoñen de zonas acondicionadas. Río Chamoso no Corgo, Santa Isabel en Outeiro de Rei, o Neira en Baralla, Friol, Guitiriz, Vilalba,

etcétera. De aí que dende o Concello se leve tempo tratando de habilitar unha zona de baño gratuíta, cómoda, segura e con servizos.

Intentouse de todas as maneiras posibles. Na zona dos Robles, lugar que, en principio, podería cadrar mellor cos hábitos dos lucenses de achegarse ao río, pero que por máis que se intentou nunca foi autorizada. Basicamente dicían que por tratarse dunha zona núcleo da biosfera, pois tiña un alto nivel de protección.

En vista do cal e tras efectuárense numerosos estudos de viabilidade, optouse pola Tolda de Castilla, na que, a pesar de ser de menor protección ambiental, dispoñeremos dunha autorización para 25 anos, informe favorable da Confederación Hidrográfica, cumprimos todos os requisitos e incluso termos efectuado un importante investimento na adquisición da plataforma, tampouco foi autorizado pola Xunta de Galicia.

Na actualizade a zona terrestre está acondicionada, con mobiliario, aseos, parque infantil, etcétera, pero a Xunta impediunos instalar as piscinas flotantes que, por certo, existen en moitos outros lugares, incluído París.

Por máis que se aportou documentación e se prestaron alternativas como anclar os piares á terra en vez de ao leito do río, desprazar a estrutura uns metros, garantir tecnicamente para o traslado dos mexillóns.... Non foi posible. É máis, chegaron a suxerimos veladamente, primeiro a través dos medios e incluso antes de recibirmos a comunicación oficial, a conveniencia de trasladar a instalación fóra do propio municipio.

Agora, efectivamente, o Consello Científico da UNESCO vén de manifestarse en contra desa ubicación, nun informe que, ademais de non ser vinculante, foi elaborado sen solicitar ningún tipo de información ao Concello nin ter en conta, por tanto, os datos do estudo dun gabinete de auténtica referencia no sector que aportamos, os da fauna fluvial existente, que tamén achegamos, ou o informe elaborado polos máximos especialistas na materia da península, identificando os tramos de maior concentración de moluscos, a súa distribución, así como as potenciais zonas receptoras de exemplares, chegando incluso, nese informe, a criticar a existencia mesma do actual parque do Miño.

No Concello entendemos que a irrenunciable defensa do medio ambiente e a preservación da biodiversidade pode e debe ser compatible co uso racional do entorno natural e que ademais existen fórmulas que o garanten.

De aí que esteamos a valorar, e contéstolle, diferentes vías. Iniciar accións legais para determinar se a negativa da Xunta colisiona legalmente coa autorización previamente outorgada, reformular o proxecto inicial, a fin de solicitar novamente a instalación na zona da que recordemos o Concello ostenta a concesión por 25 anos ou, de ser o caso, incluso iniciar os trámites para a implantación nunha nova ubicación.

É dicir, seguiremos pelexando para que os veciños e veciñas de Lugo, dispoñamos da tan necesaria e tan demandada zona pública de baño. Nin máis nin menos como o resto das 507 zonas de baño espalladas por toda a comunidade. E como me sobra tempo e son o último, felices festas para todos e todas.

ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refº: ispac3914544122590250579.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 28-12-2023

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** ... E antes de finalizar a sesión plenaria, como dicía ao principio, a última deste ano quero, a pesar de que o último día que estivo compartindo con nós, foi o día de onte, pero si que é certo que estivo como órgano de apoio desta sesión plenaria, agradecerlle o traballo feito por Rafael José del Barrio, que, como ben supoño que saberán, pois marchou, trasladou para o Concello de Culleredo.

Agradecíamolle onte o traballo na Xunta de Goberno, que tamén participaba da mesma, pero, como digo, quero reiteralo hoxe aquí por formar parte tamén desta sesión plenaria.

E desexarlle pois moita sorte neste novo ano e neste novo reto e nesta nova etapa que inicia.

E, por outra banda, desexarvos a todos e a todas unha feliz saída do ano 23, que a crispación social que levamos vivido, que foi in crescendo, que se quede neste ano 2023, porque isto non contribúe a nada a mellorar o noso concello e que teñades e teñamos todos unhas felices festas e unha boa entrada no ano 2024, que desexo de corazón que no persoal sexa moi frutífero e na parte política, tamén. Polo ben da nosa cidade. Así que feliz ano e felices festas.

E non habendo máis asuntos de que tratar, a Excma. Sra. Alcaldesa dá por rematada a sesión, sendo as trece horas e cincuenta e cinco minutos do expresado día vinte e oito de decembro de dous mil vinte e tres, estendéndose esta acta que, de acordo co establecido no artigo 110.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, unha vez aprobada polo Excmo. Concello Pleno, transcribírase ó Libro de Actas. De todo o cal, eu, don Justo Díaz Rodríguez, Secretario Xeral do Pleno en funcións, dou fe.